3 DINAMISMO DO TECIDO PRODUTIVO

3.1. Estrutura produtiva

3.2. Demografía emprearial

3.3. Sector exterior

3.1. Estrutura produtiva

O presente apartado ten como obxectivo presentar unha fotografía da estrutura produtiva galega e da evolución e comportamento dos actores que a integran ao longo do ano 2022. Tal e como se sinala no capítulo 1, a elaboración desta memoria caracterízase novamente por un elevado grao de incerteza por mor de factores esóxenos como os novos brotes e confinamentos en importantes centros manufactureiros en China, o impacto da invasión rusa da Ucraína, a crise de abastecemento de insumos industriais, ou as fortes tensións inflacionistas polo incremento de prezos de materias primas e enerxía entre outros.

Tras o forte impacto negativo da crise económica orixinada pola pandemia en 2020, que se reflicte nunha caída interanual sen precedentes do PIB en Galicia do 8,9%, e a posterior reactivación da actividade económica no ano 2021 (5,2%), a economía galega presenta unha importante ralentización no ritmo de crecemento do PIB no ano 2022, que se sitúa no 3,8%, case dous puntos menos que no conxunto de España (5,5%). Tal e como amosan as contas económicas trimestrais (IGE), esta reactivación non é homoxénea nos diferentes sectores, xa que fronte ao dinamismo do sector servizos (5,8%) e, en menor medida, da construción e sector primario en Galicia (0,7% e 0,6%, respectivamente) e contráese a actividade produtiva no caso da industria (2%).


O devandito crecemento da actividade económica trasládase ao mercado de traballo, quen presenta unha medra da ocupación e unha redución do desemprego. Dunha banda, cómpre mencionar que as contas económicas de Galicia indican unha medra do número de postos de traballo equivalente do 2,2%, porcentaxe superior á estimada pola EPA ou as afiliacións (1,7% e 2,2%, respectivamente), sendo a medra do número de horas traballadas do 1,2%. Doutra banda, a redución do desemprego é do 10,6% no caso do paro rexistrado nas oficinas de emprego e do 4,5% segundo a EPA, descendendo a taxa de paro ata o 11% en 2022.

Segundo os datos das Contas económicas trimestrais do IGE, no ano 2022 o sector servizos xeraba o 66% do PIB galego, en tanto que o sector industrial supuña o 15,6% do PIB (10,9% a industria manufactureira) e a construción e o sector primario, o 5,6% e o 4,4% do PIB, respectivamente. O 8,4% restante corresponde aos impostos netos sobre os produtos. Comparado cos datos


PIB e emprego 2021-22: distribución segundo sectores económicos

	PIB (1)		Emprego (2)	
	2021	2022	2021	2022
	(taxas de variación interanuais)			
Total	**5,2**	**3,8**	**7,3**	**2,2**
Ramas Agricultura, gandaría, silvicultura e pesca	0,7	0,6	-1,5	-0,6
Ramas industriais	3,9	-2,0	5,7	1,5
Construción	-1,6	0,7	10,3	2,9
Servizos	6,5	5,8	8,2	2,5
Impostos netos sobre os produtos	4,8	2,9		

VEB por sectores económicos




Emprego por sectores económicos



(1) PIB a prezos de mercado (índices de volume encadenados); datos correxidos de efectos estacionais e de calendario (consulta: 27-02-2023)
(2) postos de traballo equivalentes a tempo completo
Fonte: IGE, *Contas económicas trimestrais*

3.1.1.

Especialicación produtiva por comarca. Ano 2020




Fonte: IGE, Producto interior bruto municipal.

MAPA 1.

do ano 2008 cómpre mencionar o incremento do peso relativo do sector servizos (60,2% do PIB), reducíndose lixeiramente o peso do sector primario e da industria (4,7% e 16,3%, respectivamente), e en moita maior medida a construción (10,8% do PIB en 2008).

Neste capítulo trataremos de estudar a estrutura produtiva galega, analizando os datos máis representativos da evolución de cada sector económico e das actividades que os integran, dende un punto de vista da actividade económica así como do emprego. Previo a analizar cada sector económico, preséntase un mapa onde se reflicte a importancia relativa das comarcas galegas en cada un dos sectores (último dato 2020).

Distribución porcentual do VEB do sector primario por comarcas. 2020



Fonte: Elaboración propia CES Galicia a partir do IGE.

MAPA 2.

Sector primario


O valor engadido bruto en termos reais das ramas agraria e pesqueira presenta no último ano unha medra interanual do 0,6%, unha décima menos que bo ano precedente. En termos nominais, esta porcentaxe sitúase no 10,4%, ascendendo o valor engadido bruto xerado polo sector (sen considerar as actividades industriais relacionadas) a 3.050,3 millóns de euros, manténdose o seu peso relativo no PIB galego no 4,4% do PIB galego (2,4% no conxunto do Estado).

A pesar do devandito crecemento da actividade económica, continúa o proceso de destrución do emprego no sector. Dunha banda, as contas económicas reflicten un descenso tanto dos postos de traballo equivalente a tempo completo (-0,6%) como en maior medida do número de horas traballadas (-3,2%). Tras esta evolución o sector primario concentra o 6,2% dos postos de traballo equivalente en Galicia (64.218 postos de traballo) e o 7,7% do número de horas, cando no ano 2019 estas porcentaxes ascendían a 6,8% e 8,6%, respectivamente. Doutra banda, a Enquisa de Poboación Activa reflicte un descenso da poboación ocupada no conxunto do sector primario (agricultura, gandería, caza e silvicultura, pesca e acuicultura), que acolle un total de 66.600 persoas no ano 2022, o que supón un 1,2% menos que no ano anterior (800 persoas menos). A devandita redución de emprego estimada concéntrase exclusivamente na rama pesqueira e acuícola (1.100 persoas; 5,4% menos que no ano anterior) o que contrasta coa medra da poboación ocupada na agricultura, gandaría, caza e silvicultura (300 persoas ocupadas máis; 0,6%). O número de horas traballadas descende tanto no ámbito agrario como pesqueiro (0,7% e 0,3%, respectivamente).

A produtividade do factor traballo por hora efectiva no sector primario en Galicia aumenta en 2022 ata os 21,65 euros (18,98 euros no ano anterior) derivado dunha medra do VEB e unha redución do número de horas. A produtividade no sector primario é notablemente inferior á do conxunto da economía galega (34,21 euros) manténdose o diferencial con respecto á media galega. No último ano este diferencial situábase en 12,56 euros fronte aos 12,62 euros de 2021.

As contas económicas anuais de Galicia proporcionan indicadores derivados con información detallada, entre outros, para o sector primario. Dunha banda, a capaci-

VEB e emprego no sector primario (1) (2)




(1) VEB pm, prezos correntes, en miles de euros; datos correxidos a efectos estacionais e de calendario (consulta: 27-02-2023)
(2) Os datos de emprego refírense a postos de traballo equivalentes a tempo completo

Fonte: IGE, *Contas económicas trimestrais*

3.1.2.

Contas de produción e explotación por ramas de actividade 2020. Sector primario.



Fonte: IGE. *Contas económicas de Galicia*

3.1.3.

Indicadores derivados para o sector primario.

	2000	2008	2013	2015	2016	2017	2018	2019	2020
Capacidade de crear valor (VEB/Produción) *(%)*									
Agricultura, gandaría, silvicultura e pesca	55,8	53,9	49,1	51,1	52,8	51,3	49,7	50,9	48,6
Total economía	47,4	45,0	46,8	47,3	48,1	46,7	46,9	47,1	46,8
Remuneración de asalariados/VEB (PIB para o total da economía) *(%)*									
Agricultura, gandaría, silvicultura e pesca	22,9	21,6	22,1	21,6	22,4	23,1	23,1	21,1	20,3
Total economía	45,8	46,4	45,9	44,7	44,1	43,8	44,0	45,3	47,3
Ratio de asalarización (Postos de traballo asalariados/Postos de traballo) *(%)*									
Agricultura, gandaría, silvicultura e pesca	16,4	27,9	32,4	38,9	37,8	36,9	41,2	40,1	39,1
Total economía	76,1	83,2	83,0	84,1	84,2	84,4	84,8	84,7	85,4
Produtividade aparente do traballo por hora efectiva *(euros)*									
Agricultura, gandaría, silvicultura e pesca	5,2	12,3	14,2	17,8	16,8	15,5	16,3	18,0	17,6
Total economía	16,9	25,6	27,9	29,6	30,3	30,9	32,3	32,6	34,1
Remuneración por hora efectiva asalariada *(euros)*									
Agricultura, gandaría, silvicultura e pesca	7,1	11,5	10,6	10,8	11,1	10,9	10,0	10,5	10,4
Total economía	10,8	15,0	16,3	16,5	16,7	16,8	17,5	18,2	19,7

Nota: Revisión Estadística 2019. Os datos son provisionais

Fonte: IGE. *Contas Económicas de Galicia* .

3.1.4.

dade para crear valor (VEB/produción), definida como as unidades de valor engadido xeradas por cada unidade monetaria de produción, mostra que no sector primario en Galicia, de cada 100 euros de produción en 2020 (último ano dispoñible) 48,6 euros de valor engadido, un valor superior ao nivel medio da economía (46,8 euros), o que indica que as actividades deste sector económico son máis intensivas en traballo e menos dependentes de inputs para a produción. A capacidade de crear valor do sector primario no devandito ano, **cadro 3.1.4.**, é significativamente inferior á de 2008 (53,9 euros de cada cen).

Malia que o sector primario é intensivo en traballo, a porcentaxe do valor xerado na actividade destinada á remuneración de persoas asalariadas é do 20,3%, menos da metade do rexistrado no conxunto da economía galega (47,3% de media), sendo esta porcentaxe inferior á estimada para 2008 (21,6%) e 2013 (22,1%).

A remuneración media por hora efectiva do traballo asalariado no sector primario ascende a 10,4 euros por hora en 2020, o que representa 9,3 euros menos que a remuneración media en Galicia, mentres que a taxa de asalarización do sector primario, medida como a relación porcentual entre os postos de traballo asalariado e os postos de traballo totais, sitúase no 39,1%, un punto porcentual inferior á do ano anterior, pero aínda 46,3 puntos menos que a media da economía en Galicia (27,9% ao comezo da crise económica fronte ao 83,2% na economía galega).

O **cadro 3.1.5.** mostra os datos referentes á distribución xeral da terra en Galicia no ano 2022. Dunha banda, os datos do Ministerio de Agricultura, Pesca y Alimentación amosan que a superficie agraria útil (SAU) aumenta no último ano ata as 836.719 hectáreas, 360 hectáreas máis que no ano anterior, das que o 57,1% corresponde a prados e pasteiros (477.443 ha) e as restantes 42,9% á superficie cultivada. Se a comparación se realiza coa distribución da superficie agraria no ano 2008, cómpre resaltar o descenso da SAU nun 2,7% (22.786 hectáreas menos) como consecuencia dunha redución de case un 10% no caso das terras de cultivo (38.665 hectáreas menos), mentres que aumenta a superficie adicada a prados e pasteiros un 3,1% (14.121 ha máis).

Tras esta evolución, a SAU representa en Galicia o 28,3% da súa superficie xeográfica, porcentaxe moi inferior á rexistrada no conxunto de España, cun 49,9%. A superficie cultivada mantense en Galicia no 12,1% da súa superficie xeográfica fronte ao 33,3% da media estatal, en tanto que os prados e pasteiros representan

Distribución xeral da terra en Galicia e España 2022 (1)

	Galicia			España			Galicia / España
	(en ha.)	*(% / total)*	*(% / sup. agraria útil)*	*(en ha.)*	*(% / total)*	*(% / sup. agraria útil)*	*(%)*
Superficie Agraria Útil	**836.716**	**28,3**	**100**	**25.241.479**	**49,9**	**100**	**3,3**
Superficie cultivada	**359.273**	**12,1**	**42,9**	**16.830.738**	**33,3**	**66,7**	**2,1**
Cereais gran	32.724	1,1	3,9	5.946.066	11,8	23,6	0,6
Leguminosas gran	795	0,0	0,1	326.706	0,6	1,3	0,2
Tubérculos consumo humano	11.199	0,4	1,3	53.160	0,1	0,2	21,1
Industriais	186	0,0	0,0	1.121.550	2,2	4,4	0,0
Forraxeiras	226.786	7,7	27,1	964.668	1,9	3,8	23,5
Hortalizas e flores	2.547	0,1	0,3	231.852	0,5	0,9	1,1
Barbeitos	17.036	0,6	2,0	2.665.264	5,3	10,6	0,6
Frutais cítricos	176	0,0	0,0	309.320	0,6	1,2	0,1
Frutais non cítricos	19.762	0,7	2,4	1.285.421	2,5	5,1	1,5
Viñedos	25.041	0,8	3,0	948.024	1,9	3,8	2,6
Olivares	59	0,0	0,0	2.768.267	5,5	11,0	0,0
Outros cultivos leñosos	1	0,0	0,0	43.265	0,1	0,2	0,0
Viveiros	487	0,0	0,1	21.167	0,0	0,1	2,3
Invernadoiros baleiros	32	0,0	0,0	37.003	0,1	0,1	0,1
Hortos familiares	22.442	0,8	2,7	109.008	0,2	0,4	20,6
Prados e pasteiros	**477.443**	**16,1**	**57,1**	**8.410.741**	**16,6**	**33,3**	**5,7**
			(% / sup. forestal)			*(% / sup. forestal)*	
Superficie forestal	**1.797.954**	**60,8**	**100**	**19.483.471**	**38,5**	**100**	**9,2**
Chopo	1.063	0,0	0,1	115.998	0,2	0,6	0,9
Pawlonia	4	0,0	0,0	1.376	0,0	0,0	0,3
Carrasca trufeira	-	-	-	16.063	0,0	0,1	-
Coníferas	301.653	10,2	16,8	5.650.938	11,2	29,0	5,3
Frondosas crecemento lento	323.510	10,9	18,0	4.633.048	9,2	23,8	7,0
Frondosas crecemento rápido	306.140	10,4	17,0	722.158	1,4	3,7	42,4
Coníferas e frondosas	267.478	9,0	14,9	1.799.137	3,6	9,2	14,9
Matorral	598.106	20,2	33,3	6.544.753	12,9	33,6	9,1
			(% / outras sup.)			*(% / outras sup.)*	
Outras superficies	**323.061**	**10,9**	**100**	**5.872.765**	**11,6**	**100,0**	**5,5**
Erial	-	-	-	834.908	1,7	14,2	-
Espartizal	-	-	-	220.036	0,4	3,7	-
Baldío	51.164	1,7	15,8	916.140	1,8	15,6	5,6
Improdutivo	32.912	1,1	10,2	739.979	1,5	12,6	4,4
Non agrícola	220.190	7,4	68,2	2.535.243	5,0	43,2	8,7
Augas interiores	18.795	0,6	5,8	626.460	1,2	10,7	3,0
Superficie total	**2.957.730**	**100**		**50.597.715**	**100**		**5,8**

(1) datos provisionais

Fonte: Ministerio de Agricultura, Pesca y Alimentación. *Encuesta sobre superficies y rendimientos de cultivos*

3.1.5.

o 16,1% (16,6% en España). No devandito ano 2008, o peso relativo da superficie agraria útil é do 29,1%, oito décimas máis que en 2021, en tanto que a terra de cultivo supuña o 13,5%, case punto e medio superior á do último ano.


Pola contra, a superficie forestal representa o 60,8% da superficie total galega fronte ao 38,5% no conxunto do Estado (60,6% e 36,7%, respectivamente no ano 2008).

Mentres que a superficie total de Galicia representa o 5,8% da superficie española, a importancia relativa da superficie forestal é do 9,2%, moi por riba do 3,3% que representa a SAU (a superficie cultivada supón o 2,1% e os prados e pasteiros o 5,7%).

Subsector agrogandeiro

A elevada parcelación da superficie agraria en Galicia

Distribución xeral da terra 2004-2022 (1)



Fonte: Ministerio de Agricultura, pesca y alimentación: Encuestra sobre superficies y rendimientos cultivos

3.1.6.

impulsa a aumentar a produción de forraxes para mellorar a competitividade do sector agrogandeiro, o que determina que a superficie agraria útil en Galicia oriente a súa produción cara a cultivos relacionados coa alimentación animal. Dunha banda, o 27,1% da SAU destínase á produción de cultivo forraxeiro fronte ao 3,8% en España; por outra banda, a superficie dedicada a prados e pasteiros supón o 57,1% da SAU (33,3% no conxunto do Estado). No ano 2008, o cultivo forraxeiro concentra en Galicia o 29,4% da SAU e os prados e pasteiros o 53,7% (3,4% e 31,1% no conxunto do Estado).

Segundo os datos proporcionados pola base ao Sistema Integral de Trazabilidad Animal (SITRAN), Galicia presenta en 2022 un forte descenso do número de explotacións. A un de xaneiro de 2023 o número de explotacións en alta ascende a 86.837 explotacións, o que supón 8.595 menos que na mesma data do ano anterior (-9%), das que 79.793 corresponden a explotacións dedicadas a produción e reprodución (91,9%), o que supón un descenso do 8,9% respecto á mesma data do ano precedente (7.734 explotacións menos). Atendendo ao peso relativo no total estatal, Galicia acolle o 17,2% das explotacións en alta fronte ao 18,7% na mesma data de 2022.

Segundo a tipoloxía de explotación, **cadro 3.1.7.**, cómpre resaltar a importancia do sector bovino, con 32.740 explotacións, o que representa o 24% das explotacións do sector en España, ascendendo o número de reses a case 950.000, o 14,4% do total estatal. Entre o gando bovino o destinado ao leite ascende a 5.998 explotacións, máis da metade das explotacións españolas de leite, e as destinadas á carne, as máis numerosas de Galicia, con 19.582 explotacións, o 23,3% do total. Comparado co ano anterior cómpre resaltar o descenso do 16,6% no caso das explotacións de carne, e do 7,4% nas de leite (3.895 e 481 explotacións menos, respectivamente). Xunto ás explotacións do gando bovino, as destinadas a gando porcino sitúase nas 28.522 explotacións (33,4% do total español), superando as

Número de explotacións segundo diferentes categorías que definen a súa tipoloxía 2021-22 (1)

2022

	Galicia		Galicia/España	
	Explotacións	Censo	Explotacións	Censo
			(%)	
Bovino	32.740	948.524	24,0	14,4
Carne	19.582		23,3	
Cebo	6.214		34,2	
Leite	5.998		50,8	
Mixta	390		7,2	
Recría Novillas	108		20,5	
Outras	448		2,7	
Porcino	28.522	1.527.688	33,4	5,0
Cabrún	18.060	43.592	25,1	1,7
Ovino	18.060	162.651	16,2	1,1
Apicultura (Colmeas)	5.069	220.961	13,8	7,1
Equino	17.414	45.650	9,3	7,2
Galiñas	1.111	31.029.713	14,8	9,4
Pavos	318	5.414.740	16,5	32,9
Patos	42	282	4,1	0,0
Coellos	203	814.690	5,3	16,1

2021

	Galicia		Galicia/España	
	Explotacións	Censo	Explotacións	Censo
			(%)	
Bovino	40.610	949.484	28,1	14,1
Carne	23.477		26,6	
Cebo	9.524		45,2	
Leite	6.479		51,1	
Mixta	460		8,2	
Recría Novillas	105		20,5	
Outras	565		3,5	
Porcino	29.318	1.568.573	33,6	5,0
Cabrún	20.475	46.943	27,5	1,8
Ovino	20.475	193.399	18,1	1,2
Apicultura (Colmeas)	4.883	205.406	13,5	6,6
Equino	20.142	51.699	10,3	8,1
Galiñas	1.143	103.941.829	14,9	21,9
Pavos	323	5.044.698	17,1	31,6
Patos	42	226	4,2	0,0
Coellos	230	1.005.191	6,0	19,0

(1) Datos a 1 xaneiro de 2022 e 2023

Fonte: Sistema Integral de Trazabilidad Animal (SITRAN)

3.1.7.

Produción de leite de vaca en explotacións nas CC.AA. 2021-22 (1)

		2022			2021			22/21	
		Galicia	España	G/E	Galicia	España	G/E	Galicia	España
				(%)			(%)		
Ganadeiros con entregas	(2)	6.190,6	11.015	56,2	6.572,8	11.776	55,8	- 382	- 761
Produción	*(miles de Tm)*	2.971,5	7.323,7	40,6	2.988,3	7.477,2	40,0	- 17	- 154
Entregas mesma comunidade	*(%)*	67,0	70,0		67,0	70,0			
Entregas outra comunidade		33,0	30,0		33,0	30,0			

(1) Vendas á industria (entregas declaradas polos compradores); datos provisionais

(2) Gandeiros mes, media anual.

Fonte: Ministerio de Agricultura, Pesca y Alimentación, Dir. Gral. de Producciones y Mercados Agrarios.

3.1.8.


Prezo medio do leite en Galicia e España 2010-22(1)

	2010	2013	2020	2021	2022
	(en céntimos por litro)				
Galicia	28,90	34,90	32,30	33,30	45,30
España	30,20	35,30	33,20	34,20	46,40
Diferencial Galicia / España	-1,30	-0,40	-0,90	-0,90	-1,10

(1) prezos medios ponderados sen impostos
Fonte: Consellería do Medio Rural

3.1.9.

Evolución do prezo do leite 2022 (1)



(1) Os datos de Galicia mídense en €/100 litros e o resto en euros/100 kg
Fonte: European Comision, *Milk Market Observatory* e Consellería do Medio Rural, *FOGGA*

3.1.10.

17.000 as explotacións de cabrún (25,1% do total estatal), ovino (16,2%) e equino (9,3%).

O sector agrogandeiro galego caracterízase por estar orientado fundamentalmente á produción de leite de vaca, rexistrando caídas continuadas no número de produtores ao mesmo tempo que aumenta, con carácter xeral, o seu volume de produción.

Dunha banda, o número de gandeiros con entrega de leite en Galicia descende ata os 6.190,6 (media anual), o que supón unha redución 382 gandeiros respecto ao ano anterior (5,8%). A importancia deste sector ponse de manifesto no seu peso relativo no total estatal, xa que Galicia concentra o 56,2% dos gandeiros con entregas en España, situándose en segundo lugar Asturias, cun 12,5%.

Doutra banda, as entregas de leite declaradas en Galicia polos compradores redúcese no último ano un 0,6%, sendo esta caída significativamente inferior á rexistrada de media no Estado (2,1%). O volume de leite producido acada as 2.971,5 miles de toneladas, o 40,6% da produción total de leite do Estado, e sitúa á Comunidade Autónoma como a primeira produtora seguida de Castela e León, que concentra o 12,6% do volume de produción total en España.

O 67% das entregas de leite galegas permanecen na propia Comunidade Autónoma, dirixíndose o resto ás outras CC.AA. españolas. De media, no conxunto do Estado o 70% das entregas teñen como destino as mesmas comunidades autónomas onde se realizan as mesmas.

Cotizacións e mesas de prezos 2021-22. Resumo anual

		2022 (1)				
		A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Total
Becerros < 1 ano	€/100 Kg vivo	276,88	276,88	276,88	276,88	276,88
Vacún maior		188,25	185,25	185,25	185,25	186,00
Año leitón		534,75	534,75	534,75	534,75	534,75
Cabrito leitón		570,00	570,00	570,00	570,00	570,00
Porcos de cebo		148,13	144,50	144,50	144,50	145,41
Polo de granxa		122,00	122,00	122,00	122,00	122,00
Coello		-	-	-	-	-
Ovos de galiña (L)	€/cabeza	162,50	160,38	160,38	160,38	160,91
Vacas de leite		1.953,54	1.925,42	1.925,42	1.925,42	1.932,45
Xovencas de leite		1.131,80	1.129,42	1.129,42	1.129,42	1.130,02
Becerros (1-3 semanas)		316,00	316,00	316,00	316,00	316,00
Ovellas		107,50	107,50	107,50	107,50	107,50
Cabras		-	-	-	-	-
Leitóns		-	-	-	-	-
Leite	€/100 l	45,42	45,42	45,42	45,42	45,42

		2021				
		A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Total
Becerros < 1 ano	€/100 Kg vivo	257,44	257,44	257,44	257,44	257,44
Vacún maior		119,08	119,08	119,08	119,08	119,08
Año leitón		450,25	450,25	450,50	450,50	450,38
Cabrito leitón		508,92	508,92	508,92	508,92	508,92
Porcos de cebo		124,85	124,85	126,11	126,11	125,48
Polo de granxa		104,62	104,62	104,62	104,62	104,62
Coello		32,19	37,46	37,46	32,12	34,81
Ovos de galiña (L)	€/cabeza	128,15	128,15	128,15	128,15	128,15
Vacas de leite		1.898,22	1.898,22	1.898,22	1.898,22	1.898,22
Xovencas de leite		1.129,60	1.129,60	1.129,60	1.129,60	1.129,60
Becerros (1-3 semanas)		262,13	262,13	262,13	262,13	262,13
Ovellas		100,00	100,00	100,00	100,00	100,00
Cabras		-	-	-	-	-
Leitóns		41,25	41,25	41,25	41,25	41,25
Leite	€/100 l	33,33	33,33	33,33	33,33	33,33

(1) Datos de xaneiro a agosto

Fonte: AGACAL

3.1.11.

O prezo medio ponderado sen impostos por litro de leite percibido polo produtor (**cadro 3.1.9.**) aumenta significativamente en 2022 tanto en Galicia como en España, acadando no último ano os 45,30 céntimos e 46,40 céntimos por litro, respectivamente. Atendendo á súa evolución ao longo dos últimos anos cómpre mencionar que en 2010 o prezo do leite era significativamente inferior, ascendendo a 28,90 céntimos por litro.

A evolución mensual do prezo do leite (**cadro 3.1.10.**) mostra resultados semellantes en Galicia e España, sendo os prezos moito máis elevados no conxunto da UE-27 ao longo de todo o ano agás en decembro. En relación á evolución en Francia, cómpre indicar que os prezos en Galicia e España superan aos franceses a partir do mes de xullo.

Ademais do prezo da leite cómpre facer referencia á evolución dos prezos dos principais produtos gandeiros. Dunha banda, o prezo da vaca de leite aumenta nun 1,8%, acadando os 1.932,45 euros por cabeza, o valor máis elevado dos últimos anos. Asemade, o prezo do porco de cebo, tras unha caída superior ao 70% en 2021, aumenta un 15,9% (**cadro 3.1.11.**), rachándose a tendencia descendente dos últimos anos no caso dos

Sector vitivinícola 2022: distribución segundo Denominación de Orixe

2021

	Monterrei	Rías Baixas	Ribeira Sacra	Ribeiro	Valdeorras	Barbanza e Iria	Betanzos	Ribeiras do Morrazo	Val do Miño	Galicia
Superficie inscrita *(ha)*	691,0	4.321,0	1.267,0	1.281,0	1.145,0	8,2	7,0	8,6	10,5	**8.739,3**
Viticultores	362	5.011	2.217	1.643	1.024	12	8	18	7	**10.302**
Industrias	28	179	95	101	43	5	6	5	3	**465**
Produción *(Kg)*	6.465.315	40.904.676	6.060.173	10.331.091	6.481.991	54.429	24.101	67.283	52.930	**70.441.989**
Viño cualificado *(litros)*	4.711.600	28.304.853	3.852.036	6.990.825	4.651.978	31.228	8.187	27.470	22.400	**48.600.577**
Valor económico *(euros)*	22.333.000	190.775.000	21.854.000	30.967.000	32.472.000	125.000	33.000	110.000	90.000	**298.759.000**

Fonte: Conselleria do Medio Rural.

3.1.12.

prezos de becerros de menos dun ano, vacún maior, año e cabrito leitón.

Subsector vitivinícola

Fronte ao significativo aumento no volume de produción de viño nas Denominacións de Orixe (DO) galegas na campaña de 2021, a vendima acadou en 2022 un total de 70,4 millóns de quilos de uva (3,4 millóns de quilos menos que na campaña de 2021), o que supón unha redución do 4,6%.

Fronte a devandita caída no volume de produción, rexístrase unha medra na colleita de viño cualificado, que aumenta un 1,7% e acada os 48,6 millóns de litros, incrementándose de xeito paralelo o seu valor económico ata os 298,8 millóns de euros, un 6,4% máis que en 2021.

Analizando as diferentes DO, o **cadro 3.1.12.** mostra como a DO Rías Baixas concentra case a metade dos viticultores e da superficie inscrita (48,6% e 49,4%, respectivamente). Esta DO xunto coa da Ribeira Sacra e Ribeiro concentran o 86,1% dos viticultores e o 78,6% da superficie inscrita totais de Galicia.

A DO Rías Baixas é a que presenta uns indicadores tanto de produción como de valor económico máis elevados. Dunha banda, conta cunha superficie inscrita de 4.321 ha (49,4% do total galego), 5.011 viticultores (48,6% do total) e 179 empresas (38,5%). Doutra, a produción ascende a 40,9 millóns de quilos (58,1% do total) e o seu valor económico é de 190,8 millóns de euros (63,9%).

No que respecta ao incremento da produción e valor económico da mesma en relación á campaña de 2019, previa á crise económica da covid, este non se produce de xeito homoxéneo entre as distintas Denominacións de Orixe. Dunha banda, fronte ao forte incremento da produción rexistrado na DO Rías Baixas (8,5 millóns; 26,2%), e en menor medida na DO Monterrei (831 miles de quilos; 14,7%), a DO de Ribeiro presenta unha significativa redución, cun descenso do 14,1% (1,7 millóns de quilos menos), sendo esta caída do 16,5% no caso da Ribeira Sacra (1,2 millóns). No que ás Indicacións Xeográficas Protexidas (IXP) se refire, cómpre sinalar o incremento da produción superior ao 35% no caso da IXP Ribeiras do Morrazo e en torno ao 25% nos casos das IXP de Barbanza e Iria e do Val do Miño.

En termos monetarios, o anteriormente citado incremento no valor económico conxunto das DO en Galicia deriva fundamentalmente da medra de máis de 48,5 millóns de euros na DO Rías Baixas (34,1%), seguida a distancia pola DO Valdeorras, con 13,2 millóns de euros máis (68,2%).

Agricultura ecolóxica

Por agricultura ecolóxica enténdese aquel sistema de produción de alimentos baseado no respecto ao medio ambiente, no benestar animal e no mantemento e mellora da fertilidade do solo.

Segundo os datos publicados polo Consello Regulador da Agricultura Ecolóxica de Galicia (Craega) no ano 2021, último dato publicado, aumenta o número de hectáreas certificadas en Galicia un 0,5% (descendera un 7,7% no ano anterior), acadando as 32.209 ha. Comparado co rexistrado no ano 2010, a superficie cultivada medra un 127% (14.167 ha nese ano). Este incremento de 153,2 ha é consecuencia do incremento experimentado en Ourense (222,6 ha máis; 2,4%), Pontevedra (118,1 ha; 5,6%) e A Coruña (60,8 ha; 1,6%), o que contrasta coa redución experimentada en Lugo, cunha caída interanual de 1,5%, o que supón 248,2 hectáreas menos. A pesar desta evolución, a provincia de Lugo é a que presenta o maior número de hectáreas dedicadas a produtos ecolóxicos, con 16.606,2 ha, o que supón o 51,6% das ha. certificadas en Galicia, ascendendo en Pontevedra ata as 9.626,8 hectáreas (29,9% do total). En conxunto, ambas provincias concentran no ano 2021 o 81,5% da superficie total dedicada á agricultura ecolóxica.

Atendendo á súa distribución segundo tipo de cultivo, o 74,5% da superficie inscrita está dedicada a pastos permanentes, con 23.987,4 ha. Séguenlle os cultivos permanentes (froiteiras, viñedos, froitos secos e oliveiras), cun 19,7% (6.341,1 ha), entre os que destaca a superficie dedicada a castañas. En relación ao ano anterior aumenta a superficie dedicada a pastos permanentes, con 531,6 hectáreas máis (2,7%), reducíndose por contra tanto a centrada en cultivos permanentes, con 253,6 hectáreas menos (3,9% inferior) como a terras arables, con 101,8 ha menos (5,1%).

Atendendo á distribución segundo tipo de operador, a provincia de Lugo é a máis numerosa en canto á produción, con 365 operadores, o 36,6% dos operadores industriais, salientando Pontevedra no ámbito da elaboración e comercialización, con 126 operadores (35,6% do total).

En termos monetarios, o valor da produción controlada polo Craega medrou en 2021 un 4,3%, acadando os 113 millóns de euros (4,6 millóns máis que no ano precedente). A produción animal é a que máis volume de ventas certificadas obtiveron, con 63,1 millóns de euros (53,1%), entre as que destacan o leite, con 39,3 millóns (un 2,9% máis que no ano precedente) e a carne e derivados e as conservas de peixe, cun volume de vendas de 16,6 e 14,5 millóns de euros, respectivamente. Estes tres produtos concentran o 62,3% do valor total en 2021.

Subsector mar-industria

Para coñecer o número de embarcacións operativas en Galicia tomamos como referencia o Rexistro de buques pesqueiros da Comunidade Autónoma, no que deben incluírse as embarcacións pesqueiras e auxiliares das listas terceira e cuarta do Rexistro de matrícula de buques con porto base en Galicia que estean operativas. Un ano máis descende o número de embarcacións operativas con porto base en Galicia, de xeito que a 31 de decembro de 2022 había un total de 4.232 embarcacións de pesca extractiva e marisqueo (terceira lista), 28 buques menos que na mesma data do ano anterior. Os datos do Rexistro de buques de Galicia reflicten que o número de embarcacións auxiliares de pesca e acuicultura (cuarta lista) aumenta en 16 embarcacións, acadando os 1.289 buques.

O sinalado descenso da frota pesqueira explícase pola redución de 30 embarcacións no caladoiro nacional (Cantábrico-Noroeste), acadando os 4.058 buques, e en menor medida do número de buques que faenan en pesqueiras comunitarias, con 70 buques, tres menos que no ano anterior. Por contra, as pesqueiras internacionais contan con cinco embarcacións máis, acadando os 104 buques. O maior número de buques rexistrados na frota pesqueira galega son os de artes menores, cunha cifra de 3.766 embarcacións (22 menos que no ano precedente), embarcacións de pequeno porte, que se dedican a unha pesca multiespecífica con diferentes artes que utilizan en función da especie obxectivo.

A maior parte das embarcacións pesqueiras teñen o seu porto base na denominada zona III Arousa (39%), seguida polas zonas I-Vigo (15,3%) e IV-Muros (14,8%). No que respecta ás embarcacións auxiliares de pesca e acuicultura, as devanditas 1.289 embarcacións rexistradas están principalmente concentradas na zona

Actividade pesqueira e marisqueira 2008-22: distribución segundo grandes grupos de especies (1)

	Produción						
	2008	2013	2019	2020	2021	2022	22/21
				(Kg.)			(%)
Total	**173.568.727**	**163.434.160**	**158.167.314**	**150.256.142**	**132.782.506**	**134.342.438**	**1,2**
Algas	82.213	160.553	404.560	432.150	598.628	691.073	15,4
Bivalvos	11.259.129	6.980.915	9.828.890	6.481.257	7.087.721	7.556.449	6,6
Cefalópodos	9.851.795	14.519.150	4.177.617	3.185.312	7.031.109	15.064.394	114,3
Crustáceos	1.580.872	939.487	1.203.796	1.210.026	1.431.121	1.461.619	2,1
Equinodermos	747.949	596.989	831.713	722.807	856.675	729.412	-14,9
Gasterópodos	14.840	4.582	2.797	1.809	2.046	1.273	-37,8
Peixes	149.825.735	139.941.798	141.417.974	138.006.011	115.558.532	108.591.373	-6,0
Poliquetos	1.958	4.567	5.525	3.597	3.875	4.671	20,5
Resto das descargas	204.236	286.118	294.441	213.174	212.799	242.174	13,8

	Valor						
	2008	2013	2019	2020	2021	2022	22/21
				(euros)			(%)
	451.323.010	**413.422.055**	**464.888.248**	**412.960.344**	**424.955.237**	**437.497.606**	**3,0**
Algas	50.615	97.537	336.500	337.347	421.091	542.913	28,9
Bivalvos	77.724.439	51.072.934	88.060.891	66.529.423	74.067.895	70.904.327	-4,3
Cefalópodos	26.963.373	30.386.372	25.942.677	17.588.523	29.097.892	46.112.670	58,5
Crustáceos	30.213.875	16.160.722	21.134.515	19.312.413	22.957.911	23.405.314	1,9
Equinodermos	1.987.498	1.823.495	6.028.382	5.511.323	7.142.307	7.717.539	8,1
Gasterópodos	32.146	14.899	30.717	18.844	32.169	22.811	-29,1
Peixes	313.561.026	313.002.429	322.161.936	302.731.731	290.055.508	287.440.811	-0,9
Poliquetos	40.899	234.569	324.309	209.013	245.802	270.724	10,1
Resto das descargas	749.138	629.098	868.321	721.726	934.662	1.080.496	15,6

(1) Datos definitivos ata 31 decembro 2021. Os de 2022 son provisionais ata consolidación estatística. Consulta: 13-2-23

Fonte: Consellería do Mar.

3.1.13.

Actividade pesqueira e marisqueira 2021-22: produción e ingresos xerados pola primeira venda nas principais lonxas

	Produción			Valor		
	2022		22/21	2022		22/21
	(en kg.)	(%)	(%)	(en euros)	(%)	(%)
Vigo	23.588.420	17,6	-6,5	91.874.206	21,0	4,4
A Coruña (Lonja Coruña, S.A.)	27.678.102	20,6	-1,6	64.860.359	14,8	0,5
Burela	16.542.471	12,3	-13,0	63.176.171	14,4	-5,7
Celeiro	13.936.081	10,4	4,0	48.875.221	11,2	13,0
Ribeira	24.507.589	18,2	9,4	40.238.905	9,2	6,6
Noia	1.717.611	1,3	1,5	12.694.915	2,9	-13,0
Carril	911.517	0,7	1,7	9.179.027	2,1	8,6
O Grove	683.297	0,5	-4,0	8.105.753	1,9	-5,4
Cambados	1.236.988	0,9	15,5	7.622.170	1,7	-5,5
Cedeira	981.593	0,7	6,3	6.227.570	1,4	6,0
Campelo	463.220	0,3	-11,0	5.263.887	1,2	-25,3
Cangas	421.310	0,3	14,9	4.522.412	1,0	6,8
Malpica	1.721.236	1,3	15,5	4.425.898	1,0	21,3
Portosín	4.352.181	3,2	13,2	4.394.522	1,0	10,2
Camariñas	2.758.787	2,1	13,2	4.338.089	1,0	26,6
Marín	1.861.575	1,4	26,4	4.272.032	1,0	20,1
A Illa de Arousa	585.826	0,4	-9,8	4.234.869	1,0	-12,2
Muros	981.003	0,7	-19,5	4.153.622	0,9	5,7
Cabo de Cruz	337.810	0,3	16,5	4.140.997	0,9	-0,5
Rianxo	605.568	0,5	146,7	4.006.266	0,9	154,9

Consulta: 14-02-2023

Fonte: Consellería do Mar

3.1.14.

Valor da produción acuícola en Galicia 2020-21: distribución segundo destino xeográfico

	2021	2020
	(en miles de euros)	
Total	**249.203,0**	**183.712,8**
Mesma Comunidade Autónoma	144.379,5	117.380,3
Distinta Comunidade Autónoma	48.403,0	30.484,8
Outro país da Unión Europea	43.007,4	28.446,6
Terceiros países	13.413,1	7.401,1

Fonte: Ministerio de Agricultura, Pesca y Alimentación. *Estadísticas pesqueras: producción de acuicultura*

3.1.15.

Emprego na acuicultura 2021

	Asalariados		Non asalariados		Total	
	(UTA) (1)	*(persoas)*	*(UTA)*	*(persoas)*	*(UTA)*	*(persoas)*
Galicia	**1.291**	**2.485**	**1.947**	**5.662**	**3.237**	**8.147**
Total	**3.663**	**5.514**	**2.059**	**5.850**	**5.723**	**11.364**

(1) UTA: unidades de traballo anual, nº de persoas que traballan a tempo completo durante todo o ano.
Fonte: Ministerio de Agricultura, Pesca y Alimentación, *Encuesta de establecimientos de acuicultura*

3.1.16.

III-Arousa, con sete de cada dez embarcacións (907 barcos).

No concernente á actividade pesqueira e marisqueira, medida a través das vendas rexistradas nas lonxas galegas, no conxunto do ano 2022 ráchase a tendencia descendente no seu volume de produción iniciada no ano 2018, aumentando ao mesmo tempo a súa facturación. Dunha banda, o volume de produción acada no último ano os 134,3 miles de toneladas, un 1,2% máis que no ano anterior, o que supón o segundo valor máis reducido dende o ano 2008 (173,6 miles de toneladas) tan só por diante do nivel de 2021. Doutra banda, a súa facturación aumenta un 2,8% respecto ao rexistrado no ano precedente e acada os 437,5 millóns de euros (451,2 millóns no ano 2008).

O devandito incremento da produción explícase fundamentalmente pola medra dos cefalópodos, que máis que duplica a súa produción respecto ao ano anterior (114,3%), o que contrasta cunha nova caída do peixe, cun descenso 6% para situase nos 118,6 millóns de quilogramos. Tal como se mostra no **cadro 3.1.13.**, os peixes constitúen o grupo de especies máis importante, ao representar o 80,8% da produción e o 65,7% do valor total en primeira venda, porcentaxes inferiores ás do ano anterior, co 87% e 68,3%, respectivamente.

Desagregando a actividade pesqueira entre as distintas lonxas galegas (**cadro 3.1.14.**), as principais lonxas presentan unha caída na súa produción, sendo esta do 13% na lonxa de Burela, o dobre do producido en Vigo e lonxe do que presenta a lonxa da Coruña (Lonja Coruña S.A.), cun 1,6%. Tras esta evolución, A Coruña mantense como a principal lonxa galega en termos de produción, concentrando o 20,6% do total galego en 2022, por diante de Ribeira, cun 18,2%, e Vigo e Burela, co 17,6% e 12,3%, respectivamente. No concernente á facturación cómpre salientar o desigual comportamento rexistrado na lonxa de Vigo, que presenta unha medra do 4,4% tras á caída de case o dez por cento do ano anterior, o que contrasta coa caída interanual do 5,7% en Burela e do 0,5% na Coruña. A lonxa de Vigo concentra o 21% do valor das vendas galegas, por diante do 14,8% do total na Coruña e o 14,4% de Burela.

O subsector da acuicultura en Galicia no ano 2021 (último dato dispoñible) rexistra unha medra no volume

Axudas da Política Agraria Común e Política Pesqueira Común en Galicia e España 2022

	Galicia	España	Galicia/España
Pago de fondos UE *(en millóns de euros)*			*(%)*
FEAGA Exercicio 2022 (acumulado outubro) (1)	179,2	5.684,2	3,2
FEADER gasto público total, exercicio 2022 (acumulado outubro) (2)	151,6	1.850,7	8,2
Dereitos de pago básico			
Nº beneficiarios Rexime Pequenos Agricultores (RPA)	3.501	83.827	4,2
Nª de dereitos de Pequenos	10.823	244.194	4,4
Importes RPA *(en euros)*	2.462.593	54.864.666	4,5
Nº beneficiarios Rexime Pago Básico (RPB)	20.446	548.160	3,7
Nº de dereitos de Pago Básico	373.946	19.391.030	1,9
Importes Pago Básico *(en euros)*	69.061.578	2.746.088.115	2,5
Importes Pago Verde *(en euros)*	35.631.294	1.416.803.330	2,5

(1) FEAGA: Fondo Europeo Agrícola de Garantía
(2) FEADER: Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural
(3) FEMP: Fondo Europeo Marítimo e de Pesca
Fonte: Ministerio de Agricultura, Pesca y Alimentación.

3.1.17.

de facturación, rachando así a tendencia decrecente dos últimos anos. Tras un incremento do 35,6% o valor da produción acuícola situouse nos 249,2 millóns de euros, dos que o 57,9% consúmese na mesma Comunidade Autónoma. O valor xerado cos produtos dirixidos á UE representa o 17,3%, e os destinados a outras CC.AA. un 19,4%. En relación ao ano anterior, o devandito incremento na súa facturación ven motivado pola medra nos catro mercados reflectidos no devandito **cadro 3.1.15.** salientando o incremento de 27 millóns (23%) no caso da facturación no resto das CC.AA., e de 17,9 millóns (58,1%) no mercado europeo.

No que respecta á ocupación no sector (**cadro 3.1.16.**), os datos do Ministerio de Agricultura, Pesca y Alimentación reflicten que en 2021 se rexistraron 8.147 empregos (3.237 UTA), o que representa, o 71,7% do emprego do sector a nivel estatal e o 56,6% do total de UTAs. A segunda Comunidade Autónoma en importancia en canto a emprego é Andalucía, con 682 persoas empregadas (6%). Comparado co ano anterior descende un 4,5% o emprego total en Galicia, permanecendo relativamente estable a ocupación en termos de UTA (0,4%).

A actividade de marisqueo, e en concreto o marisqueo a pé, rexistrou a 31 de decembro de 2022 un total de 3.614 permisos de actividade, dos que case o 75% pertencen a mulleres. Asemade, das 2.702 mulleres con permisos de marisqueo a pé, o 51,6% (1.395 mulleres) teñen máis de 51 anos.

Axudas comunitarias: Política Agraria Común e Política Pesqueira Común

As axudas da Política Agraria Común e da Política Pesqueira Común no exercicio 2021 (acumulado outubro) ascenderon a 179,2 millóns de euros do Fondo Europeo Agrícola de Garantía (FEAGA), e ata os 151,6 millóns de euros do Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER). Estes pagos representan o 3,2% do total estatal para o FEAGA e o 8,2% no caso do FEADER (**cadro 3.1.17.**).

O número total de beneficiarios de dereitos correspondente ao Réxime de Pequenos Agricultores (RPA) descende a 3.501 persoas (4,2% dos beneficiarios en España) ascendendo o importe medio dos dereitos, a 703,4 euros. No que ao Réxime de pagos básicos se refire, o número de beneficiarios ascende a 20.446 persoas, o 3,7% do conxunto do Estado, situándose o importe total en 69,1 millóns de euros, o 2,5% do total estatal.

Os **cadros 3.1.18.** e **3.1.19.** reflicten os pagamentos

Pagamentos FEAGA en Galicia e España 2022

	Galicia	España	G/E
	(en euros)		*(%)*
Réxime de pago básico	97.330.146,52	3.676.000.301,73	2,6
Réxime de pago único (RPU)	0,00	-7.643,77	0,0
Algodón	0,00	145.728,05	0,0
Apicultura	7.886,21	141.050,89	5,6
Arroz	0,00	5.160.469,39	0,0
Azúcar e Isoglucosa	0,00	13.215.642,36	0,0
Froitas e hortalizas	133.273,17	21.988.201,93	0,6
Leite e produtos lácteos	132.086,10	216.374,66	61,0
Leguminosas gran	0,00	570.240,92	0,0
Medidas de promoción	0,00	1.873.828,10	0,0
Poseican	0,00	80.880.180,54	0,0
Vacún	49.253.756,79	156.559.066,01	31,5
Viños e alcois	246.063,42	14.813.231,88	1,7
Cultivos herbáceos	0,00	31.296.967,31	0,0
Ovino e caprino	0,00	77.051.688,87	0,0
Porcino	68.809,11	76.349,11	90,1
Reembolso disciplina financeira	-1.628,56	-35.143,68	4,6
Total	**147.170.392,76**	**4.079.946.534,30**	**3,6**

Fonte: Fondo Galego de Garantía Agraria

3.1.18.

Pagamentos FEADER en Galicia 2022


	Importe Feader	Importe Nacional	Importe gasto público
		(en euros)	
1 - Transferencia de coñecementos e actividades de información	614.656,24	204.885,41	819.541,65
03 - Réxmes de calidade dos produtos agrícolas e alimenticios	2.063.136,83	687.712,27	2.750.849,10
04 - Investimentos en activos físicos	32.496.403,30	9.936.778,19	42.433.181,49
06 - Desenvolvemento de explotacións agrícolas e empresas	8.456.648,27	2.818.882,83	11.275.531,10
07 - Servizos básicos e renovación de poboracións nas zonas rurais	4.389.636,53	1.463.212,16	5.852.848,69
08 - Investimentos desenvolvemento de zonas forestais e viabilidade dos bosques	27.954.660,97	9.318.220,26	37.272.881,23
10 - Agroambiente e clima	10.730.045,25	3.576.681,76	14.306.727,01
11 - Agricultura ecolóxica	1.484.545,43	494.848,46	1.979.393,89
13 - Pagos a zonas con limitacións naturais u outras limitacións específicas	12.951.789,64	4.317.263,60	17.269.053,24
16 - Cooperación	1.286.356,81	428.785,60	1.715.142,41
19 - Axuda para o desenvolvemento local de LEADER, (DLP)	7.608.029,94	2.536.010,01	10.144.039,95
20 - Asistencia técnica	4.321.464,67	1.440.488,22	5.761.952,89
21 - Axuda temporal excepcional destinada aos agricultores e PEMES afectados pola crise do COVID 19	1.312,50	437,50	1.750,00
Total	**114.358.686,38**	**37.224.206,27**	**151.582.892,65**

Fonte: Fondo Galego de Garantía Agraria

3.1.19.

FEAGA e FEADER atendendo á súa distribución segundo as principais liñas definidas. Entre os pagamentos FEAGA salientan o pago básico (97,3 millóns de euros) e as axudas para o vacún, fundamentalmente axudas asociadas voluntarias para vacún leite (peninsular), con 49,3 millóns de euros. No caso dos pagamentos FEADER, seguen destacando polo seu importe os investimentos en activos físicos, con 42,4 millóns de euros, e os investimentos para o desenvolvemento de zonas forestais e viabilidade dos bosques, con 37,3 millóns de euros. ❑

Distribución porcentual do VEB do sector industrial por comarcas. 2020



Fonte: Elaboración propia CES Galicia a partir do IGE.

MAPA 3.

Sector industrial

O sector industrial no seu conxunto presenta un mal comportamento no ano 2022 atendendo á contracción da súa actividade económica nun 2% respecto ao ano anterior, sendo esta caída do 0,5% no caso da industria manufactureira. Esta evolución contrasta co dinamismo no conxunto do Estado, onde o sector manufactureiro medra un 3,8% e a industria considerada no seu conxunto, un 3%.


En termos absolutos, o valor engadido bruto (VEB) xerado polas ramas industriais ascende ata os 10.704,7 millóns de euros segundo os datos publicados polo IGE nas súas Contas económicas trimestrais, o que representa o 5% do total xerado polo sector en España. O sector industrial achega o 15,6% do PIB total da economía galega, sendo esta porcentaxe o 10,9% no caso da industria manufactureira (17% e 11,9% se se considera o valor engadido xerado en Galicia). Estas porcentaxes son inferiores ás rexistradas no conxunto do Estado tanto para o sector industrial (incluída a enerxía), que representa o 16% do PIB, como no caso da industria manufactureira, que en España representa o 11,6% do PIB a prezos correntes.

No que respecta ao emprego no sector industrial, tras o descenso do número de afiliacións á Seguridade Social rexistrado nos dous últimos anos, en 2022 aumentan as afiliacións en alta laboral, situándose a media anual no último día de cada mes en 145.254 persoas afiliadas (1.559 persoas máis que no ano anterior), das que 134.677 afiliacións corresponden ás ramas de actividade manufactureira (1.410 máis).

Entre as actividades da industria manufactureira as que presentan un maior incremento das afiliacións en termos cuantitativos son as da industria de alimentación, con 729 afiliacións máis que na mesma data do ano anterior (2,4% máis) e de Fabricación de produtos metálicos, salvo maquinaria e equipamento, con 537 afiliacións máis (3,2%). No extremo oposto cómpre mencionar o comportamento das actividades de Fabricación de vehículos de motor, remolques e semirremolques, que se sitúa como a rama de actividade con maior descenso, con 861 afiliacións menos (-5,4%) e Metalurxia, con 172 menos (-3,7%).

Para analizar a evolución experimentada no curto prazo polo volume do valor engadido bruto a custo de facto-

VEB e emprego na industria (1) (2)



(1) VEB pm, en miles de euros; datos correxidos a efectos estacionais e de calendario (consulta: 27-02-2023)
(2) Os datos de emprego refírense a postos de traballo equivalentes a tempo completo
Fonte: IGE, *Contas económicas trimestrais*

3.1.20.


res do sector industrial utilizamos o índice de produción industrial (IPI). Este indicador, que mide os cambios na produción sen efecto dos prezos, reflicte no último ano unha caída media anual do 1,4%, o que contrasta co incremento do 2,4% experimentado no conxunto do Estado. Comparado co nivel medio do IPI en 2019, este índice rexistrou unha redución do 2,3% en Galicia, case dous puntos máis que en España (-0,4%).

O devandito descenso no IPI en Galicia no último ano ven motivado polo comportamento rexistrado na produción dos bens enerxéticos e intermedios, que se reduce un 6,3% e 5,1%, respectivamente. Por contra, o IPI correspondente aos bens de equipo medra un 3,4% e o dos bens de consumo o fixeron nun 1,9% (11,9% no caso dos bens de consumo duradeiro). Como reflicte o **cadro 3.1.22.**, no conxunto de España o IPI redúcese tan só no caso dos bens intermedios (-1,9%).

Se a comparación se realiza coa media do ano 2019, tan só no caso dos bens de consumo o IPI en Galicia é superior en 2022, cunha medra do 11,5%, oito puntos máis que o rexistrado no conxunto de España. No extremo oposto, o IPI dos bens enerxéticos redúcese un 11,3%, moi por riba do experimentado no caso dos bens de equipo (-6,7%) e dos bens intermedios (-4,3%).

Tal como se observa no **cadro 3.1.24.**, o IPI correspondente ao conxunto das ramas industriais manufactureiras redúcese no último ano en Galicia un 0,5% respecto ao ano 2021, o que contrasta coa medra interanual dun 2% no conxunto do Estado. As ramas de actividade que presentan un mellor comportamento atendendo á súa evolución en Galicia son as de confección de roupa de vestir, fabricación de mobles e a industria química; en contraposición do acontecido coa industria do papel e a fabricación de material e equipamento eléctrico. Se a comparación se realiza co índice medio no ano 2019, en Galicia cómpre mencionar o incremento en máis dun 50% no caso da fabricación de mobles e a confección de roupa de vestir, situándose as actividades de fabricación de produtos farmacéuticos e a fabricación de material e equipo eléctrico como os de mellor comportamento na economía española (18% e 10,1%, respectivamente). Por contra, as caídas máis significativas da IPI na Comunidade autónoma corresponden á fabricación doutro material de transporte, cun descenso do 48,8% entre os dous anos considerados, fabricación de

Contas de produción e explotación por ramas de actividade 2020



Peso porcentual no VEB do sector industrial de Galicia. Ramas de actividade.



Fonte: IGE, *Contas económicas de Galicia*

3.1.21.

Indice de produción industrial de Galicia e España 2022

	Galicia			España		
	índice	variacións 2022 (1)	variacións Interanual decembro (2)	índice	variacións 2022 (1)	variacións Interanual decembro (2)
		(%)			(%)	
Xeral	**102,7**	**-1,4**	**-1,0**	**105,5**	**2,4**	**0,6**
Bens de consumo	**132,7**	**1,9**	**-17,2**	**107,2**	**3,5**	**-11,3**
B. consumo duradeiro	202,4	11,9	-12,4	108,4	2,7	-11,6
B. consumo non duradeiro	129,0	1,1	-17,7	107,1	3,6	-11,3
Bens de equipamento	**96,5**	**3,4**	**15,2**	**107,7**	**5,8**	**18,3**
Bens intermedios	**112,1**	**-5,1**	**-17,3**	**107,0**	**-1,9**	**-17,1**
Enerxía	**73,6**	**-6,3**	**20,9**	**99,1**	**4,1**	**17,6**

Base 2015


(1) variación da media no que vai de ano

(2) taxa de variación anual

Fonte: INE, *Índice de producción industrial*

3.1.22.

Índice de produción industrial en Galicia e España 2011-22(1). Taxa de variación media anual



(1) Base 2015

Fonte: INE, *Índice de producción industrial*

3.1.23.

Índice de produción industrial 2022: distribución segundo ramas de actividade

	Variacións media acumulativa 22/17 (1)		Variacións 22/21 (2)	
	Galicia	España	Galicia	España
	(%)		(%)	
Total	**-0,3**	**0,2**	**-1,4**	**2,4**
B Industrias extractivas	**27,5**	**0,6**	**43,3**	**7,8**
08 Outras industrias extractivas	27,5	4,9	43,3	8,2
C Industria manufactureira	**0,6**	**0,3**	**-0,5**	**2,0**
10 Industria da alimentación	1,7	0,3	-5,5	-0,3
11 Fabricación de bebidas	2,6	2,0	8,0	5,8
13 Industria téxtil	-4,7	-1,2	-8,6	0,9
14 Confección de roupa de vestir	9,6	-1,0	18,8	6,3
15 Industria do coiro e do calzado	0,0	-2,7	0,0	12,7
16 Industria da madeira e da cortiza, agás mobles; cestaría e espartaría	4,1	1,1	1,9	0,3
17 Industria do papel	-6,5	0,0	-26,6	-2,4
18 Artes gráficas e reprodución de soportes gravados	0,0	-5,1	0,0	-2,2
19 Coquerías e refinación de petróleo	0,0	-1,4	0,0	4,4
20 Industria química	-0,2	0,2	10,9	-4,5
21 Fabricación de produtos farmacéuticos	0,0	4,6	0,0	9,9
22 Fabricación de produtos de caucho e plásticos	-1,6	0,4	-5,4	0,8
23 Fabricación doutros produtos minerais non metálicos	1,8	1,8	9,8	-1,4
24 Metalurxia; fabricación de produtos de ferro, aceiro e ferroaliaxes	-7,9	-3,0	-29,0	-9,2
25 Fabricación de produtos metálicos, agás maquinaria e equipamento	-1,0	0,4	1,4	1,6
26 Fabricación de produtos informáticos, electrónicos e ópticos	0,0	4,0	0,0	2,1
27 Fabricación de material e equipamento eléctrico	-9,3	2,7	-17,7	6,8
28 Fabricación de maquinaria e equipamento n.c.n.	-0,2	2,4	11,9	4,7
29 Fabricación de vehículos de motor, remolques e semirremolques	1,2	-3,3	-0,7	6,7
30 Fabricación doutro material de transporte	-6,4	-1,5	-10,5	6,8
31 Fabricación de mobles	5,3	0,9	14,8	2,8
32 Outras industrias manufactureiras	11,2	2,1	6,5	4,7
33 Reparación e instalación de maquinaria e equipamento	-5,6	1,0	4,4	5,7
D Fornecemento de enerxía eléctrica, gas, vapor e aire acondicionado	**-6,6**	**-0,3**	**-11,1**	**4,9**
35 Fornecemento de enerxía eléctrica, gas, vapor e aire acondicionado	-6,6	-0,3	-11,1	4,9
36 Captación, depuración e distribución de auga	0,0	-0,1	0	-0,2

(*) Poucas observacións mostrais, polo que o dato está afectado por un alto erro de mostraxe

(1) Taxa de variación media anual acumulativa

(2) Taxa de variación da media do que vai do ano

Fonte: IGE, *Índice de produción industrial*

3.1.24.

material e equipo eléctrico, cun -34%, e a industria de papel, cun -29,9%; en tanto que en España as maiores caídas rexístranse no caso das artes gráficas e a fabricación de vehículos de motor, cunha caída de case o 15%.

Un indicador que mostra as expectativas dos empresarios é o Índice de confianza empresarial, con datos que rexistran claramente a evolución da pandemia. Neste senso, o índice galego de confianza empresarial (**cadro 3.1.25.**) amosa expectativas claramente pesimistas a partir do segundo trimestre do ano 2020. Ao longo do ano 2022 aumenta lixeiramente ese pesimismo, acadando o valor do índice un valor do -16,7 puntos no cuarto trimestre do ano. Este pesimismo é inferior ao do conxunto de España, tal e como se aprecia no devandito **cadro 3.1.25.** e no **gráfico 3.1.26.**

Outro indicador que nos permite observar a evolución do sector industrial, e en concreto da industria manufactureira, é o das variacións interanuais das vendas dos seus produtos. Tal como se amosa no **cadro 3.1.27.**, este indicador, que presenta datos de 2021, reflicte un incremento do 19,8% logo do descenso do ano

Indicadores da confianza empresarial en Galicia e España 2019-22 (1)


		Galicia			España		
		Situación do trimestre anterior	Expectativas do trimestre entrante	ICEH	Situación do trimestre anterior	Expectativas do trimestre entrante	ICEH
2019							
	I	0,3	-8,2	127,1	4,4	-2,7	132,5
	II	-5,7	2,7	128,7	-2,5	5,6	132,9
	III	0,2	6,6	131,9	4,5	4,7	135,0
	IV	3,1	-5,3	129,0	0,2	-2,7	131,1
2020							
	I	0,8	-5,8	128,1	1,9	-5,9	130,6
	II	-29,7	-68,6	97,0	-36,3	-72,0	95,5
	III	-65,2	-47,0	93,1	-62,8	-47,2	95,5
	IV	-34,0	-42,8	104,8	-38,8	-41,3	105,5
2021							
	I	-30,3	-37,8	107,6	-32,0	-36,5	109,3
	II	-34,5	-25,5	110,2	-30,2	-21,6	114,8
	III	-14,2	-0,8	124,8	-8,3	-0,9	128,9
	IV	-4,0	-10,7	124,9	-2,3	-2,6	130,3
2022							
	I	-8,1	-17,7	121,3	-2,0	-12,8	127,0
	II	-25,1	-25,6	113,3	-14,4	-16,1	121,9
	III	-3,1	-4,2	127,3	1,3	-4,2	131,0
	IV	-6,6	-16,7	122,1	-2,3	-11,8	127,2

(1) situación = indicador de situación armonizado: diferenza ou saldo entre a porcentaxe de respostas favorables e desfavorables relativas ao trimestre anterior (de -100 a +100); expectativas = indicador de expectativas harmonizado: diferenza ou saldo entre a porcentaxe de respostas favorables e desfavorables relativas ao trimestre anterior (de -100, todos os informantes teñen expectativas negativas, a +100, todos os informantes son optimistas); ICEH = Índice de Confianza Empresarial Harmonizado : constrúese a partir dunha media xeométrica convenientemente normalizada entre a situación e as expectativas

Fonte: IGE, *Indicadores da confianza empresarial*

3.1.25.

Índice de confianza empresarial harmonizado (ICEH) 2015-22



ICEH = Índice de Confianza Empresarial Harmonizado: constrúese a partir dunha media xeométrica convenientemente normalizada entre a situación e as expectativas

Fonte: IGE, *Indicadores da confianza empresarial*

3.1.26.

Vendas de produtos da industria manufactureira 2021: distribución segundo agrupacións de actividade

	Valor			
	(en miles de euros)	*(% / total)*	*(Galicia/España)*	*Taxa variación interanual (%)*
Alimentación, bebidas e tabaco	8.449.532	24,3	8,0	10,5
Textil e confección	1.410.955	4,1	20,9	35,2
Coiro e calzado	158.631	0,5	5,9	30,3
Madeira e cortiza	1.089.718	3,1	18,9	31,3
Papel, artes gráfica e reprodución de soportes gravados	605.601	1,7	3,4	13,5
Coquerías, refino químicas e produtos farmacéuticos	3.486.009	10,0	4,3	64,7
Manufacturas de caucho e plástico	893.980	2,6	4,7	6,5
Produtos minerais non metálicos	738.817	2,1	4,5	19,8
Produción, 1º transformación e fundición de metais	2.492.358	7,2	7,8	46,7
Produtos metálicos	1.977.281	5,7	6,5	23,6
Produtos informáticos, electrónicos, ópticos e eléctricos	558.508	1,6	3,4	5,0
Maquinaria e equipo	763.678	2,2	4,2	0,7
Material de transporte	8.224.376	23,6	13,9	0,0
Mobles e outras industrias manufactureiras	587.845	1,7	6,6	22,8
Reparación e instalación de maquinaria e equipo	840.670	2,4	7,0	-3,0
Produción de enerxía eléctrica, gas e vapor	2.524.896	7,3	9,5	119,0
Total	**34.802.853**	**100,0**	**7,6**	**19,8**

Fonte: INE, *Encuesta Industrial de Productos*

3.1.27.

anterior motivado polo impacto da pandemia (-7,6%). O valor das vendas ascende a 34.802,9 millóns de euros, o 7,6% do total estatal. As producións que achegan maior valor son as de alimentación, bebidas e tabaco (24,3% do total) e material de transporte (23,6%), así como o de coquerías, refino, químicas e produtos farmacéuticos (10%). Atendendo ao seu peso relativo no total de vendas a nivel estatal destacan as actividades da téxtil e confección e as de madeira e cortiza, que representan un 20,9% e 18,9% das vendas do conxunto do Estado, respectivamente. Asemade, cómpre resaltar que o peso relativo do sector de material de transporte ascende ata o 13,9%.


Finalmente, a evolución do prezo da electricidade para os consumidores industriais afecta de xeito directo sobre a rendibilidades das empresas. O prezo da electricidade aumenta notablemente a partir do primeiro semestre do ano 2020 tralo estado de alarma. Por primeira vez en toda a serie analizada (**cadro 3.1.28.**), nese primeiro semestre o prezo da electricidade por KWh consumido pagado en España polos consumidores industriais con consumos entre 500 MWh e 2.000 MWh sitúase por debaixo da media europea (UE-27), seguindo unha evolución similar entre o segundo semestre de 2020 e o primeiro de 2022.

Comparado o prezo rexistrado no segundo semestre de 2022 co mesmo período do ano anterior, o prezo na UE aumentou un 85,1% fronte ao 92,6% en España. Por contra, se a comparación se realiza cos datos correspondentes ao segundo semestre de 2008, fronte ao incremento do 130,9% do prezo no conxunto da UE (medido en euros correntes), en España o prezo da electricidade para consumidores industriais medra un 103,1%.

Subsector enerxético

Segundo os datos do balance enerxético facilitados por Red Eléctrica de España a xeración de enerxía eléctrica en Galicia redúcese en 2022 un 19,8% en relación á enerxía total xerada no ano anterior, o que contrasta co incremento rexistrado no conxunto do Estado

Índices do prezo da electricidade para consumidores industriais na UE-27 e España 2008-22 (1)



(1) Rango de consumo entre 500 e 2.000 MWh. Excluído impostos e gravames
Fonte: EUROSTAT

3.1.28.

(6,3%). En 2022 Galicia xerou un total de 19.429,2 GWh, sendo o peso relativo de Galicia no total estatal do 7%, máis de dous puntos inferior á do ano anterior (9,3%), o que sitúa a Galicia como a como a sexta comunidade autónoma con maior potencia instalada, por detrás de Cataluña, Andalucía, Estremadura, Castela e León e Castela–A Mancha.

A demanda de enerxía redúcese no ano 2022 en Galicia un 30,5% para situarse en 12.10,4 GWh, Tendo en conta o descenso da demanda enerxética do 2,4% en España, o seu peso relativo no total estatal redúcese ata o 4,9% cando en 2021 representaba o 6,8%. O saldo de intercambios segue a ser excedentario, rexistrándose un saldo exportador de 6.815,2 GWh, un 8,1% superior ao do ano precedente.

O balance enerxético de REE reflicte que o devandito descenso da xeración enerxética en Galicia ven motivada tanto pola acusada caída no conxunto das fontes renovables fronte ao incremento rexistrado polas non renovables. En concreto, a xeración de enerxía renovable redúcese un 31,8% respecto ao ano anterior fronte ao 15% no caso das fontes non renovables. Dado o descenso interanual do 4% rexistrado en España no caso das fontes renovables, a pesar do crecemento da enerxía solar fotovoltaica e eólica, reducíndose por contra a xeración de enerxía coas fontes non renovables un 15,3%.

No que á caída interanual da xeración de enerxía por fontes renovables se refire, cómpre resaltar o descenso dun 10% da xeración eólica fronte ao incremento no conxunto do Estado (1,1%), así como a minoración do 60,5% no caso da hidráulica (-39,7%). Entre as fontes non renovables destaca o incremento en máis dun 50% na xeración mediante carbón tanto en Galicia como en España, sendo esta porcentaxe do 26,7% no ciclo combinado e nun 31,2% (53,1% en España).

A pesar da forte redución experimentada pola enerxía eólica en Galicia en 2022, esta segue a ser a fonte máis importante ao representar o 39,5% do total xerado. Séguelle a produción de enerxía hidráulica, co 31,8%, e o ciclo combinado e coxeración, co 15,3% e 7,8%, respectivamente.

No concernente á produción de enerxía eléctrica a partir de enerxías renovables, coxeración e residuos, os datos publicados pola Comisión Nacional de los Mercados y la Competencia (CNMC) amosan un descenso

Balance enerxético de Galicia 2021-22

	Galicia				Galicia / España	
	2022		2021		2022	2021
	MWh	*(% total)*	*MWh*	*(% total)*	*(%)*	
Xeración renovable	**12.259.264,39**	**63,1**	**17.979.661,80**	**74,3**	**10,5**	**14,8**
Hidráulica	3.038.093,13	15,6	7.691.729,60	31,8	17,0	26,0
Eólica	8.605.904,95	44,3	9.560.091,41	39,5	14,1	15,8
Solar fotovoltaica	21.494,46	0,1	22.328,63	0,1	0,1	0,1
Solar térmica		-		-	-	-
Hidroeólica		-		-	-	-
Outras renovables	445.029,81	2,3	539.656,86	2,2	9,6	11,4
Residuos renovables	148.742,03	0,8	165.855,29	0,7	16,9	18,9
Xeración non renovable	**7.169.976,75**	**36,9**	**6.232.617,03**	**25,7**	**4,5**	**4,5**
Turbinación bombeo	96.821,34	0,5	29.632,61	0,1	2,6	1,1
Nuclear		-		-	-	-
Ciclo combinado	4.681.464,35	24,1	3.694.929,37	15,3	6,9	8,3
Carbón	705.666,98	3,6	458.938,68	1,9	9,1	9,2
Motores diesel		-		-	-	-
Turbina de gas		-		-	-	-
Turbina de vapor		-		-	-	-
Coxeración	1.537.282,07	7,9	1.883.261,09	7,8	8,7	7,2
Residuos non renovables	148.742,03	0,8	165.855,29	0,7	7,8	7,4
Enerxía total xerada	**19.429.241,14**	**100,0**	**24.212.278,83**	**100,0**	**7,0**	**9,3**
Consumos en bombeo	**- 423.578,39**		**- 357.640,29**		**7,0**	**8,3**
Saldo de intercambios	**- 6.815.216,69**		**- 6.304.399,71**		**-**	**-**
Demanda en b.c.	**12.190.446,07**		**17.550.238,84**		**4,9**	**6,8**

Notas

Balance eléctrico: asignación de unidades de produción segundo combustible principal.
Outras renovables: inclúe biogás, biomasa, hidráulica mariña exeotérmica. Os valores de incrementos e ano mobil inclúen resíduos ata o 31/12/2014.
Resíduos renovables :xeración incluida noutras renovables e coxeración ata o 31/12/2014.
Turbinación de bombeo puro + estimación de turbinación de bombeo mixto.
Ciclo combinado: Inclúe funcionamento en ciclo aberto.
Coxeración: os valores de incrementos e ano móbil inclúen residuos ata o 31/12/2014.
Residuos non renovables: xeración incluida noutras renovables e coxeración ata o 31/12/2014.
Demanda correxida: correxidos os efectos de temperatura e laboralidade.
Valor positivo: saldo importador; valor negativo: saldo exportador. Os valores de incrementos non se calculan cando os saldos de intercambios teñen distinto signo.

Consulta: 3-03-23

Fonte: Red Eléctrica de España

3.1.29.

da enerxía vendida e un incremento da potencia instalada. En 2022 vendéronse en Galicia un total de 13.472,7 xigavatios, un 2,2% menos que no exercicio precedente, sendo esta caída sete décimas inferior á estimada para o conxunto do Estado. Tras esta caída Galicia sitúase como a quinta Comunidade con maior enerxía vendida (11,2% do total estatal) por detrás de Andalucía (15,9%), Castela e León (15,3%), Castela A Mancha (12,9%) e Aragón (12,6%).

Atendendo á distribución segundo tipo de enerxía, o 71,6% da enerxía vendida en Galicia en 2022 (9.651,6 xigavatios) corresponde á eólica, seguida da coxeneración que representa o 12,5% (1.688,7 xigavatios) e a enerxía hidráulica, co 9,7% (1.301,4 xigavatios).

A potencia instalada é de 5.149 megavatios, un 0,6% superior á do ano anterior, o que representa o 8,9% da potencia total en España. En relación ás demais CC.AA., Galicia mantense no quinto lugar, por detrás de Andalucía (15,7%), Castela–A Mancha (15,5%), Castela e León (15,2%) e Aragón (127%).

O consumo de produtos petrolíferos na Comunidade

Consumo de produtos petrolíferos en Galicia e España 2021-22

2022

	Total	Gasolinas	Gasóleos	Fuelóleo BIA
		(en tm.)		
Galicia	**2.364.004**	**281.260**	**1.846.204**	**236.539**
A Coruña	1.000.896	118.021	692.663	190.212
Lugo	361.216	31.621	316.407	13.188
Ourense	301.640	31.728	248.164	21.748
Pontevedra	700.252	99.890	588.970	11.392
España	**34.693.142**	**5.750.856**	**27.521.152**	**1.421.135**
Galicia/España *(%)*	6,8	4,9	6,7	16,6

2021

	Total	Gasolinas	Gasóleos	Fuelóleo BIA
		(en tm.)		
Galicia	**2.383.481**	**281.980**	**1.863.274**	**238.227**
A Coruña	1.002.528	116.700	696.435	189.393
Lugo	366.737	31.986	321.363	13.388
Ourense	308.997	32.553	253.830	22.614
Pontevedra	705.218	100.741	591.646	12.832
España	**34.499.879**	**5.637.709**	**27.517.835**	**1.344.334**
Galicia/España *(%)*	6,9	5,0	6,8	17,7

Fonte: Corporación de Reservas Estratégicas de Productos Petrolíferos

3.1.30. Industria da automoción

Autónoma descende no ano 2022 un 0,8%, aumentando en España un 0,6%. Tras esta evolución, o consumo destes produtos ascende en Galicia a 2.364 miles de toneladas métricas, o que representa o 6,8% do total estatal (6,9% no ano anterior).


A devandita caída interanual prodúcese tanto no caso das gasolinas como dos gasóleos e fuelóleos. Dunha banda, o **cadro 3.1.30.** amosa como o consumo de gasóleos redúcese en Galicia un 0,9% e o de fuelóleos un 0,7%, o que contrasta coa medra do 5,7% no caso dos fuelóleos, aumentándose estable no caso dos gasóleos. Asemade, o consumo de gasolinas descende na Comunidade Autónoma un 0,3% fronte ao incremento do 2% no conxunto do Estado.

O produto máis consumido son os gasóleos, que representan un 78,1% do consumo total en Galicia (79,3% en España). A importancia relativa do consumo de fuel óleo en Galicia é do 10% (4,1% en España) e do 11,9% no caso das gasolinas (16,6% no conxunto do Estado).

As Contas económicas anuais de Galicia, publicadas en novembro de 2022 con datos para o ano 2020, rexistran un VEB do sector de Fabricación de vehículos de motor, remolques e semirremolques de 1.138,9 millóns de euros, e 14.434 postos de traballo equivalente a tempo completo. Esta actividade aporta o 17,9% do valor engadido bruto xerado pola industria manufactureira galega nese ano, sendo esta porcentaxe do 15% no ano 2008; no conxunto da economía galega o sector supón o 2,9% do VEB galego total no ano 2020, porcentaxe que se sitúa en 2,1% en 2008. No que respecta ao emprego, o 11,5% do total de empregados do sector manufactureiro en Galicia o está nas actividades de fabricación de vehículos de motor, dúas décimas menos que no ano 2008 (11,7%).

A pesar das dificultades polas que atravesa o sector no ano 2022, como as relacionadas coa crise global de semiconductores ou os problemas de abastecemento, as afiliacións á Seguridade Social nese ano mantense re-

Facturación e emprego directo nas empresas do cluster da automoción 2008-22 (1)



(1) facturación en millóns de euros
Fonte: Clúster da Automoción de Galicia

3.1.31.

lativamente estables. A 31 de decembro de 2022 Galicia contaba con 14.985 afiliacións en alta laboral no sector de fabricación de vehículos de motor, remolques e semirremolques (85 menos que na mesma data do ano anterior). Do total de afiliacións no sector, 7.851 estaban no subsector de fabricación de compoñentes, pezas e accesorios (52,3% do total); 6.126 no de fabricación de vehículos de motor (40,9%); e as 1.028 restantes no de fabricación de carrocerías (6,9%). Comparado co ano anterior aumentan as afiliacións no caso da actividade de fabricación de compoñentes un 6,5%, o que supón 478 afiliacións máis; o que contrasta coa caída no subsector de fabricación de vehículos de motor nun 7,2% menos (477 afiliacións menos); a e as actividades de fabricación de carrocerías, que perden o 7,7% das súas afiliacións en relación á mesma data de 2021 (86 afiliacións menos).


Os datos facilitados pola Fundación Clúster da Automoción de Galicia (Ceaga) mostran como as 200 empresas do clúster pertencentes a máis de 20 divisións diferentes da clasificación CNAE, pechan o ano 2022 alcanzando máximos de cifra de negocios e exportacións a pesar das dificultades polos problemas de aprovisionamento, encarecemento das materias primas ou o repunte da inflación. A facturación das empresas do sector da automoción en Galicia ascende a 11.550 millóns de euros, un 3% máis que no ano anterior, e as exportacións totais do sector acadan os 8.220 millóns de euros, un 0,7% superior ao total do ano anterior, o que supón o 27,5% das exportacións galegas. Entre estas, as exportacións de compoñentes medraron un 5,6% acadando os 1.740 millóns de euros.

Fronte á evolución mostrada polo sector do automóbil en Galicia, a Dirección General de Tráfico (DGT) rexistra un descenso das matriculacións de vehículos. Ao longo do ano 2022 matriculáronse 42.634 vehículos, o 3,3% do total estatal, o que supón un descenso do 7,7% respecto ao ano anterior (3.542 vehículos menos), cando no ano anterior descendera en 446 vehículos (1%). Esta caída ven explicada pola diminución na matriculación de turismos, con 2.611 matriculacións menos, un 7,9% menos que en 2021 (1.859 turismos menos no ano anterior).

Industria naval

A industria naval (CNAE 30.1) presenta en 2022 un bo ano atendendo ao incremento do 3,2% do número de afiliacións á Seguridade Social respecto ao rexistrado no ano anterior. A 31 de decembro de 2022, o sector contaba con 4.805 afiliacións, 149 afiliacións máis respecto ao ano anterior. Este incremento no sector naval explícase pola medra do 9,7% experimentada na provincia da Coruña (205 afiliacións máis) e en Lugo (4,7%;

Construción naval nos estaleiros galegos 2008-22: actividade contractual e actividade produtiva



Fonte: Ministerio de Industria, Comercio y Turismo, *Construcción naval. Boletín informativo trimestral*

3.1.32.

4 afiliacións), o que contrasta co descenso do 3,2% das afiliacións en Pontevedra (97 afiliacións menos). A pesar desa evolución, Pontevedra mantense como a provincia galega con maior número de afiliados no naval, con 2.396 persoas (49,9% do total do sector), seguida da Coruña, con 2.319 afiliacións (48,3%).

No que á actividade contractual se refire, en 2022 asináronse un total de oito novos contratos nos estaleiros galegos, un máis que no ano anterior. Non obstante, cómpre resaltar que dos 36 novos contratos nos estaleiros españois, 25 contratos corresponden a Asturias e tres ao País Vasco. Esta medra reflíctese nun incremento do arqueo bruto compensado (CGT), de xeito que no último ano ascendeu en Galicia ata os 43.472 CGT, o 29,4% do total estatal, fronte ao 55,5% de Asturias e o 15,1% do País Vasco.

A carteira de pedidos dos estaleiros galegos a 31 de decembro de 2022 descende ata os 13 buques, un menos que na mesma data do ano anterior, o equivalente a 78.571 CGT (o 25,7% do total estatal). No último ano,

o número de buques en carteira ascende en Asturias a 29 buques, e no País Vasco a 14 buques.

En relación á actividade produtiva, o índice de actividade ponderada, que ten en conta as postas de quilla, botaduras e entregas (probas oficiais), reflicte que o arqueo bruto compensado dos estaleiros galegos descende no último ano ata as 21.820 CGT, o que supón o valor máis reducido dende o ano 2008 (**gráfico 3.1.32.**) case oito veces menos que ao inicio da serie considerada. Comparado co resto das CC.AA. a sitúa como a Comunidade con menor actividade, tras Asturias (42.280 CGT) e País Vasco (47.075 CGT).

Industria téxtil

As contas económicas de Galicia reflicten que o valor engadido bruto xerado polo sector téxtil (división 13–15 da CNAE 2009) acadou en Galicia no ano 2020 os 236 millóns de euros, dos que 189,2 corresponden á confección e prendas de vestir e industria de coiro e do calzado. O número de postos de traballo equivalentes a tempo completo ascende o a 8.683, dos que 7.122 pertencen ao subsector de confección e prendas de vestir e industria de coiro e do calzado. Atendendo ao seu peso no conxunto da economía galega, esta rama de actividade representa o 3,7% do valor engadido bruto xerado pola industria manufactureira e o 7% do emprego (7,1% se se consideran as horas traballadas).

O promedio de afiliación á Seguridade Social na industria téxtil en Galicia foi no ano 2022 de 9.726 afiliacións, 281 máis que no ano anterior (2,9%), o que supón o 7,4% das afiliacións da industria manufactureira, unha décima máis que no ano anterior. Cómpre resaltar que esta importancia relativa descende paulatinamente dende o inicio da crise financeira de 2008, cando supuña o 9,9% (8% en 2019). O devandito incremento da afiliación explícase pola medra experimentada no sector da confección de roupa de vestir (4,2%; 322 afiliacións máis), e, en menor medida, da industria de coiro e calzado (25 afiliacións máis; 8%) en tanto que descende a industria téxtil (66 afiliacións menos; -3,9%). No último ano na rama de confección de roupa de vestir rexístranse 8.028 afiliados, o 80,2% do total da industria téxtil galega.

Industria da alimentación e bebidas

As contas anuais reflicten que a produción da industria de alimentación (división 10 e 11 da CNAE 2009) ascendeu no ano 2020 a 1.716,9 millóns de euros, e representa o 26,6% do valor xerado pola industria manufactureira en Galicia. Con respecto ao ano 2008, a achega das industrias alimentarias ao VEB industrial manufactureiro incrementouse nove puntos e medio (17,1%).

Dentro da industria da alimentación, a participación das seis ramas que a forman é a seguinte: a rama da conserva e do conxelado de peixe achega o 30,5% do seu VEB, seguida pola fabricación de bebidas, cun 22,4%, e da rama de procesamento e elaboración de produtos cárnicos, co 17,3% do VEB. O 29,8% restante divídense entre as ramas de fabricación de produtos lácteos, fabricación de produtos para a alimentación animal e outras industrias alimentarias.

No concernente ao emprego, as contas económicas (datos 2020, último dispoñible) indican que o número de postos de traballo equivalentes a tempo completo descendeu a 31.977 postos de traballo, o 25,7% do total da industria manufactureira galega, dos que 11.390 corresponden á actividade de procesamento e conservación de peixes, crustáceos e moluscos (35,6%); e 4.665 ao subsector de procesamento e conservación de carne e elaboración de produtos cárnicos (14,6%). A fabricación de produtos lácteos concentra o 7,7% do emprego neste subsector industrial (2.447 postos de traballo equivalentes a tempo completo) e o de bebidas o 9,5% (3.028 postos).

No ano 2021 as afiliacións á Seguridade Social na industria da alimentación e fabricación de bebidas ascenderon a 34.494 persoas, o que supón unha medra do 2,8% respecto ao ano anterior, das que 31.356 están na industria de alimentación e as restantes 3.138 afiliacións á de fabricación de bebidas (2,4% e 7,5% máis, respectivamente). Atendendo á súa evolución ao longo

Volume de aproveitamento total (1) segundo especie 2018-22

	2018	2019	2020	2021	2022	22/21
			(en m³)			*(%)*
Pinus pinaster	1.694.241,64	1.809.623,54	1.629.422,28	1.905.712,23	2.172.193,29	14,0
Pinus radiata	1.772.070,02	1.704.128,23	1.628.839,05	1.938.682,74	1.981.622,32	19,0
Pinus sylvestris	134.513,95	116.710,48	130.481,00	194.675,55	222.210,90	49,2
Outras / mestura coníferas	255.783,01	168.307,32	84.683,42	65.476,19	110.511,85	-22,7
Eucalyptus spp.	5.921.442,62	5.621.413,63	5.287.384,95	5.606.947,48	6.229.792,88	6,0
Frondosas caducifolias	275.683,12	270.162,62	230.022,79	255.244,68	281.288,03	11,0
Outras frondosas non caducifolias	17.791,32	13.077,14	15.827,62	20.886,61	18.542,31	32,0
Total	**10.071.525,67**	**9.703.422,94**	**9.006.913,81**	**9.987.983,74**	**11.016.649,58**	**10,9**

(1) Xestión pública e xestión privada

Fonte: Medio Rural, *Anuario de Estadística Forestal de Galicia*

3.1.33.

dos últimos anos, o peso relativo da afiliación no sector da industria da alimentación no total da industria manufactureira aumenta ata o 23,3% no último ano (18% en 2009), manténdose o sector de fabricación de bebidas en torno ao 2,3% (2% en 2009).


Industria da madeira

Segundo os datos proporcionados na estatística forestal de Galicia, o aproveitamento nos bosques galegos no ano 2022 foi de 11 millóns de metros cúbicos de madeira, o que supón unha medra do 10% respecto ao ano anterior. A principal especie é o Eucalyptus spp., que representa o 56,5% do aproveitamento total, seguido polo pinus pinaster, co 19,8%, e pinus radiata, co 18%.

A industria da madeira e fabricación de mobles (ramas 16 e 31 da CNAE 2009), segundo as contas económicas, xera un VEB no ano 2020 de 424,1 millóns de euros, dos que 303,9 millóns de euros corresponden as actividades da industria da madeira e da cortiza; o número de postos de traballo equivalentes a tempo completo ascende a 11.232, dos que 7.208 postos pertences á xa citada industria da madeira e da cortiza. A industria da madeira de xeito conxunto representa o 6,6% do valor engadido bruto xerado polo sector manufactureiro e o 9% do emprego na industria manufactureira en Galicia (9,4% se se consideran as horas traballadas).

No ano 2022 as afiliacións á Seguridade Social nas devanditas ramas de actividade acadaron as 12.875 persoas, o que supón o 9,6% das afiliacións da industria manufactureira, das que 9.053 afiliacións están na industria da madeira e da cortiza, agás mobles; cestaría e espartaría (o 70,3%) e as restantes 3.822 afiliacións á fabricación de mobles (29,7%). Respecto ao ano anterior, as afiliacións medran un 2% (253 afiliacións máis), superando este ano as afiliacións rexistradas en 2019 (1%; 122 afiliacións máis). ❑

Distribución porcentual do VEB do sector da construción por comarcas. 2020



Fonte: Elaboración propia CES Galicia a partir do IGE.

MAPA 4.

Construción

O sector da construción presenta en 2022 unha medra interanual da súa actividade superando tanto en Galicia como en España dous anos consecutivos de contracción na xeración de VEB. En concreto, se a crise económica orixinada pola pandemia ocasionou en Galicia en 2020 unha caída interanual do 11,6% e do 1,6% no ano 2021, o valor engadido xerado polo sector experimentou no último ano un crecemento do 0,7%, lonxe do 4,1% rexistrado na economía española.


En termos monetarios, o sector da construción en Galicia, segundo os datos da estimación das contas económicas trimestrais do IGE, xerou un VEB de 3.833,6 millóns de euros, o 5,6% do PIB galego no ano 2022; o que determina un emprego no sector de 79.900 postos de traballo equivalentes a tempo completo, o 7,7% do total, unha décima máis que no ano anterior. No conxunto do Estado o sector da construción representa o 4,8% do PIB e o emprego supón o 7,1% do total de postos de traballo a tempo completo.

A pesar desta contracción económica, as afiliacións á Seguridade Social no sector aumentaron un 2%, alcanzando as 79.180 afiliacións, o 7,6% do total galego. Este incremento prodúcese nas distintas ramas de actividade, salientando as actividades de construción especializada, cunha medra interanual do 2,3% (1.119 afiliacións máis) e a construción de edificios, cun 1,3% (328 afiliacións).

Á hora de analizar o sector hai que observar tanto a evolución de indicadores de oferta, entre os que salientan os visados de dirección de obra ou a licitación pública, como os indicadores de demanda, principalmente compravenda de vivendas, número de hipotecas constituídas ou os indicadores de accesibilidade á vivenda.

No que respecta aos visados de obra nova proporcionados polo Ministerio de Transportes, Movilidad y Agenda Urbana (**cadro 3.1.36.**), que se poden tomar como un indicador adiantado da actividade no sector, ao longo de 2022 visáronse 1.620 edificios novos, o que supón un 2,4% superior ao rexistrado no ano anterior. Fronte a este incremento interanual, no conxunto do Estado os visados de obra nova reducíronse un 2,4%. Tras esta evolución, a superficie total experimenta unha medra do 27% da superficie total, que se sitúa en 1.192.998 metros cadrados, cifra moi similar á de 2020.

VEB e emprego na construcción (1) (2)




(1) VEB pm, en miles de euros; datos correxidos a efectos estacionais e de calendario (consulta: 27-02-2023)

(2) Os datos de emprego refírense a postos de traballo equivalentes a tempo completo

Fonte: IGE, *Contas económicas trimestrais*

3.1.34.

O sector da construción 2020



Fonte: IGE. *Contas económicas de Galicia*

3.1.35.

Atendendo á súa distribución segundo destino principal, o devandito incremento veu motivado pola evolución dos visados de dirección de obra para uso residencial, que presentan en Galicia unha medra interanual do 6,7% (aumenta un 1,5% en España) para situarse nos 1.383 visados. Por contra, descende o número de visados de dirección para superficies comerciais e almacenamento un 21,2% (12,1% no conxunto do Estado) acadando os 52 visados.

A pesar desta evolución a superficie total a construír aumenta un 0,6% no caso do uso residencial, incrementándose nun 177,8% no caso dos usos comerciais e almacenamento.

A evolución dos visados de obras de reforma e/ou restauración reflicte igualmente o desigual comportamento en Galicia e España. En 2022 reformáronse en Galicia un total de 1.034 vivendas, un 3,8% máis que no

Visados de dirección de obra en Galicia e España 2021-22: distribución segundo tipo de obra

Obra nova

	Galicia			España		
	2022	2021	22/21 (%)	2021	2022	22/21 (%)
Total edificios	**1.620**	**1.582**	**2,4**	**34.985**	**35.839**	**-2,4**
Uso residencial	1.383	1.296	6,7	31.792	31.337	1,5
Servizos comerciais	52	66	-21,2	1.293	1.471	-12,1
Uso industrial	38	32	18,8	438	442	-0,9
Outros	147	188	-21,8	1.462	2.589	-43,5


Obras de ampliación

	Galicia			España		
	2022	2021	22/21	2022	2021	22/21
Total edificios	**137**	**168**	**-18,5**	**3.657**	**4.250**	**-14,0**
Vivendas	90	123	-26,8	2.791	3.245	-14,0
Outros	47	45	4,4	866	1.005	-13,8


Obras de reforma e/ou restauración

	Galicia			España		
	2022	2021	22/21	2022	2021	22/21
Total edificios	**1.313**	**1.293**	**1,5**	**29.189**	**32.977**	**-11,5**
Vivendas	1.034	996	3,8	23.649	27.133	-12,8
Outros	279	297	-6,1	5.540	5.844	-5,2

Galicia



España



Fonte: Ministerio de Transportes, Movilidad y Agenda Urbana, *Obras en edificación*

3.1.36.


Licitación pública en Galicia e España 2021-22: distribución segundo administracións

	2022		2021		22/21	
	Galicia	España	Galicia	España	Galicia	España
		(en millóns de euros)			(%)	
Administración Xeral do Estado	537,3	8.036,6	803,1	7.899,2	-33,1	1,7
Mº Transportes, Mov. e Ag. Urb.	438,1	6.006,2	586,8	6.269,6	-25,3	-4,2
Mº para a Transición Ecolóxica	25,3	896,8	115,3	667,0	-78,0	34,4
Resto Admón. Xeral	73,9	1.133,7	101,1	962,6	-26,9	17,8
Administración Autonómica	669,8	9.944,2	559,1	6.839,1	19,8	45,4
Administración Local	508,7	11.262,0	473,9	8.960,6	7,3	25,7
Concellos	446,5	9.302,5	423,8	7.007,4	5,4	32,8
Outras Administracións	62,2	1.959,5	50,1	1.953,2	24,0	0,3
Total licitación	1.715,7	29.242,8	1.836,1	23.698,9	-6,6	23,4

Fonte: SEOPAN, *Licitación regional*

3.1.37.

Licitación oficial de Galicia por tipo de obra 2010-22



Fonte: SEOPAN, *Licitación regional*

3.1.38.

ano anterior (38 vivendas máis), o que contrasta co descenso do 12,8% no conxunto do Estado. Estas reformas contaron cun orzamento de 101,8 millóns de euros, o que supón o valor máis elevado dende o ano 2008.

A licitación de obra pública no ano 2022 caracterizouse por unha redución no seu importe total do 6,6%, descenso motivado polo mal comportamento da Administración Xeral do Estado (AXE). Esta contracción contrasta co acusado incremento experimentado no conxunto do Estado, cunha medra interanual do 23,4%. En termos nominais, a licitación pública acadou os 1.715,7 millóns de euros, 120,4 millóns de euros menos que en 2021, o que supón o 5,9% do total estatal. Con todo, cómpre resaltar que a pesar deste descenso, o importe licitado é o segundo máis elevado dende o ano 2010 tan só superado polo rexistrado no ano precedente.

Atendendo aos distintos niveis administrativos, a licita-

Compravenda de vivendas en Galicia e España 2008-22

	Galicia					España
	Total	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	
2008	26.590	11.654	3.904	3.079	7.953	552.080
2013	12.568	5.286	2.047	1.365	3.870	312.593
2019	17.108	8.060	1.842	1.676	5.530	505.467
2020	15.215	7.018	1.627	1.493	5.077	420.238
2021	19.815	9.320	2.420	1.658	6.417	566.485
2022	21.527	10.313	2.375	1.875	6.964	649.494
22/08	-5.063	-1.341	-1.529	-1.204	-989	97.414
22/21	1.712	993	-45	217	547	83.009

Fonte: INE, *Estadística de transmisión de derechos de la propiedad*

3.1.39.

ción pública da AXE na comunidade autónoma redúcese un 33,1% no último ano, o que contrasta co incremento do 1,7% en España. No ano 2022 a licitación ascende a 537,3 millóns de euros, o que supón o 31,3% da licitación total en Galicia. Como mostra o **cadro 3.1.37.**, o investimento do Ministerio de Transportes, Movilidad y Agenda Urbana sitúase en 438,1 millóns de euros (25,3% menos que en 2021), acadando a licitación pública do Ministerio de Transición Ecológica os 25,3 millóns de euros (115,3 millóns no ano anterior) e os 73,9 millóns de euros a do resto dos ministerios (26,9% menos).

A licitación pública da Administración Autonómica aumenta no último ano un 19,8% para acadar os 669,8 millóns de euros, o que representa o 39% da licitación pública total en Galicia. Ao mesmo tempo, a licitación da Administración Local medra un 7,3% no último ano para situarse nos 508,7 millóns de euros, o 29,6% do total.

A provincia con maior volume de licitación de obra pública é A Coruña con 951,1 millóns de euros en 2022, o 55,4% da licitación total de Galicia, por diante de Pontevedra, con 442 millóns (25,8%); Lugo, con 126,3 millóns de euros (7,3%); e por último Ourense, con 109,4 millóns de euros (6,4%). En relación ao ano anterior cómpre salientar o incremento do 74,2% na Coruña e do 51,7% en Pontevedra, o que contrasta co descenso interanual en Ourense e Lugo (68,5% e 57,5%, respectivamente).

No concernente á desagregación da licitación segundo tipos de obra, a licitación en obra civil situouse en 2022 en 986,2 millóns de euros, máis dun 30% inferior ao rexistrado no ano anterior (en 2020 ascendía a 650 millóns), o que supón o 57,5% do total galego. Por contra, a licitación en edificación increméntase un 82,5% en relación ao ano anterior, acadando os 729,5 millóns de euros, o que supón o importe máis elevado dende o ano 2008. Este incremento explícase pola medra do 87,1% da edificación non residencial, que se sitúa en 721,4 millóns de euros.

No que aos indicadores de demanda se refire, o principal indicador é a evolución do número de compravenda de vivendas. O **cadro 3.1.39.** mostra que en 2022 o número de compravendas efectuadas sobre vivendas da "Estadística de transmisiones de derechos de la propiedad" medra do 8,6%, seis puntos menos que en España (14,7%). En 2022 rexistráronse en Galicia 21.527 transaccións, o 3,3% do total estatal, o que supón 1.712 máis que no ano precedente. O devandito incremento non se produce de xeito homoxéneo entre as catro provincias, reducíndose un 1,9% en Lugo fronte a unha medra do 13,1% en Ourense, o 10,7% na Coruña e un 8,5% en Pontevedra. A Coruña concentra o 47,9% das compravendas galegas fronte ao 32,4% en Pontevedra, situándose estas porcentaxes no 11% en Lugo e o 8,7% en Ourense.

En relación ao número de compravendas realizadas en 2019, Galicia presenta unha medrado 25,8% (4.419

Hipotecas en vivenda (sen cambios nas condicións) en Galicia e España 2008-22

	Hipotecas novas (sen cambios nas condicións)						
	2008	2013	2019	2020	2021	2022	22/21
Galicia	28.789	3.637	10.522	9.930	8.799	12.699	44,3
España	579.330	45.267	321.748	272.060	210.677	350.332	66,3
Galicia / España *(%)*	5,0	8,0	3,3	3,6	4,2	3,6	

	Importe medio						
	2008	2013	2019	2020	2021	2022	22/21
	(en miles de euros)						
Galicia	144,5	224,5	106,9	117,9	176,6	144,3	-18,3
España	201,6	441,2	141,1	167,3	272,9	192,6	-29,4
Galicia / España *(%)*	71,7	50,9	75,8	70,5	64,7	74,9	

Fonte: INE, *Estadística de hipotecas*

3.1.40.

compravendas máis), sendo esta medra do 28,5% no conxunto de España. Por contra, as compravendas en 2022 son un 19% inferior ás rexistradas en 2008 (medra un 17,6% no conxunto do Estado), superando esta caída o 39% nas provincias de Lugo e Ourense.

O incremento da compravenda de vivendas prodúcese na vivenda usada e no caso da vivenda libre, o que contrasta co rexistrado no conxunto de España onde medra tanto no caso da vivenda nova e usada como na vivenda libre e protexida. Das 21.527 transaccións realizadas en Galicia en 2022 o 72,4% corresponde a vivenda usada (82% en España), o que supón 16.880 compravendas. En relación ao ano anterior, o incremento das vivendas usadas foi do 12,7%, cinco puntos menos que en España, o que supón 1.900 compravendas máis; o que contrasta coa redución do 3,9% da vivenda usada en Galicia (188 transaccións menos) e o incremento do 2,6% en España. Atendendo á distribución segundo réxime de vivenda, aumenta un 9,1% o número de compravendas da vivenda libre en Galicia, seis puntos e medio menos que en España, o que contrasta coa redución do 2,6% no caso da vivenda protexida (medra un 4,8% no conxunto do Estado).

Outro indicador no ámbito da demanda de vivenda é o número de hipotecas constituídas. Partindo dos datos da Estadística de hipotecas do INE, temos en conta o número de hipotecas novas constituídas sobre vivendas para o que eliminamos do cómputo total de hipotecas aquelas que modificaron as súas condicións pero que non son en si mesmas hipotecas novas. Os datos do INE amosan que, a diferenza do acontecido nos dous anos anteriores, aumenta o número de hipotecas constituídas sobre vivendas e descende o seu importe medio.

O **cadro 3.1.40.** reflicte que tras as caídas rexistradas nos dous últimos anos, en 2022 constituíronse un total de 12.699 hipotecas novas, o que supón un 44,3% máis que no ano anterior. Tendo en conta que o número de hipotecas novas medra un 66,3% en España, o seu peso relativo no total estatal descende ata o 3,6%, seis décimas menos que no ano anterior (5% en 2008).

Por tanto, o número de hipotecas novas sobre vivendas segue a ser moi inferior ás compravendas rexistradas, o que é indicativo dun cambio na forma de financiar a compra de vivenda. En 2022 o número de compravendas supera en 1,7 veces o número de hipotecas en Galicia fronte ás 1,9 veces en España, cando no ano anterior esta relación era de 2,3 e 2,7 veces, respectivamente, e de 1,6 veces en ambos os dous casos no ano 2019. Non obstante, cómpre resaltar que se ben en 2008 ambos indicadores eran similares, en 2013 o número de compravendas superaba en 3,5 veces o de hipotecas en Galicia fronte ás case sete en España (6,9).

Tipo medio dos préstamos hipotecarios 2008-22

	Interbancarios		Tipo medio préstamos hipotecarios Adquisición de vivenda libre	
	Mibor a un ano	Euribor a un ano	A máis de 3 anos Entid. de crédito España	Entre 1 e 5 anos Entid. de crédito Zona euro
			(medias anuais)	
2008	4,807	4,814	5,835	-
2013	0,536	0,536	3,353	3,093
2019	-0,215	-0,215	1,935	1,730
2020	-0,303	-0,303	1,727	1,573
2021	-0,491	-0,491	1,503	1,468
2022	1,088	1,088	2,058	2,058

Fonte: Banco de España, *Boletín estadistico*

3.1.41.

O importe medio das hipotecas novas sobre vivendas en Galicia foi no ano 2022 de 144.300 euros, o que supón o 74,7% do importe medio nacional. Tanto Galicia como España presentan unha caída deste importe, menos intensa na Comunidade Autónoma, cun 18,3% (29,4% en España), manténdose non obstante o seu nivel por riba do acadado en 2019 e 2020.

O indicador do INE sobre prezos da vivenda reflicte un aumento medio de prezos en 2022 do 6,6%, dous puntos máis que no ano anterior, o que supón o incremento máis acusado dende 2007 tanto en Galicia como no conxunto de España. A diferenza do acontecido en 2021, os prezos da vivenda nova presentan un incremento superior aos de segunda man, situándose estas taxas de variación interanual no 7,6% e 6,4%, respectivamente (3,3% e 4,8% no ano anterior).


Finalmente, cómpre facer referencia aos indicadores de accesibilidade á vivenda publicados polo IGE. Dunha banda, o esforzo financeiro que unha persoa asalariada ten de realizar anualmente para facer fronte ás súas obrigas coa entidade financeira –porcentaxe de salario dedicado á cota da hipoteca- aumenta ata o 23,9%, nove décimas máis que no ano anterior, rachándose a tendencia descendente iniciada en 2012 (49,1% en 2008).

O prezo adquirible, definido como o prezo máximo que se pode permitir pagar a persoa asalariada media por unha vivenda estándar para que non teña que dedicar máis dun terzo do seu salario anual ao pago da cota anual correspondente a un préstamo hipotecario medio polo 80% do prezo da vivenda, mantense relativamente estable no ano 2022 ascendendo en Galicia ata os 175.832 euros, o que supón en torno a 250 euros máis que en 2021.

A mellora na accesibilidade tamén se reflicte na evolución do cociente entre o prezo medio dunha vivenda e o salario anual medio do traballador, que en 2022 sitúase en 5,6 anos, é dicir, necesita case seis anos de salario íntegro para poder comprar unha vivenda estándar sen financiamento (5,8 anos en 2019 e 8,4 anos en 2008).

Por último, se se considera o grao de exposición ao risco, entendido como o cociente entre o prezo medio dunha vivenda estándar e o prezo máximo que se pode permitir pagar o asalariado medio por unha vivenda estándar sen incorrer nun risco financeiro excesivo, expresado en tanto por cento, este indicador sitúase no 71,6%, dous puntos máis que no ano anterior. Con todo, este é o segundo valor máis reducido de toda a serie histórica, e indica que a exposición ao risco da persoa asalariada é aceptable (menos a 100). ❑

Distribución porcentual do VEB do sector servizos por comarcas. 2020



Fonte: Elaboración propia CES Galicia a partir do IGE.

MAPA 5.

Sector servizos

O VEB xerado polo sector servizos no ano 2022 mantense como o sector máis dinámico da economía galega cunha medra interanual do 5,8% en termos reais, sete seis décimas por baixo do estimado para o conxunto do Estado. As principais ramas de actividade rexistran incrementos do seu VEB medido en base aos índices de volume encadeados, agás as "actividades financeiras e de seguros" (-8,6%). O "comercio, transporte e hostalería", o subsector máis afectado polas limitacións impostas a determinadas actividades para facer fronte á pandemia en 2020, cunha caída interanual superior ao 19%, volve a comportarse como a actividade con maior dinamismo, cun incremento na xeración do veb do 17,4% (14,8% en 2021). Asemade, as "actividades de información e comunicación" medran un 12,6% cando no ano anterior o fixera un 1,2%.


En termos monetarios, o valor engadido bruto do sector servizos ascendeu a 45.413,8 millóns de euros, o que representa o 72,1% do VEB galego (66% no caso do PIB). No conxunto do Estado estas porcentaxes ascenden ata o 74,5% e 67,7%, respectivamente. Segundo as contas económicas trimestrais, Galicia xera o 5,1% do valor engadido bruto total do sector no conxunto do Estado.

Os indicadores de actividade do sector servizos proporcionan información da evolución no curto prazo da actividade das empresas do sector. Tal como se indica no informe de indicadores de actividade do sector servizos publicado polo IGE en base aos microdatos sobre estes indicadores subministrados polo INE, **cadro 3.1.44.**, o índice xeral para o conxunto do ano 2022, tras a caída sen precedentes provocada pola pandemia (-13,6%), e o posterior efecto rebote de 2021, a pesar de que aínda permanecen certas restriccións (17,8%), experimenta en Galicia unha medra do 26%, porcentaxe que se sitúa no 19,9% no conxunto do Estado. Esta evolución indica unha medra nos importes facturados polas empresas pola prestación de servizos e venta de bens que son obxecto do tráfico das empresas do sector, incluídos os realizados por subcontratación.

O crecemento do sector nos últimos dous anos reflíctese nunha medra do índice de cifra de negocios en todas as ramas de actividade. Dunha banda, o comercio medra un 25,9% en Galicia e un 19,7% en España. Doutra, nos "Outros servizos" a facturación aumenta en Galicia un 26,3% fronte ao 20,5% en España.

Tras o forte impacto da crise de 2020 na hostalería, o

VEB e emprego nos servizos (1) (2)



(1) VEB pm, en miles de euros; datos correxidos a efectos estacionais e de calendario (consulta: 27-02-2023)
(2) Os datos de emprego refírense a postos de traballo equivalentes a tempo completo
Fonte: IGE, *Contas económicas trimestrais.*

3.1.42.

sector presenta as taxas de variación interanual máis elevadas cunha medra do 44,5% (29,6% no ano precedente), superando o 32% tanto as actividades de transporte e almacenamento como o comercio por xunto e intermediarios do comercio (36,8% e 17,9% no ano 2021). Asemade, cómpre mencionar a medra do 12,4% no caso das vendas e reparación de vehículos de motor, e do 10,3% no do comercio ao retallo (17,1% e 7,2% no ano anterior).


A pesar da mellora da actividade no sector servizos, a ocupación presenta unha significativa ralentización no ritmo de crecemento. Dunha banda, o número de horas traballadas medra un 1,9%, o que supón máis de cinco menos das taxas interanuais rexistradas no ano anterior (7,2%). Doutra banda, os postos de traballo equivalente a tempo completo aumentan un 2,5% fronte ao 8,2% de 2021.

O maior incremento do emprego en termos relativos, tanto en base a postos de traballo equivalentes a tempo completo como no caso das horas traballadas, rexístrase nas actividades de comercio, transporte e hostalería, cunha medra do 5,1% en ambos os dous casos. A continuación situaríanse as actividades de información e comunicacións, cun incremento interanual do 3,6% no número de postos de traballo equivalente a tempo completo e de 3,3% no das horas. No extremo oposto, as maiores caídas interanuais rexístranse novamente nas actividades financeiras e de seguros (-6% en termos de postos de traballo equivalente e -3,8% en horas traballadas), salientando ademais o descenso do número de horas no caso da administración pública, sanidade e educación (-1%), manténdose relativamente estable os postos de traballo (increméntanse un 0,1%).

Fronte a esta ralentización na ocupación no sector servizos segundo os datos de contas económicas, as afiliacións á Seguridade Social medran un 2,8% (20.227 afiliacións máis), o que supón medio punto porcentual por riba do rexistrado no ano anterior, sendo as actividades relativas á hostalería as que presentan un mellor comportamento, tales como o servizo de comida e bebidas (5.364; 8,8% máis), aloxamento (1.608 afiliacións máis; 17,2%) e educación (1.872 afiliacións; 3,5%). Por contra, seguen os problemas nas actividades dos fogares como empregadores de persoal doméstico, con 850 afiliacións menos (-3,3%).

Tras esta evolución, o número de afiliacións no sector

Contas de produción e explotación por ramas de actividade 2020



Fonte: IGE, *Contas económicas de Galicia.*

3.1.43.

Índice de cifra de negocios por sectores de actividade 2008-22

	2008	2013	2018	2020	2021	2022
			(%)			
Xeral	**-1,5**	**-2,6**	**5,0**	**-13,6**	**17,8**	**26,0**
Comercio	**-1,9**	**-2,4**	**5,5**	**-15,6**	**15,2**	**25,9**
Venta e reparación de vehículos de motor e motocicletas	-16,4	-0,3	8,5	-13,0	17,1	12,4
Comercio por xunto e intermediarios do comercio, salvo de vehículos de motor e motocicletas	0,9	-2,2	6,5	-19,7	17,9	32,3
Comercio a retallo, salvo de vehículos de motor e motocicletas	-1,2	-3,4	2,4	-3,7	7,2	10,3
Outros servizos	**-0,1**	**-3,0**	**3,5**	**-7,5**	**25,3**	**26,3**
Transporte e almacenamento	-1,2	-1,2	3,2	12,0	36,8	32,4
Hostalería	-1,6	-3,8	-1,5	-47,9	29,6	44,5
Información e comunicacións	1,1	-8,8	0,0	1,0	4,1	15,6
Actividades profesionais, científicas e técnicas	6,7	-4,8	6,3	-0,4	20,7	9,2
Actividades administrativas e servizos auxiliares	-4,2	4,5	12,5	-30,3	1,6	11,6

(1) Base 2015. Tasas de variación da media do que vai de ano
Fonte: IGE, *Indicadores de actividade e de VEB do sector servizos.*

3.1.44.

servizos ascende 752.402, o que representa o 72,6% do emprego en Galicia. Por ramas de actividade, salienta por número de afiliacións o subsector do comercio ao retallo agás vehículos de motor (CNAE 47), con 106.367 afiliacións, o 14,1% do emprego no sector, por diante das actividades sanitarias, con 67.606 afiliacións (10,3%), e as actividades de servizos de comidas e bebidas, con 66.340 (o 8,8%).

Comercio

O ano 2022 caracterizouse por un elevado índice de prezos ao consumo, que incide directamente no gasto das familias. En termos agregados, as contas trimestrais de Galicia reflicten unha importante desaceleración no gasto das familias ao medrar un 1,3% respecto ao ano anterior (4,2% en 2021 e -10,4% en 2020). Con todo, cómpre resaltar que o gasto privado atópase significativamente por baixo do nivel previo á crise económica (5,4% menos). Se se observa a evolución ao longo do último ano, o gato das familias presenta unha contracción no segundo semestre do ano.


No que á actividade comercial se refire, o índice xeral de vendas ao retallo, medido en prezos constantes, presente no último ano unha taxa de variación interanual negativa do 1,6%, o que contrasta co incremento do 0,7% no conxunto do Estado (no ano 2020, por mor do impacto da covid, este índice descende un 2,5% en Galicia e un 6,8% en España). Tal como se aprecia no **cadro 3.1.45.**, o índice de ocupación presenta unha medra do 2,8% respecto ao ano anterior en Galicia, dúas décimas máis que en España, cando no ano anterior o fixera nun 0,6% (-2,4% e -1,9% no ano 2021).

O número de establecementos de comercio ao retallo en Galicia a 1 de xaneiro de 2022, contabilizados a partir do Directorio central de empresas do INE, ascendeu a 33.177 locais, sendo a súa importancia relativa no total galego do 15,1%, e o número de empresas se reduce ata as 26.014, o que representa o 13,2% do total galego. No conxunto do Estado este sector concentra o 13,8% dos locais e o 12,5% das empresas. En relación ao mesmo período de 2020, o número de locais redúcese un 3% (1.026 locais menos) e o número de empresas de comercio minoristas nun 0,9% (247 menos). No conxunto do Estado a caída foi menos intensa, situándose a taxa de variación interanual no 1,2% e 1,7%, respectivamente.


Atendendo á desagregación segundo actividade, cómpre resaltar a importancia dos establecementos de comercio polo miúdo doutros artigos en establecementos especializados, con 11.399 locais (5% do total de Galicia), do comercio polo miúdo doutros artigos de uso doméstico en establecementos especializados, con

Comercio interior minorista 2008-22: índices de vendas e ocupación (1)

índice xeral de vendas *(prezos constantes)*



índice de ocupación



(1) Empresas incluídas na división 47 da CNAE-2009 ***Comercio ao retallo, excepto de vehículos de motor e motocicletas***

Fonte: INE, *Índice de comercio al por menor*

3.1.45.

6.039 locais (2,7% do total), así como as actividades de comercio polo miúdo de produtos alimenticios, bebidas e tabaco en establecementos especializados, con 5.636 locais (2,5% do total). En termos do número de empresas o subsector máis importante é o de comercio polo miúdo doutros artigos en establecementos especializados, con 8.958, o 4,6% do total de Galicia, seguido dos produtos alimenticios en establecementos especializados, con 4.893, o 2,5% do total galego.

Por outra banda, a 1 de xaneiro de 2022 en Galicia había un total de 6.238 establecementos dedicados á venda e reparación de vehículos de motor e motocicletas (CNAE 45) e 15.808 locais dedicados ao comercio por xunto e intermediarios de comercio (CNAE 46), o que representa o 2,8% e 7%, do total galego, respectivamente. En termos de número de empresas, o Dirce reflicte que hai un total de 12.568 empresas dedicadas ao comercio por xunto e intermediarios de comercio (o 6,4% das empresas) e 5.115 empresas no ámbito da venda e reparación de vehículos de motor e motocicletas (2,6%).

En termos de emprego, tal como recolle o **cadro 2.1.6.** *[Afiliacións á Seguridade Social 2021-22: distribución segundo principais ramas de actividade]*, a actividade de comercio ao retallo, agás vehículos de motor e motocicletas (CNAE 47), segue a ser con diferenza a que acolle un maior número de afiliacións, con 106.367 persoas afiliadas no ano 2022, o 10,3% do total, o que

Comercio minorista en Galicia e España 2020-22

	Empresas (1)			
	2020	2021	2022	22/21
Galicia	26.933	26.261	26.014	-247
España	435.836	427.637	428.605	968

	Locais (1)			
	2020	2021	2022	22/21
Galicia	34.203	33.410	33.177	-233
España	550.310	541.464	543.658	2.194

(1) datos a partir de INE, *Directorio central de empresas* (datos a 1 de xaneiro de cada ano)
Fonte: INE, *Explotación estadística do directorio central de emresas. DIRCE*

3.1.46.

supón un 0,9% máis que as rexistradas no ano anterior. En sétimo lugar en termos de afiliacións atópase a actividade de Comercio por xunto e intermediarios do comercio, agás de vehículos de motor e motocicletas (CNAE 46), que tras unha medra do 1,4% acada as 48.774 afiliacións, o 4,7% do total de Galicia.

Finalmente, destacar que no que respecta a distribución da afiliacións por réximes de cotización, o 27,5% do total de afiliados na actividade de comercio ao retallo pertencen ao réxime especial de autónomos, situándose esta porcentaxe no 24% no caso do comercio por xunto. Cómpre mencionar que o devandito incremento das afiliacións ven motivado polo incremento de afiliacións no réxime xeral (2,2% e 2,8%, respectivamente), reducíndose por contra un 2,3% e 2,6% no caso do R.E. de autónomos.

Turismo

A crise sanitaria da covid-19 golpeou de xeito especialmente virulento ao sector turístico, como consecuencia tanto da caída da demanda como polas medidas impostas, tanto dentro do país como nos mercados emisores. Como consecuencia, o número de turistas rexistrados nos establecementos hoteleiros de Galicia caeu de media no ano 2020 un 62,9% respecto ao ano anterior, 5,5 puntos porcentuais menos que a caída media no conxunto do Estado (-68,4%). A pesar do forte incremento en 2021, o número de viaxeiros atópase por baixo do nivel acadado en Galicia en 2019 (–44,1% en España).

O ano 2022 foi un bo ano para o sector turístico no que ao número de persoas e pernoitas nos establecementos hoteleiros se refire, superando os catro millóns e medio de viaxeiros e viaxeiras e os nove millóns de pernoitas. Dunha banda, tras unha medra do 48,9%, vinte puntos por baixo do rexistrado bo conxunto do Estado, o número de persoas viaxeiras ascende a 4.693.048 persoas, o que supón o 4,6% do total estatal (5,2% no ano precedente). Este incremento é máis intenso no caso do turismo estranxeiro, cunha medra interanual do 172,4% (814.592 persoas) fronte ao 27,2% no caso dos residentes en España (727.381 persoas máis). Tras esta evolución o 72,6% dos viaxeiros que visitaron Galicia eran residentes en España (3.405.917 persoas) e o 27,4% restante foron viaxeiros residentes no estranxeiro (1.287.131 persoas). No conxunto de España o turismo estranxeiro representa o 48,2% e o nacional o 51,8%.

Todas as provincias presentan incrementos significativos no número de viaxeiros e viaxeiras, rexistrándose os máis acusados na Coruña, co 60,9% (825.756 persoas máis), por diante de Pontevedra, cun 44,1% (457.414 persoas). Ningunha provincia galega presenta un maior dinamismo que a media española, rexistrando Lugo a menor taxa de crecemento, cun 26,9% (71.101), situándose en Ourense no 38% (187.703 persoas). A provincia da Coruña segue a ser a que acolle o maior número de viaxeiros, con 2.182.153 persoas, seguida de Pontevedra, con 1.494.323 viaxeiros, aumentando a concentración ata o 78,3% do total galego

Viaxeiros, pernoitas e estadía media en establecementos hoteleiros en Galicia e España 2021-22 (1)

2022

	Viaxeiros			Pernoitas			Estadía media
	Total	residentes en España	residentes no estranxeiro	Total	residentes en España	residentes no estranxeiro	
Galicia	**4.693.048**	**3.405.917**	**1.287.131**	**9.098.998**	**6.946.209**	**2.152.789**	**1,94**
A Coruña	2.182.153	1.469.094	713.059	3.974.820	2.759.232	1.215.588	1,82
Lugo	681.296	522.082	159.214	1.089.076	886.630	202.446	1,60
Ourense	335.276	299.211	36.065	653.576	581.305	72.270	1,95
Pontevedra	1.494.323	1.115.530	378.793	3.381.526	2.719.041	662.485	2,26
España	**102.645.962**	**53.144.314**	**49.501.648**	**320.736.055**	**119.786.838**	**200.949.217**	**3,12**

2021

	Viaxeiros			Pernoitas			Estadía media
	Total	residentes en España	residentes no estranxeiro	Total	residentes en España	residentes no estranxeiro	
Galicia	**3.151.074**	**2.678.536**	**472.539**	**6.496.912**	**5.627.400**	**869.514**	**2,06**
A Coruña	1.356.397	1.117.403	238.994	2.686.333	2.246.515	439.818	1,98
Lugo	493.593	434.338	59.255	823.940	743.219	80.722	1,67
Ourense	264.175	243.045	21.131	491.384	457.797	33.588	1,86
Pontevedra	1.036.909	883.750	153.159	2.495.255	2.179.869	315.386	2,41
España	**60.724.131**	**40.272.683**	**20.451.448**	**172.806.694**	**90.699.916**	**82.106.778**	**2,85**

(1) datos 2022 son provisionais
Fonte: INE, *Encuesta de ocupación hotelera*


3.1.47.

(76% no ano anterior). Comparado coa situación antes da crise orixinada pola pandemia, en 2022 Galicia supera nun 5,4% o nivel acadado en 2019, o que contrasta co acontecido no conxunto do Estado, onde o número de viaxeiros é aínda un 5,6% inferior. Non obstante, esta mellora é desigual entre as provincias, mellorando a situación nun 12,6% na Coruña (224.675 persoas máis) e nun 5,1% en Lugo (32.817 persoas), o que contrasta coa caída do 6,8% en Ourense e o 0,9% en Pontevedra (24.630 e 13.781 menos, respectivamente).

En paralelo a este incremento do número de viaxeiros e viaxeiras, no ano 2022 rexístrase unha medra no número de pernoitas en establecementos hoteleiros, máis intensa en España que en Galicia. As pernoitas rexistradas aumentaron en Galicia un 40,1% respecto aos datos do ano precedente (85,6% no conxunto do Estado) acadando as 9,1 millóns, 2,6 millóns máis que no ano anterior, o que supón o 2,8% do total estatal, un punto porcentual menos que en 2021. Ao igual que no caso das persoas viaxeiras, as pernoitas en Galicia superan ás rexistradas no ano 2019 (1,2%), a diferenza do que acontece en España (6,5% inferior), sendo esta recuperación desigual entre provincias. Tan só A Coruña presenta unha mellor situación (7,8% superior); 288.581 persoas máis); sendo esta redución do 4% en Lugo (45.582 persoas) e do 3,7% e 3,2% en Ourense e Pontevedra respectivamente (24.869 e 112.784 persoas menos).

Tras esta evolución a estadía media nos establecementos hoteleiros galegos descende a ata os 1,94 días, o que contrasta co incremento no conxunto do Estado onde a estadía media ascende a 3,12 días. A estadía media dos viaxeiros estranxeiros descende ata os 1,67 días (1,84 no ano anterior), en tanto que a rexistrada no caso dos viaxeiros residentes en España ata os 2,04 días (2,10 días no último ano). A estadía media dos turistas estranxeiros no conxunto do Estado foi de 4,06

Viaxeiros e pernoctacións 2011-22: taxa de variación e distribución segundo orixe



(1) datos 2022 son provisionais
Fonte: INE, *Encuesta de ocupación hotelera*

3.1.48.

días e a dos viaxeiros españois, de 2,25 días. Ao igual que acontecera en anos anteriores, as catro provincias galegas presentan estadías medias inferiores á media estatal, tanto para non residentes como para residentes, agás na provincia de Pontevedra, onde se rexistra unha estadía para residentes superior á estatal (2,44 días fronte a 2,25 en España).

A marcada estacionalidade que caracteriza ao sector turístico galego veuse modificada polo efecto da expansión do virus. Así, tal como se reflicte no **cadro 3.1.49.**, o grao máximo de ocupación hoteleira por praza en Galicia no ano 2022 foi do 68,9% e rexistrouse no mes de agosto, e o mínimo, do 18%, no mes de xaneiro. Para o conxunto de España, o máximo e o mínimo alcánzanse nos mesmos meses, situándose estas porcentaxes no 75,4% e o 33,4%, respectivamente. No conxunto do ano, o grao de ocupación hoteleira por praza aumenta en Galicia ata o 42,1% (34,1% no ano anterior), porcentaxe que se sitúa por riba do nivel acadado no ano previo á crise (40,5%). Este grado de ocupación é significativamente inferior á media estatal, onde alcanza o 57,6% (60,1% en 2019).

A evolución dos prezos recibidos polas empresas estúdase a partir do índice de prezos hoteleiros (IPH), que ten en conta as tarifas que aplican a todos os seus clientes, isto é, a fogares, empresas, touroperadores e axencias de viaxes. Fronte á caída experimentada en Galicia en 2020, feito que non acontecía dende o período 2011-14, e o posterior rebote en 2021, a taxa media ponderada do IPH volve a aumentar no último ano, cunha medra do 11,4% (dato provisional). Ao igual que no ano anterior, este índice medra en todas as CC.AA., situándose a media estatal no conxunto do Estado no 17% (11,9% e 12,8% en 2021).

A rendibilidade das actividades hoteleiras valórase a partir da análise de dous indicadores de rendibilidade do sector, como son a tarifa media diaria e os ingresos por habitación dispoñible.

Dunha banda, a tarifa media diaria mide os ingresos medios obtidos por habitación ocupada diariamente. Galicia rexistra no ano 2022 (dato provisional) unha tarifa media de 67,92 euros, un 5,9% máis que no ano anterior; situándose como a sexta C.A. coa tarifa máis reducida só por detrás de Castela-A Mancha, Castela e León, Estremadura, Aragón e Murcia. No conxunto do Estado a tarifa media medra un 11,9% en relación ao ano anterior, ascendendo o ingreso medio diario a 104,74 euros. Comparado co ano 2019, a tarifa media

Grao de ocupación e estadía media en establecementos hoteleiros en Galicia e España 2020-22 (1)


Galicia

	Grao de ocupación por praza			Estadía media
	Total	Valor máximo	Valor mínimo	Total
2020	19,0	44,0	0,0	2,12
2021	30,0	67,8	10,4	2,06
2022	42,1	68,9	18,0	1,94


España

	Grao de ocupación por praza			Estadía media
	Total	Valor máximo	Valor mínimo	Total
2020	26,5	50,7	0,0	2,67
2021	37,1	65,1	14,5	2,85
2022	57,6	75,4	33,4	3,12

Estadía media mensual



Grao de ocupación mensual



(1) datos 2022 son provisionais

Fonte: INE, *Encuesta de ocupación hotelera*

3.1.49.

aumenta un 13,9%, case un punto menos que en España (14,8%).

O ingreso medio por habitación dispoñible aumenta no último ano en Galicia un 31,6%, acadando os 31,95 euros nominais en Galicia, lonxe dos 67,79 euros en España (49% superior ao do ano 2021), e o quinto máis reducido do Estado, só por detrás de Castela-A Mancha, Castela e León, Estremadura e Aragón. En relación ao ano 2019, o ingreso aumenta en Galicia un 19,2%, o segundo máis intenso tras Asturias (21,8%), ascendo a media española ata o 10,8%.

Finalmente compre analizar o chamado turismo extrahoteleiro, que integra ao turismo rural e ás vivendas de uso turístico (VUT), entendidas estas últimas como vi-

Turismo rural en Galicia e España 2019-22 (1): principais indicadores

	2019		2020		2021		2022		22/21	
	Galicia	España	Galicia	España	Galicia	España	Galicia	España	Galicia	España
Nº aloxamentos rurais abertos (2)	452	17.217	283	11.733	378	15.122	393	16.416	15	1.294
Viaxeiros	**227.377**	**4.421.371**	**78.657**	**2.082.909**	**159.934**	**3.379.880**	**209.481**	**4.346.052**	**49.547**	**966.172**
residentes en España	155.819	3.533.544	73.168	1.901.195	139.985	2.904.986	147.416	3.492.956	7.431	587.970
residentes no estranxeiro	71.558	887.827	5.489	181.714	19.949	474.894	62.065	853.096	42.116	378.202
Pernoitas	**426.988**	**11.726.034**	**185.522**	**6.314.601**	**328.046**	**9.779.174**	**389.304**	**11.951.729**	**61.258**	**2.172.555**
residentes en España	314.392	8.521.062	174.493	5.600.543	295.143	7.979.816	298.607	8.943.632	3.464	963.816
residentes no estranxeiro	112.596	3.204.972	11.029	714.058	32.903	1.799.358	90.697	3.008.097	57.794	1.208.739
Grao de ocupación por praza					(%)					
media	19,7	19,2	13,7	15,5	17,9	18,4	20,3	20,4		
fin de semana	29,0	32,7	20,5	23,8	26,6	29,7	30,6	34,8		
Estadía media *(en días)*	1,88	2,89	2,36	3,03	2,05	2,89	1,86	2,75		

(1) datos 2019-21 son definitivos e 2022 son provisionais

(2) Media ponderada dos doce meses do ano.

Fonte: INE, *Encuesta de ocupacion en alojamientos de turismo rural*

3.1.50.

vendas cedidas a terceiras persoas, de xeito reiterado e a cambio de contraprestación económica, para unha estadía de curta duración (inferior a trinta días consecutivos), amobladas e equipadas en condicións de inmediata dispoñibilidade e coas características establecidas por vía regulamentaria, coa peculiaridade de que poida ser ofertado por particulares na súa propia vivenda.

Ao igual que acontece no ámbito do turismo hoteleiro, o turismo rural no ano 2022 en Galicia presenta unha evolución marcadamente positiva, se ben tanto o número de viaxeiros como de pernoitas permanecen por baixo do nivel previo a crise. O **cadro 3.1.50.** reflicte que no último ano o número de viaxeiros neste tipo de establecementos aumenta en Galicia un 31% respecto ao ano anterior, acadando os 209.481 viaxeiros, 49.547 máis que no ano anterior, cifra que aínda está por baixo do nivel de 2019 (227.377 persoas). De xeito paralelo, o número de pernoitas medra un 18,7%, rexistrándose 389.304 pernoitas, o que supón 61.258 máis que no ano precedente (426.989 no ano 2019).

No conxunto do Estado o número de viaxeiros e viaxeiras de turismo rural aumenta de media nun 28,6% e as pernoitas nun 22,2%, polo que o peso relativo da actividade en Galicia no total estatal sitúase no 4,8% no caso dos viaxeiros e ata o 3,3% no caso das pernoitas, en ambos os dous casos tres décimas menos que en 2019.

A medra no número de turistas esténdese tanto ás persoas residentes en España como maioritariamente ás residentes no estranxeiro, con incrementos próximos aos 7.431 e 42.116 viaxeiros respectivamente; en termos relativos este incremento foi do 5,3% e 211,1% en relación aos viaxeiros e viaxeiras en aloxamentos de turismo rural rexistrados en Galicia no ano 2021. O número total de persoas viaxeiras residentes no estranxeiro ascende a 62.065 fronte ás 147.416 persoas de nacionalidade española, niveis inferiores aos rexistrados antes da pandemia (-13,3% e -5,4%, respectivamente).

Ao igual que no ano 2019, o peso do turismo estranxeiro en Galicia sobre o total de viaxeiros nos establecementos de turismo rural é superior á media estatal, cun 29,6% fronte ao 19,6% no conxunto do Estado. En 2019, o turismo estranxeiro representaba en Galicia o 31,5% mentres que en España supuña o 20,1%.

O número medio de establecementos de turismo rural aumenta en Galicia ata os 393 establecementos, 15

Vivendas de uso turístico 2021-22

2022

	Establecementos	Cuartos	Prazas
Galicia	14.068	37.731	74.661
A Coruña	4.941	13.931	26.645
Lugo	1.866	4.871	9.837
Ourense	526	1.449	2.861
Pontevedra	6.735	17.480	35.318

2021

	Establecementos	Cuartos	Prazas
Galicia	12.070	32.479	64.172
A Coruña	4.345	12.313	23.560
Lugo	1.568	4.066	8.219
Ourense	434	1.209	2.369
Pontevedra	5.723	14.891	30.024
Galicia 22/21	16,6	16,2	16,3

Fonte: IGE, *Aloxamentos turísticos*

3.1.51.

máis que no ano anterior (449 establecementos no ano 2019). Esta medra tradúcese nun incremento moi importante do número de prazas estimadas, que se sitúa en 5.182, un 5,4% superior ás do ano anterior (266 prazas máis). Tendo en conta o maior incremento interanual rexistrado en España (10,7%), Galicia acolle o 2,4% dos establecementos e o 3,3% das prazas totais estimadas, porcentaxes inferiores ás do ano anterior (2,5% dos establecementos e o 3,4% das prazas).

O grao de ocupación medio por praza en establecementos de turismo rural ascendeu en Galicia no ano 2022 ata o 20,3%, case dous puntos e medio superior á do ano anterior (17,9%), sendo inferior á rexistrada de media en España (20,4%). Na fin de semana o grao de ocupación por praza acada o 30,6% na Comunidade Autónoma, case catro puntos máis que no ano anterior, e o 34,8% no conxunto do Estado. En ambos os dous casos, estes graos de ocupación sitúanse por riba do rexistrado no ano 2019, que ascende de media en Galicia ata o 19,7% e o 29% na fin de semana (19,2% e 32,7%, respectivamente, en España). A estadía media nestes establecementos descende en 2022 ata os 1,86 días en Galicia e 2,75 días da media no conxunto do Estado (88 e 2,65, respectivamente).

As vivendas de uso turístico estanse a converter nun referente indispensable á hora de analizar o sector turístico. Os datos do rexistro de aloxamentos turísticos publicados polo IGE amosan que a un de xaneiro de 2022 Galicia contaba con 14.068 establecementos. Comparado co ano anterior, o número de establecementos medra un 16,6%, o que supón 1.998 establecementos máis. Deste xeito, **cadro 3.1.51.**, aumenta o número de habitacións ata as 37.731, un 16,2% máis que no ano 2021 (5.252 habitacións). As prazas rexistradas situábanse en 74.661, o que supón unha medra do 16,3% respecto ao ano anterior (14.489 prazas máis).

A provincia de Pontevedra non só segue sendo a que rexistra o maior número de establecementos, prazas e habitacións, senón que no último ano aumenta lixeiramente a súa concentración. Así, Pontevedra acolle o 47,9% dos establecementos fronte ao 35,1% na Coruña, situándose estas porcentaxes por riba do 46% no caso das habitacións e prazas en Pontevedra fronte a menos de 37% na provincia da Coruña.

Un último aspecto a ter en conta é o turismo vinculado á peregrinación a Santiago de Compostela. Tras a forte

Transporte de mercadorías e pasaxeiros 2021-22

	Mercadorías			Pasaxeiros		
	2022	2021	22/21	2022	2021	22/21
	(en miles de tm.)		*(%)*	*(en miles de persoas)*		*(%)*
Estrada (1)	109.668,0	110.018,0	-0,3	51.188,0	42.949,0	19,2
Ferrocarril (2)	1.362,6	1.372,8	-0,7	1.053,2	441,7	138,5
Marítimo (3)	35.012,4	30.315,5	15,5	410,6	69,1	494,3
Marítimo (4)	1.382,7	1.549,7	-10,8	1.433,5	996,5	43,9
Aéreo	5.634,1	5.830,0	-3,4	5.153,8	2.797,3	84,2

(1) os datos de pasaxeiros refírense a transporte urbano en autobús
(2) viaxeiros de longa distancia con orixe en Galicia
(3) tráfico nos portos do Estado; os datos de pasaxeiros refírense ós pasaxeiros de cruceiros
(4) tráfico nos portos de Portos Galicia
Fonte: elaboración propia CES-Galicia

3.1.52.

caída do número de peregrinos en 2020 e a posterior recuperación en 2021 por mor do levantamento das restricións de mobilidade, os datos da oficina de acollida ao peregrino rexistran en 2022 un total de 437.506 persoas, o que supón un 25,9% máis que as rexistradas antes da pandemia (89.9258 peregrinos máis). A diferenza do acontecido en 2019, no último ano o número de homes que peregrinan supera ao das mulleres (o 52,6% son homes) cando no ano 2019 supoñen o 48,8%.

Atendendo á nacionalidade dos peregrinos, o 54,6% son persoas españolas (41,9% no ano previo á crise orixinada pola pandemia), entre os que sobresaen as persoas procedentes de Andalucía e Madrid, que representan o 12% e 10,1% do total de peregrinos. Entre as persoas estranxeiras, cómpre resaltar o peso das persoas de nacionalidade italiana, o 6,2%, e as procedentes dos Estados Unidos, co 5,9%. Comparado coa situación existente no ano 2019, o número de peregrinos e peregrinas estranxeiras aínda é inferior ao rexistrado nese ano (-1,7%; 3.393 persoas menos), aumentando por contra máis dun 60% no caso das persoas de nacionalidade española (64,1%; 93.321 persoas máis).

Máis da metade dos peregrinos recorren o camiño francés, con 226.445 persoas (o 51,8% do total), seguíndolle o camiño portugués, con 93.047 persoas, o 21,3% do total. Comparado rexistrado en 2019, o devandito incremento do número de peregrinos rexístrase nos diferentes camiños, salientando o dinamismo do camiño inglés, cunha medra do 53,2% (8.397 persoas máis) e dos camiños portugués da costa e primitivo, cunha medra do 36,9% e 35,7%, respectivamente (máis de 8.200 peregrinos e peregrinas máis). En termos absolutos o camiño francés é o que presenta o maior incremento, con 36.508 persoas máis (19,2%), por diante do camiño portugués, con 20.690 peregrinos máis (28,6%).

Transporte

Os datos correspondentes ao tráfico de mercadorías reflicten que 2022 non foi un bo ano, cunha redución tanto no tráfico de mercadorías por estradas como por vía aérea e ferrocarril, aumentando por contra o tráfico de mercadorías nos portos do Estado. Por contra, no concernente ao tráfico de pasaxeiros, os distintos medios de transporte presentan unha medra respecto ao ano precedente.

A estrada é a vía de comunicación máis importante tanto no tráfico de pasaxeiros como de mercadorías, seguíndolle en importancia o transporte marítimo nos portos do Estado no caso das mercadorías, e a vía aérea no transporte de pasaxeiros (**cadro 3.1.52.**).

Case tres cuartas partes das mercadorías con orixe ou destino en Galicia no ano 2022 utilizaron o transporte por estrada. O volume de mercadorías transportadas

Transporte de mercadorías por estrada nas CC.AA. 2021-22 (1)

	2022			
	Total	intrarrexional	interrexional	internacional
	(en miles de tm.)	*(%)*		
Galicia	109.668	69,3	26,0	4,8
Total	1.588.191	53,6	24,4	6,0

	2021			
	Total	intrarrexional	interrexional	internacional
	(en miles de tm.)		*(%)*	
Galicia	110.018	68,4	26,7	4,9
Total	1.626.818	53,4	24,3	5,6

22/21	*(%)*
Galicia	-0,3
Total	-2,4

(1) toneladas transportadas por cabezas tractoras e camións con capacidade de carga útil superior a 3,5 Tm. e con peso superior a 6 Tm., matriculados en España

Fonte: Ministerio de Transportes, Movilidad y Agenda Urbana, *Transporte de mercancías por carretera*

3.1.53.

por estrada caeu un 0,3% no último ano, sendo este descenso interanual moito máis intenso en España (–2,4%). Deste xeito, o peso relativo sobre o total do Estado do transporte de mercadorías por estrada aumenta ata o 6,9%, unha décima por riba do experimentado no ano anterior.

No que respecta ao trasporte por estrada dentro de España, **cadro 3.1.53.**, o peso relativo do comercio interrexional no tráfico total galego descende ata o 26%, porcentaxe que se sitúa no 24,4% no conxunto do Estado. O peso relativo do comercio intrarrexional en Galicia mantense como o cuarto máis importante do Estado, por detrás de Canarias, Baleares e Andalucía, co 69,3% do total, situándose a media estatal no 53,6%. Finalmente o 4,8% do transporte interior por estrada en Galicia ten unha orixe ou destino internacional, 1,2 puntos porcentuais menos que na media do Estado.

O tráfico de mercadorías nos Portos de Interese do Estado en Galicia medrou en 2022 un 15,5% en relación ao rexistrado no ano anterior, case cinco décimas por riba do rexistrado en España (3,3%), aínda que segue sendo o segundo medio de transporte en importancia en canto a volume de mercadorías transportadas (**cadro 3.1.54.**). Tras este importante dinamismo, o volume do tráfico de mercadorías supera xa o seu nivel precrise en Galicia (2 millóns; 5,9%), o que contrasta co acontecido no conxunto do Estado, cun movemento un 0,4% inferior ao de 2019.

Os portos de interese xeral galegos moveron un total de 35.012,4 miles de toneladas, o que supón o 6,2% do total estatal (5,6% no ano anterior). O devandito incremento explícase pola evolución nos portos da Coruña e Ferrol San Cibrao, cunha medra interanual do 25,5% e 18,4%, respectivamente. Fronte a este comportamento positivo, o porto de Vigo rexistra unha caída do 2,5%, situándose nun 0,9% en Marín-Pontevedra e Vilagarcía.

Tras esta evolución, os portos de A Coruña e Ferrol–San Cibrao son os que rexistran o maior movemento de mercadorías, concentrando o 42,2% (14.895,2 miles de toneladas) e o 33,6% (11.773 miles de toneladas) do total, respectivamente. O tráfico de mercadorías no porto de Vigo ascende ata as 4.661,1 miles de toneladas, o 13,3% do total, situándose como terceiro porto en importancia en termos de volume.

Por tipo de mercadoría transportada, o movemento máis importante en termos de volume corresponde aos graneis sólidos, con 14.061,7 miles de toneladas, 31,7%

Tráfico de mercadorías nos portos de interese xeral 2021-22

	Graneis líquidos		Graneis sólidos		Mercadoría xeral	
	2022	2021	2022	2021	2022	2021
			(en tm.)			
Total	**12.778.178**	**11.490.271**	**14.061.717**	**10.673.195**	**7.908.275**	**7.863.050**
A Coruña	8.514.337	7.992.423	5.388.695	2.934.097	896.948	845.562
Ferrol-San Cibrao	3.937.941	3.172.236	6.855.353	5.994.195	967.247	764.962
Marín-Ría de Pontevedra	4	-	1.111.337	984.648	1.048.237	1.195.517
Vigo	32.019	51.964	304.134	334.290	4.201.789	4.253.058
Vilagarcía	293.877	273.648	402.198	425.965	794.054	803.951
Total Portos do Estado	**182.539.206**	**171.341.840**	**94.213.432**	**85.063.983**	**270.960.801**	**275.762.836**
Galicia / España *(%)*	7,0	6,7	14,9	12,5	2,9	2,9

	Pesca		Avituallamento e tráfico local		Total	
	2022	2021	2022	2021	2022	2021
			(en tm.)			
Total	**65.662**	**67.381**	**198.597**	**221.620**	**35.012.429**	**30.315.517**
A Coruña	28.081	28.390	67.181	70.238	14.895.242	11.870.710
Ferrol-San Cibrao	117	234	12.360	14.653	11.773.018	9.946.280
Marín-Ría de Pontevedra	3.714	2.732	21.918	23.069	2.185.210	2.205.966
Vigo	33.750	36.025	89.439	105.902	4.661.131	4.781.239
Vilagarcía	-	-	7.699	7.758	1.497.828	1.511.322
Total Portos do Estado	**145.877**	**160.106**	**14.407.166**	**11.800.803**	**562.266.482**	**544.129.568**
Galicia / España *(%)*	45,0	42,1	1,4	1,9	6,2	5,6

Fonte: Ministerio de Transportes, Movilidad y Agenda Urbana, *Transporte marítimo*

3.1.54.

Tráfico de mercadorías nos portos xestionados por Portos de Galicia 2019-22

	2019		2020		2021		2022		20/19	21/20	22/21
	(en tm.)	*(% / total)*	*(en tm.)*	*(% / total)*	*(en tm.)*	*(% / total)*	*(en tm.)*	*(% / total)*	*(%)*	*(%)*	*(%)*
Total	**1.487.556**	**100,0**	**1.251.945**	**100,0**	**1.549.714**	**100,0**	**1.382.673**	**100,0**	**-15,8**	**23,8**	**-10,8**
A Pobra do Caramiñal	104.340	7,0	85.091	6,8	85.394	5,5	56.813	3,7	-18,4	0,4	-33,5
Burela	37.701	2,5	23.737	1,9	18.414	1,2	97.075	6,3	-37,0	-22,4	427,2
Canido	-	-	50	0,0	-	-	-	-	-	-100,0	0,0
Cariño	594.488	40,0	501.387	40,0	639.067	41,2	503.544	32,5	-15,7	27,5	-21,2
Cee	203.344	13,7	57.236	4,6	63.332	4,1	69.944	4,5	-71,9	10,7	10,4
Pontecesures	140	0,0	-	-	-	-	-	-	-100,0	-	0,0
Ribadeo	417.404	28,1	452.889	36,2	594.335	38,4	538.011	34,7	8,5	31,2	-9,5
Ribeira	23.849	1,6	18.481	1,5	12.156	0,8	1.120	0,1	-22,5	-34,2	-90,8
Viveiro-Celeiro	106.290	7,1	113.074	9,0	137.016	8,8	116.166	7,5	6,4	21,2	-15,2

Fonte: Portos de Galicia

3.1.55.

Tráfico de pasaxeiros nos portos de interese xeral 2021-22

	Liña regular (augas interiores)			Cruceiros		
	2022	2021	22/21 (%)	2022	2021	22/21 (%)
Total	**1.632.205**	**1.333.978**	**22,4**	**410.638**	**69.095**	**494,3**
A Coruña	9.096	10.757	-15,4	222.098	30.177	636,0
Ferrol-San Cibrao	13.024	6.400	103,5	13.244	3.096	327,8
Marín e Ría de Pontevedra	121.727	108.974	11,7	-	-	-
Vigo	1.481.322	1.202.263	23,2	173.220	34.656	399,8
Vilagarcía	7.036	5.584	26,0	2.076	1.166	78
Total Portos do Estado	**24.791.907**	**15.762.337**	**57,3**	**8.151.598**	**2.219.083**	**267,3**
Galicia / España *(%)*	6,6	8,5		5,0	3,1	

Fonte: Autoridades Portuarias e Puertos del Estado

3.1.56.

superior ao rexistrado no ano anterior, das que o porto de Ferrol-San Cibrao move o 48,8% (6.855,4 miles de toneladas) e o da Coruña, tras unha medra superior ao 80%, move o 38,3% desta mercadoría en Galicia (5.388,7 miles de toneladas). O transporte de graneis líquidos é o segundo en importancia en canto a volume e, tras unha medra do 11,2%, acada os 12.778,2 miles de toneladas, das que o 66,6% corresponde ao porto da Coruña (8.514,3 miles de toneladas) e un 30,8% ao de Ferrol-San Cibrao (3.937,9 miles de toneladas).

O tráfico de pesca fresca en Galicia representa o 45% do total realizado nos portos de interese xeral no conxunto do Estado (57,3% en 2019), acadando as 65,7 miles de toneladas no ano 2022, un 2,6% menos que no exercicio precedente (-8,9% no conxunto de España). Entre os portos galegos, o porto de Vigo segue sendo o primeiro en volume, e tras unha redución do 6,6% alcanza as 33,8 miles de toneladas, o que supón o 51,4% do total de pesca en Galicia e o 23,1% da pesca total descargada en España. A continuación sitúase o porto da Coruña, con 28 miles de toneladas, o que representa o 42,8% do total de Galicia e o 19,2% do total estatal.

No que respecta aos portos xestionados por Portos de Galicia, o volume de mercadorías movidas nestas instalacións no último ano redúcese un 10,8% respecto ao ano anterior, movéndose un total de 1.382,6 miles de toneladas, volume que se sitúa por baixo do rexistrado en 2019 (1.487,6 miles de toneladas). Tras unha medra interanual do 9,5%, o porto de Ribadeo sitúase como o porto máis importante en termos de volume, con 538 miles de toneladas, adiantando este ano ao porto de Cariño, con 503,5 miles de toneladas (-21,2%). Estes dous portos concentran o 67,2% do volume total de mercadoría en 2022 fronte ao 68% en 2019 (79,6% en 2021) (**cadro 3.1.55.**).

No que respecta ao transporte marítimo de pasaxeiros nos portos de interese xeral, no ano 2022 recupéranse o número de pasaxeiros perdidos ao longo do ano 2020 por mor das limitacións de mobilidade. En 2022 o número de pasaxeiros ascendeu a 410.638 persoas, o 5% do total estatal, cifra que se sitúa lonxe dos máis de trescentos mil do ano 2019. A Autoridade portuaria da Coruña é a que acolle un maior número de cruceiristas, con 222.098 persoas, superando ao porto de Vigo, con 173.220 pasaxeiros e pasaxeiras.

No que se refire ao número de viaxeiros de liña regular, todas as autoridades portuarias agás A Coruña rexistran incrementos de viaxeiros, salientando Vigo cun incremento de 279.059 persoas máis para situarse nos 1.481.322 viaxeiros e viaxeiras, o 90,1% deste tráfico total en Galicia (**cadro 3.1.56.**).

A cota modal do ferrocarril en Galicia mantense no último ano para situarse no 0,9% do total de mercadorías transportadas (toneladas), cando no ano 2019 representaba o x,x%.

Tráfico ferroviario de viaxeiros e mercadorías en Galicia e España 2021-22 (1)

	2022			2021			22/21		
	Viaxeiros		Mercadorías	Viaxeiros		Mercadorías	Viaxeiros		Mercadorías
	Media distancia	Longa distancia	(en tm.)	Media distancia	Longa distancia	(en tm.)	Media distancia	Longa distancia (%)	
Galicia	**4.837.845**	**1.053.213**	**1.362.551**	**2.689.516**	**441.659**	**1.372.813**	**79,9**	**138,5**	**-0,7**
A Coruña	2.619.433	299.675	496.683	1.518.806	138.654	542.377	72,5	116,1	-8,4
Lugo	58.310	30.960	114.969	34.555	24.340	116.856	68,7	27,2	-1,6
Ourense	428.386	485.349	116.331	182.323	196.131	112.872	135,0	147,5	3,1
Pontevedra	1.731.716	237.229	634.568	953.832	82.534	600.708	81,6	187,4	5,6
España	**34.291.563**	**29.990.068**	**14.634.156**	**19.851.731**	**18.847.791**	**15.332.179**	**72,7**	**59,1**	**-4,6**

(1) viaxeiros subidos; mercadorías en orixe

Fonte: Renfe Operadora

3.1.57.

Tráfico comercial aéreo 2020-22 (1)

Operacións

	2020	2021	2022	21/20 (%)	22/21 (%)
Aeroportos galegos	**27.736**	**36.651**	**53.582**	**32,1**	**46,2**
A Coruña	11.190	12.084	14.364	8,0	18,9
Santiago-Rosalía de Castro	10.949	15.376	25.458	40,4	65,6
Vigo	5.597	9.191	13.760	64,2	49,7
Total España	**1.101.250**	**1.518.847**	**2.216.327**	**37,9**	**45,9**
Galicia / España *(%)*	2,5	2,4	2,4		

Pasaxeiros

	2020	2021	2022	21/20 (%)	22/21 (%)
Aeroportos galegos	**1.675.636**	**2.797.341**	**5.153.837**	**66,9**	**84,2**
A Coruña	436.775	594.584	963.957	36,1	62,1
Santiago-Rosalía de Castro	935.395	1.653.663	3.236.619	76,8	95,7
Vigo	303.466	549.094	953.261	80,9	73,6
Total España	**76.065.601**	**119.952.578**	**243.681.775**	**57,7**	**103,1**
Galicia / España *(%)*	2,2	2,3	2,1		

Mercadorías

	2020	2021	2022	21/20 (%)	22/21 (%)
Aeroportos galegos	**3.342.163**	**5.830.014**	**5.634.141**	**74,4**	**-3,4**
A Coruña	84.375	85.451	91.130	1,3	6,6
Santiago-Rosalía de Castro	2.981.222	4.938.251	4.853.317	65,6	-1,7
Vigo	276.566	806.312	689.694	191,5	-14,5
Total España	**789.176.762**	**998.699.589**	**1.000.356.239**	**26,5**	**0,2**
Galicia / España *(%)*	0,4	0,6	0,6		

(1) non se inclúen outras clases de tráfico (militares, de estado, privados e traballos aéreos)

Fonte: AENA, *Informes estadísticos anuales de los aeropuertos españoles*

3.1.58.

O tráfico ferroviario de mercadorías volve a descender en Galicia no ano 2022. Tras unha caída interanual do 0,7% o movemento de mercadorías sitúase en 1.312,6 miles de toneladas, case catro puntos menos que no conxunto do Estado (-4,6%), o que representa o 9,3% do total do conxunto do Estado (10,3% en 2019).

Atendendo á distribución provincial cómpre mencionar a súa desigual evolución, reducíndose o tráfico ferroviario de mercadorías na Coruña e Lugo (-8,4% e -1,6%, respectivamente) fronte á medra en Ourense (3,1%) e Pontevedra (5,6%). Tras esta evolución, Pontevedra segue a ser a provincia máis importante en termos de volume, con 634.568 toneladas, o que supón o 46,6% do total galego, por diante da Coruña, con 496.683 toneladas, o 36,5%.

No que respecta ao transporte de pasaxeiros, A Coruña acolle o 54,1% dos viaxeiros de media distancia convencional (2.619.433 persoas), seguida de Pontevedra con 1.731.716 viaxeiros, o 35,8% do total de Galicia en 2022. Ourense é a provincia onde o número de viaxeiros de longa distancia é maior, con 485.349 persoas, o 46,1% do total en Galicia.

Tras o forte incremento do número de pasaxeiros tanto de media distancia (79,9%) como de longa distancia (138,5%), o tráfico de pasaxeiros superou xa o nivel precrise. En concreto, un 19,2% no caso da media distancia e un 55,6% no de longa distancia, sendo este incremento motivado pola posta en servicio de novas liñas de alta velocidade.

No concernente ao movemento aéreo de mercadorías, tras unha medra do 74,4% do volume transportado ao longo de 2021 no sistema aeroportuario galego, no último ano experimentouse unha caída do 3,4% (aumenta un 0,2% de media no Estado), acadando un total de 5.634,1 toneladas transportadas, o que supón o 0,6% do total estatal, dúas décimas máis que en 2019 e 2020.

Como reflicte o **cadro 3.1.58.**, o devandito descenso veu motivado pola evolución do tráfico nos aeroportos de Vigo e Santiago de Compostela, aumentando por contra no aeroporto da Coruña. O aeroporto de Santiago de Compostela move un total de 4.853,3 toneladas, o 86,1% do total galego, fronte ás 689,7 toneladas en Vigo (12,2%) e 91,1 toneladas no aeroporto da Coruña (1,6% do total galego).

En relación á evolución do tráfico aéreo de pasaxeiros, o sistema aeroportuario galego considerado no seu conxunto presenta no ano 2022 un peor comportamento que o total dos aeroportos españois, aumentando lixeiramente por riba no caso do número de operacións. Dunha banda, o número de operacións nos aeroportos galegos medra un 46,2%, fronte ao 45,9% en España; doutra banda, o incremento do número de pasaxeiros é máis acusado no conxunto do Estado, ao aumentar un 84,2% respecto ao ano anterior, case vinte puntos por baixo do rexistrado en España (103,1%).

Tras esta evolución o sistema aeroportuario galego move en 2022 un total de 5.153.837 persoas (o 2,1% do total estatal), cifra que se sitúa aínda lixeiramente por baixo do rexistrado en 2019 (5.268.457 persoas). Este incremento rexístrase nos tres aeroportos, superando o 95% no caso de Santiago de Compostela e o 73% en Vigo. Tras esta evolución, Lavacolla é o principal aeroporto por número de pasaxeiros, con 3.236.619 persoas (o 62,8% do total de Galicia), seguido novamente polo aeroporto de Alvedro, con 963.957 pasaxeiros (18,7%), e finalmente o aeroporto de Peinador, con 953.261 pasaxeiros (18,5% do total galego).

Sector financeiro

O sistema financeiro mantivo no ano 2022 o ininterrompido, dende 2007, proceso de axuste da súa capacidade, con reducións do número de oficinas das entidades de crédito tanto en Galicia como no conxunto do Estado. Segundo os datos publicados polo IGE, este último ano rexístranse en Galicia un total de 1.025, 59 menos das operativas no ano anterior. Dende o ano 2008, o número de entidades de depósito reduciuse case un 60% tanto en Galicia como en España, o que supón 1.509 entidades de crédito menos.

Nas catro provincias galegas diminúe o número de ofi-

Entidades de crédito en Galicia e España 2008-22 (1): oficinas, depósitos do sector privado e créditos

	Depósitos (2)				Créditos		
	Galicia						
	Totais	Depósitos á vista	Depósitos de aforro	Depósitos a prazo	Totais	AA.PP.	Outros sectores residentes
				(en millóns de euros)			
2008	48.002,4	7.791,1	12.131,5	28.079,7	70.369,8	1.509,8	68.860,0
2013	52.763,7	7.973,6	15.417,4	29.372,7	50.104,3	2.710,0	47.394,3
2019	63.490,7	50.437,0	..	13.053,6	41.548,5	2.605,8	38.942,7
2020	69.406,2	57.996,0	..	11.410,2	45.634,8	4.206,9	41.427,9
2021	71.661,9	63.009,3	..	8.652,5	46.692,6	5.020,7	41.671,8
2022	74.144,1	66.512,1	..	7.631,0	47.337,9	5.347,1	41.990,8
	España						
	Totais	Depósitos á vista	Depósitos de aforro	Depósitos a prazo	Totais	AA.PP.	Outros sectores residentes
				(en millóns de euros)			
2008	1.143.674,4	248.998,4	179.815,2	714.860,8	1.842.796,7	47.688,2	1.795.108,6
2013	1.134.914,5	290.344,4	206.530,4	638.039,7	1.469.010,4	76.626,6	1.392.383,8
2019	1.218.981,2	1.021.154,4	..	178.832,1	1.199.375,2	63.785,6	1.135.589,6
2020	1.329.870,1	1.164.347,7	..	144.078,8	1.249.301,6	74.357,0	1.174.944,6
2021	1.390.015,0	1.264.482,7	..	104.734,5	1.252.354,0	78.918,9	1.173.435,1
2022	1.410.798,9	1.293.585,7	..	104.672,5	1.246.574,2	79.811,4	1.166.762,8

(1) datos a decembro de cada ano; non se inclúen as oficinas no estranxeiro

(2) depósitos á vista: instrumentos financeiros no que as cantidades depositadas se poden retirar ou transferir en calquera momento, sin previo aviso á entidade


depósitos de aforro: instrumentos financeiros nos que o tenedor, previo aviso, ten que agardar un período fixo para poder dispor dos seus fondos

depósito a prazo: os contratatados por un prazo de tempo determinado.Nun sentido máis amplo tamén se recolle nesta denominación a algúns activos financeiros non neg

Fonte: IGE, *Servizos financeiros*

3.1.59.

Oficinas de entidades de depósito. Galicia-España 2008-22




(1) Exclúense as oficinas no estranxeiro. Datos a decembro de cada ano

Fonte: IGE, *Servizos financeiros*

3.1.60.

Evolución das afiliacións á Seguridade Social nos Servizos Financeiros: 2008-22



Fonte: IGE, *Afiliacións á Seguridade Social e Mutualidades*

3.1.61.

Oficinas das entidades de crédito: 2008-22 (1)

	2008	2013	2019	2020	2021	2022
A Coruña	994	746	540	502	425	410
A Coruña	306	210	150	137	118	112
Ferrol	60	42	29	25	21	20
Santiago de Compostela	113	85	62	54	46	41
resto de concellos	515	409	299	286	240	237
Lugo	336	273	219	196	200	165
Lugo	89	65	52	44	42	36
resto de concellos	247	208	167	152	158	129
Ourense	375	242	182	167	140	139
Ourense	123	84	63	56	44	44
resto de concellos	252	158	119	111	96	95
Pontevedra	829	582	425	369	319	311
Pontevedra	89	60	42	35	25	26
Vigo	317	219	157	136	122	114
resto de concellos	317	219	157	136	122	122
Total	2.534	1.843	1.366	1.234	1.084	1.025

(1) datos a 31 de decembro de cada ano
Fonte: IGE, *Servizos financeiros*


3.1.62.

cinas de entidades de depósito no ano 2022, concentrándose o maior descenso interanual nas grandes cidades, con oito entidades menos en Vigo, seis menos nas cidades da Coruña e Lugo, ou cinco menos en Santiago de Compostela. Por contra, Pontevedra conta cunha entidade de crédito máis que en 2021, permanecendo constante en Ourense.

Un total de 54 concellos galegos non contaban con ningunha oficina no ano 2022 (24 en 2008) e outros 131 tan só dispoñen dunha sucursal, dez máis que no ano anterior (56 en 2008). É importante mencionar a evolución experimentada na provincia de Ourense, onde 30 dos 92 concellos non contan con oficinas das entidades de crédito e 48 só teñen unha (10 e 18, respectivamente, en 2008).

En relación ao número de habitantes, Galicia conta no

Porcentaxe de créditos sobre depósitos en Galicia e España 2008-22



Fonte: IGE, *Servizos financeiros*

3.1.63.

último ano con 3,8 oficinas de entidades de crédito por cada 10.000 habitantes, 4 entidades no ano anterior, situándose en 2008 esta relación en 9,1 entidades. Pontevedra mantense como a provincia que presenta unha menor proporción, con 3,3 oficinas por cada 10.000 habitantes (8,7 oficinas en 2008), situándose no extremo oposto Lugo, con 6,1 oficinas (9,5 oficinas en 2008). Asemade, cómpre mencionar que o maior descenso rexístrase en Ourense, ao pasar de 11,2 oficinas a 4,6 oficinas por cada dez mil habitantes entre os dous anos considerados. Na provincia da Coruña hai un total de 3,8 oficinas fronte ás 8,7 oficinas do ano 2008.

No concernente ao emprego, o número de afiliacións nos servizos financeiros (CNAE 64) continúa descendendo, situándose de media no ano 2022 en 8.448 afiliacións, cifra inferior á do ano anterior (8.633 afiliacións) e 6.201 persoas afiliadas menos que no ano 2008 (14.649 afiliacións). O **gráfico 3.1.61.** mostra o devandito descenso das afiliacións no sector tanto en Galicia como no conxunto de España.

O volume de depósitos do sector privado nas entidades de crédito medra nun 3,5% en Galicia (1,5% de media no Estado), tres décimas máis que o rexistrado na ano anterior (4,5% en España) O montante dos depósitos do sector privado en entidades de crédito en Galicia ascende en 2022 a 74.144,1 millóns de euros, situándose no 5,3% o seu peso relativo no total estatal.

Como se aprecia no **gráfico 3.1.63.** continúa o descenso do peso dos créditos sobre depósitos tanto en Galicia como en España, sendo esta relación moito máis elevada no conxunto do Estado. No ano 2022 a porcentaxe de créditos sobre depósitos en Galicia descende ata o 63,8%, case 25 puntos menos que en España (88,4%), cando en 2008 esta relación situábase en 146,6% en Galicia (161,1 no Estado). ❑

3.2. Demografía empresarial

A ralentización no ritmo de crecemento da actividade económica en 2022 tradúcese nunha caída interanual do número de empresas con traballadores inscritas na Seguridade Social en Galicia, que remata o ano con 80.588 empresas, 778 menos que na mesma data do ano anterior. Atendendo á evolución ao longo dos últimos anos cómpre resaltar en primeiro lugar o descenso paulatino dende o ano 2010 do seu peso relativo no total estatal; e en segundo lugar, tanto en Galicia como en España o número de empresas inscritas é inferior ao rexistrado en 2008 e 2019, sendo esta caída significativamente máis acusada na Comunidade Autónoma.

No que á dinámica empresarial se refire, no ano 2022 constituíronse un total de 14,1 sociedades por cada 10.000 habitantes fronte ás 20,8 sociedades no conxunto do Estado. Doutra banda, o índice de rotación, entendido como o número de sociedades disoltas por cada cen constituídas, racha no último ano a tendencia crecente iniciada no ano 2017 acadando en Galicia un valor de 39,6, o que contrasta co incremento rexistrado no conxunto de Estado ata as 26,5 sociedades extinguidas por cada cen constituídas.

Xunto aos devanditos índices, o número de debedores concursados constitúe un indicador importante da dinámica empresarial. O número de debedores concursados en Galicia en 2022 ascende a 540 (un 16,9% superior ao ano anterior; 78 máis), dos que 371 son persoas físicas, con e sen actividade empresarial, e as restantes 169 son empresas. Este incremento ven explicado tan só pola evolución das persoas físicas, con 94 debedores concursados máis, o que contrasta coa evolución das empresas concursadas (16 empresas menos).

Empresas inscritas na Seguridade Social

A ralentización da economía galega no último ano incide nunha caída do número de empresas inscritas na Seguridade Social. A 31 de decembro 2022 Galicia conta con 80.588 empresas inscritas, o que supón unha caída do 1% en relación ao ano anterior (778 empresas menos). Tendo en conta que no conxunto do Estado esta caída foi do 0,2%, continúa o descenso do peso relativo das empresas galegas no total estatal, que no último ano se sitúa no 6,06%.

Atendendo á súa evolución ao longo dos últimos anos,

Empresas con traballadores inscritas na Seguridade Social en Galicia e España 2008-22 (1) (2)

	Galicia	España	Galicia / España (%)	Galicia (taxa de variación interanual)	España (taxa de variación interanual)
2008	87.472	1.332.090	6,57	-2,4	-5,3
2013	80.118	1.246.167	6,43	-1,8	-0,2
2019	82.285	1.340.415	6,14	-0,7	-0,5
2020	79.531	1.295.656	6,14	-3,3	-3,3
2021	81.366	1.332.390	6,11	2,3	2,8
2022	80.588	1.329.897	6,06	-1,0	-0,2

		2021	2022	22/21	(%)
Galicia		**81.366**	**80.588**	**-778**	**-1,0**
	A Coruña	33.990	33.807	-183	-0,5
	Lugo	11.250	11.035	-215	-1,9
	Ourense	9.448	9.338	-110	-1,2
	Pontevedra	30.358	30.175	-183	-0,6

(1) empresas con traballadores inscritas o último día de cada período; unha mesma empresa pode ter centros de traballo en varias provincias, polo que a suma dos totais provinciais non ten porque coincidir co total da C.A.
(2) Empresas con traballadores, obtidas agrupando Contas de cotización co mesmo Número de Identificación Fiscal. Inclúense o Réxime Xeral (excepto Sistema Especial de Empregados de Fogar), o Réxime da Minería do Carbón e o Réxime Especial dos Traballadores do Mar (conta allea). Do sector público exclúense "Administración Pública e Defensa; Seguridade Social obrigatoria".

Fonte: Ministerio Trabajo y Economía Social. *Estadística de Empresas Inscritas en la Seguridad Social*

3.2.1.


o **gráfico 3.2.2.** reflicte a tendencia descendente do peso relativo das empresas galegas no total estatal pasando do 6,73% do ano 2010 ata o devandito 6,06% do último ano. Asemade, se se toma como referencia o número de empresas en 2008 e 2019, a caída do número de empresas é significativamente superior na Comunidade autónoma que en España. En concreto, o número de empresas con traballadores inscritas na Seguridade Social en 2022 é un 7,9% inferior ao rexistrado en 2008 (–0,2% no conxunto do Estado) e un 2,1% en relación ao comezo da crise económica orixinada pola pandemia (–0,8% en España).


As catro provincias galegas presentan en 2022 unha caída do número de empresas con traballadores inscritas na Seguridade Social, rexistrándose as taxas de destrución empresarial máis acusadas nas provincias do interior. Dunha banda, a caída do número de empresas máis significativa, tanto en termos absolutos como relativos, rexístrase en Lugo, cunha redución do 1,9% (215 empresas menos), situándose esta porcentaxe no 1,2% en Ourense (110 empresas). Doutra banda, tanto Pontevedra como A Coruña presentan unha redución de 183 empresas respecto ao ano anterior, o que supón unha caída do 0,6% e 0,5%, respectivamente. Tras esta evolución aumenta a concentración empresarial na Coruña e Pontevedra, que acollen o 79,4% das empresas inscritas (33.807 e 30.175 empresas, respectivamente).


Se a comparación se realiza coa situación rexistrada en 2008 ningunha provincia acada o nivel precrise, salientando en termos relativos a evolución na provincia de Ourense, onde o número de empresas con persoas traballadoras inscritas atópase aínda un 11,8% por baixo (1.253 empresas menos), situándose a continuación Lugo, cun descenso do 7,3% (1.058 empresas menos). Unha situación similar prodúcese en relación ao ano 2019, onde o descenso nas provincias do interior sitúase en torno ao 4,3%. En termos absolutos, cómpre mencionar que entre os anos 2019 e 2022 o descenso máis acusado rexístrase en Ourense, con 502 empresas menos, en tanto que se a comparación se realiza coa situación de 2008, Pontevedra e A Coruña presentan os maiores descensos, con 2.363 e 2.139 empresas inscritas menos, respectivamente.

Dende un punto de vista sectorial, o 74% das empresas inscritas na Seguridade Social en Galicia pertencen ao

Evolución de empresas con traballadores inscritos na Seguridade Social Galicia-España 2008-22







Fonte: Ministerio Trabajo y Economía Social. *Estadística de Empresas Inscritas en la Seguridad Social*

3.2.2.

sector servizos (59.644), seguido da construción, que acolle un 10,4% das empresas (8.405), a industria, cun 8,6% (6.954) e o sector primario, cun 6,9% (5.585). Comparado coa estrutura sectorial no conxunto do Estado, Galicia presenta un menor peso relativo no sector primario (8% en España), sendo do 73,8% o peso do sector servizos no conxunto do Estado, do 10,2% no caso da construción, e do 7,9% no do conxunto das ramas industriais.

Os catro grandes sectores presentan unha caída interanual do número de empresas inscritas na Seguridade Social, o que contrasta coa evolución no conxunto de España, onde aumenta o número de empresas tanto na construción como nos servizos.

O descenso máis acusado en termos relativos rexístrase no sector primario, cunha redución en Galicia do 2,6% (151 empresas menos que no ano anterior) fronte ao

Empresas con traballadores inscritas na Seguridade Social en Galicia e España 2008-22: distribución sectorial e segundo titularidade

	Galicia						
	2008	2013	2019	2020	2021	2022	22/21
Total	**87.472**	**80.118**	**82.285**	**79.531**	**81.366**	**80.588**	**-1,0**
Primario	1.206	5.182	5.744	5.672	5.736	5.585	-2,6
Industria	9.382	7.425	7.219	7.087	7.063	6.954	-1,5
Construción	13.427	8.160	8.206	8.258	8.498	8.405	-1,1
Servizos	63.457	59.351	61.116	58.514	60.069	59.644	-0,7
Total	87.472	80.118	82.285	79.531	81.366	80.588	-1,0
Persoa física	33.843	32.551	33.163	31.197	31.869	30.963	-2,8
Persoa xurídica	53.629	47.567	49.122	48.334	49.497	49.625	0,3

	España						
	2008	2013	2019	2020	2021	2022	22/21
Total	**1.332.090**	**1.246.167**	**1.340.415**	**1.295.656**	**1.332.390**	**1.329.897**	**2,6**
Primario	13.164	107.283	116.108	117.104	115.745	106.401	-8,1
Industria	138.285	107.158	108.262	105.955	106.453	105.523	-0,9
Construción	182.402	104.175	126.261	126.842	132.857	136.224	2,5
Servizos	998.239	927.551	989.784	945.755	977.335	981.749	0,5
Total	1.332.090	1.246.167	1.340.415	1.295.656	1.332.390	1.329.897	-0,2
Persoa física	459.283	476.936	511.878	482.429	497.534	485.738	-2,4
Persoa xurídica	872.759	769.231	828.537	813.227	834.856	844.159	1,1

Fonte: Ministerio de Trabajo y Economía Social. *Estadística de Empresas Inscritas en la Seguridad Social*

3.2.3.

8,1% en España; por diante da industria, cunha caída interanual do 1,5% (109 empresas) e o 0,9% en Galicia e España, respectivamente. Por contra, fronte ao descenso do 0,7% do número de empresas galegas no sector terciario (425 empresas menos), España presenta unha medra interanual do 0,5%; en tanto que na construción se reduce o número de empresas un 1,1% na C.A. (93 empresas) aumentando por contra un 2,5% en España.

No que respecta á titularidade das empresas, e ao igual que acontecía no ano anterior, a 31 de decembro de 2022 o 61,6% das empresas corresponden a persoas xurídicas e as restantes 38,4% son persoas físicas, situándose esta relación en España no 63,5% no caso das persoas xurídicas e no 36,5% no das persoas físicas. Na mesma data de 2008, as persoas xurídicas representaban o 61,3% en Galicia fronte ao 65,5% en España.

• Perfil do traballador autónomo

No ano 2022 o número de traballadores afiliados por conta propia na Seguridade Social en Galicia descende novamente para situarse nas 216.402 persoas (207.557 no réxime especial de traballadores autónomos), dos que 131.680 persoas son "autónomos propiamente ditos", é dicir, non están integrados en sociedades mercantís, cooperativas ou outras entidades societarias, tampouco son colaboradores familiares nin están rexistrados como parte dalgún colectivo especial de persoas traballadoras. Este colectivo de autónomos persoas físicas presenta o 6,5% do total Estatal, unha décima menos que no ano anterior, perda de peso consecuencia do descenso no número de autónomos persoas físicas en Galicia (-1,6%) fronte a tan só un 0,3% de media en España.

Centrándonos nas persoas traballadoras propiamente ditas, o **cadro 3.2.4.** reflicte un descenso tanto entre os homes como nas mulleres en Galicia, sendo este máis intenso entre os homes (-1,7% e -1,4%, respectivamente). Por contra, no conxunto de España rexístrase unha medra entre as mulleres do 0,6%, o que contrasta co descenso interanual no caso dos homes (-0,8%).

Traballadores autónomos propiamente ditos en Galicia e España 2022: principais características (1)

	2022					22/21	
	Galicia		España		Galicia / España	Galicia	España
		(%)		(%)	(%)	(%)	
Total	**131.680**	**100**	**2.027.534**	**100**	**6,5**	**-1,6**	**-0,3**
sector de actividade							
agricultura	24.810	18,8	218.470	10,8	11,4	-3,6	-1,2
industria	5.697	4,3	82.687	4,1	6,9	-3,5	-2,4
construción	16.184	12,3	234.165	11,5	6,9	-1,1	0,9
servizos	84.989	64,5	1.492.212	73,6	5,7	-0,9	-0,3
situación profesional							
sen asalariados	105.021	79,8	1.613.790	79,6	6,5	-1,3	-0,1
con asalariados	26.659	20,2	413.744	20,4	6,4	-2,5	-1,0
sen pluriactividade	123.447	93,7	1.881.582	92,8	6,6	-1,7	-0,6
con pluriactividade	8.233	6,3	145.952	7,2	5,6	0,1	3,9
sexo							
homes	76.588	58,2	1.288.805	63,6	5,9	-1,7	-0,8
mulleres	55.092	41,8	738.729	36,4	7,5	-1,4	0,6
idade							
< 25 anos	1.743	1,3	43.053	2,1	4,0	1,6	3,3
25-39 anos	26.237	19,9	484.482	23,9	5,4	-3,5	-1,1
40-54 anos	60.387	45,9	907.359	44,8	6,7	-1,8	-1,0
55 ou máis anos	43.313	32,9	592.640	29,2	7,3	-0,2	1,2
nacionalidade							
españois	125.836	95,6	1.750.910	86,4	7,2	-1,9	-1,3
estranxeiros	5.844	4,4	276.624	13,6	2,1	6,5	6,2
antiguidade no negocio							
< 6 meses	8.923	6,8	174.381	8,6	5,1	14,6	16,1
6-11 meses	6.482	4,9	131.940	6,5	4,9	-7,0	-1,2
1-3 anos	18.305	13,9	336.129	16,6	5,4	-7,5	-9,4
3-5 anos	14.805	11,2	256.846	12,7	5,8	0,8	5,3
5 ou máis anos	83.165	63,2	1.128.238	55,6	7,4	-1,6	-0,6
base de cotización							
mínima	74.398	56,5	1.323.932	65,3	5,6	-26,4	-24,2
entre mínima e 1,5 veces mínima	32.906	25,0	528.164	26,0	6,2	188,0	301,4
1,5-2 veces mínima	15.988	12,1	78.566	3,9	20,3	12,2	16,2
2-3 veces mínima	7.452	5,7	80.515	4,0	9,3	18,2	6,8
máis de 3 veces mínima	936	0,7	16.357	0,8	5,7	30,0	18,6


(1) datos a 31 de decembro
Fonte: Ministerio de Trabajo y Economía Social

3.2.4.

En relación á chamada situación profesional destas traballadoras e traballadores autónomos, o descenso do número de persoas autónomas sen asalariados en Galicia (o 79,6% do total) situouse no último ano no 1,3%, sendo esta caída do 2,5% no caso daqueles que si teñen persoas asalariadas. No conxunto do Estado rexístrase unha redución en ambos os dous casos, situándose no 0,1% no caso das persoas traballadoras autónomas sen asalariados, e do 1% entre os que si teñen persoas asalariadas.

Atendendo á desagregación segundo grandes grupos de idade, na Comunidade Autónoma tan só aumenta entre os menores de 25 anos, cunha medra interanual do 1,6% (28 persoas máis), menos da metade do que acontece no conxunto de España (3,3%). Pola contra, a perda de traballo autónomo máis importante en termos relativos rexístrase entre as persoas de 25-39 anos, cun descenso do 3,5% (950 persoas menos) e entre aquelas que pertencen á franxa entre 40 e 54 anos, cun 1,8% (1.099 persoas menos).

Traballadores autónomos afiliados 2009-22: taxa variación interanual



Fonte: Ministerio de Trabajo y Economía Social

3.2.5.

O peso dos autónomos de nacionalidade estranxeira sobre o total é moi reducido en Galicia (4,4%) en comparación coa media estatal (13,6%), a pesar de que no último ano o incremento en Galicia dos autónomos de nacionalidade non española volve a ser superior á media do Estado, un 6,5% máis fronte ao 6,2% en España (9,5% e 5,5% no ano anterior, respectivamente). Asemade hai que sinalar que o número de persoas autónomas propiamente ditas redúcese no caso das persoas de nacionalidade española tanto en Galicia como no conxunto do Estado (-1,9% e -1,3%, respectivamente).

Tendo en conta o sinalado anteriormente, o perfil maioritario das persoas empresarias autónomas propiamente ditas en Galicia continúa sendo o dun varón de nacionalidade española que traballa no sector servizos, aínda que cunha importante presenza na agricultura; sen asalariados ao seu cargo; cunha soa actividade; cunha idade comprendida entre 40 e 54 anos; con cinco ou máis anos no seu negocio; e que cotiza pola base mínima de cotización.

Ao mesmo tempo cómpre sinalar as diverxencias co perfil medio no conxunto de España, entre as que se poden destacar: unha importante presenza en Galicia de autónomos na agricultura, que representan o 18,8% do total en Galicia fronte ao 10,8% a nivel estatal; a maior presenza de mulleres que na media do Estado, co 41,8% fronte ao 36,4% do total en España; as persoas de nacionalidade estranxeira tan só representan o 4,4% en Galicia, lonxe da media española, que ascende ata o 13,6%; ou que o 56,5% destas persoas autónomas cotizan pola base mínima fronte ao 65,3% en España.

Dinámica empresarial

O Rexistro Mercantil Central proporciona información baseada en memorias estatísticas que se refiren aos actos societarios de constitución, extinción, transformación, fusión, aumento e redución de capital, situacións concursais e sistemas de administración societaria, que permite analizar a evolución do tecido produtivo.

Tras o importante incremento do número de empresas constituídas no ano 2021 (23,4%; 747 empresas constituídas máis), a ralentización no ritmo de crecemento da actividade económica reflíctese tamén nun descenso do número de sociedades constituídas en Galicia. Tras unha caída interanual do 3,9%, case punto e medio máis que no conxunto do Estado, na Comunidade Au-

Sociedades mercantís creadas, que amplían capital e disoltas en Galicia e España 2022

	Galicia					España
	Total	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	
Constituidas	3.792	1.587	395	356	1.454	99.694
Anónimas	8	2	-	1	5	423
Limitadas	3.690	1.550	392	347	1.401	96.655
Outras	94	35	3	8	48	2.616
Amplían capital	1.119	504	105	110	400	27.920
Anónimas	29	11	-	-	18	1.412
Limitadas	1.065	482	101	108	374	25.810
Outras	25	11	4	2	8	698
Extinción	1.644	761	187	155	541	37.104
Anónimas	46	23	2	2	19	2.526
Limitadas	1.500	672	180	147	501	32.825
Outras	98	66	5	6	21	1.753

Capital subscrito

(en miles de euros)

Sociedades	180.785,6	51.537,5	14.257,4	32.578,5	82.412,2	5.177.208,0
Anónimas	15.460,0	160,0	-	60,0	15.240,0	260.853,4
Limitadas	164.321,0	51.185,1	14.211,4	32.348,2	66.576,2	4.869.567,0
Outras	1.004,6	192,3	46,0	170,3	595,9	46.787,6

Capital desembolsado

(en miles de euros)

Sociedades	180.703,1	51.500,0	14.257,4	32.533,5	82.412,2	5.116.044,8
Anónimas	15.370,0	115,0	-	15,0	15.240,0	202.970,1
Limitadas	164.321,0	51.185,1	14.211,4	32.348,2	66.576,2	4.869.567,0
Outras	1.012,1	199,8	46,0	170,3	595,9	43.507,8

Capital desembolsado das que amplían capital

(en miles de euros)

Sociedades	399.884,8	220.261,8	30.797,5	40.738,2	108.087,2	18.594.253,6
Anónimas	40.955,0	27.639,1	-	-	13.315,9	3.968.179,9
Limitadas	356.069,0	190.491,8	30.307,5	40.567,9	94.701,8	13.984.303,2
Outras	2.860,7	2.131,0	490,0	170,3	69,5	641.770,6

Fonte: Registro Mercantil Central


3.2.6.

tónoma constituíronse no último ano un total de 3.792 sociedades mercantís, 78 menos que no ano anterior. O seu peso relativo no total estatal mantense no 3,8% do total de sociedades constituídas en España, o valor máis reducido dende o ano 2008.

Atendendo á súa distribución provincial, a caída do número de sociedades constituídas rexístrase tan só nas provincias da Coruña (-7,4%) e Pontevedra (-3,9%), aumentando por contra nas provincias de Lugo e Ourense (8,5% e 0,6%, respectivamente). Tras esta evolución, na provincia da Coruña constituíronse un total de 1.587 sociedades mercantís e en Pontevedra, 1.454 sociedades, o que supón o 80,2% das sociedades constituídas na Comunidade Autónoma.

No que respecta á evolución nos últimos anos, o número de sociedades constituídas en Galicia en 2022 é un 0,9% inferior ás rexistradas en 2019, o que contrasta co incremento do 5% experimentado no conxunto do Estado. Tan só a provincia de Lugo presenta un incremento entre os dous anos considerados (12,2%; 43 sociedades), pre-

Sociedades mercantís constituídas e extinguidas en Galicia e España 2008-22



Fonte: INE, *Estadísticas de sociedades mercantiles*


3.2.7.

sentando Ourense o maior descenso en termos relativos, cunha caída do 3,3% (12 empresas menos) fronte ao 2,8% da Coruña e o 1,3% de Pontevedra (45 e 10 sociedades menos, respectivamente). Se a comparación se realiza entre os anos 2008 e 2022, o número de sociedades constituídas en Galicia no último ano é un 30,9% inferior, mentres que en España esta porcentaxe é de tan só un 5,6%. As catro provincias galegas presentan unha redución do número de sociedades, salientando Lugo, cunha caída do 43,4% e Pontevedra, co 31,3%.


A relación entre o número de sociedades constituídas por cada 10.000 habitantes pode considerarse un indicador da creación de sociedades mercantís. A taxa de creación de empresas no ano 2022 descende lixeiramente ata as 14,1 sociedades por cada 10.000 habitantes fronte ás 14,5 do ano anterior, situándose este indicador en 20,8 sociedades no conxunto de España (21,6 no ano 2021). Como se reflicte no **cadro 3.2.8.**, a taxa de creación de empresas é significativamente máis reducida que no ano 2008 tanto en Galicia como en Es-

Índice de rotación empresarial en Galicia e España 2008-22 (1)

Taxa de creación de empresas (1)



Índice de rotación empresarial (2)



(1) Taxa de creación de empresas: Sociedades mercantís constituídas por cada 10.000 habitantes

(2) índice de rotación empresarial: cociente entre o número de disolucións de empresas fronte ao de novas constitucións

Fonte: INE, *Estadísticas de sociedades mercantiles*

3.2.8.

paña, sendo similar á rexistrada no ano 2019 na C.A. (en España é lixeiramente superior en 2022).

O devandito descenso da taxa de creación de empresas non se produce de xeito homoxéneo nas diferentes provincias galegas, aumentando en Lugo e Ourense fronte á caída na Coruña e Pontevedra. A pesar desta evolución, esta última provincia mantense como a provincia coa taxa de creación de empresas máis elevada, con 15,6 sociedades creadas en 2022 por cada 10.000 habitantes (16 no ano anterior), descendendo o seu valor ata as 14 sociedades na Coruña (14,9 sociedades en 2021). Doutra banda, Ourense presenta a taxa máis reducida con 11,9 empresas por cada 10.000 habitantes (11,4 no ano precedente), sendo superada por Lugo, cuxa taxa se sitúa en 12,1 sociedades por cada 10.000 habitantes (11,2 no ano 2021).

Tras o devandito descenso do número de sociedades constituídas, o seu capital subscrito volve a reducirse en 2022. Neste último ano, tras unha caída interanual do 13,7%, o capital subscrito acada os 180,8 millóns de euros, 28,8 millóns menos que no ano anterior. Esta redución contrasta novamente co incremento rexistrado en España onde o capital subscrito medra un 2,3% respecto ao ano anterior. Tras esta evolución, o capital medio subscrito redúcese un 10,3%, pasando de 53.131,64 euros en 2021 ata os 47.675,52 euros do úl-

timo ano (51.931 euros no conxunto do Estado, un 4,8% máis que no ano precedente).

A devandita caída no capital subscrito en Galicia é consecuencia da redución na subscrición de capital das empresas constituídas nas provincias da Coruña e Lugo. En concreto, na Coruña o descenso foi de 37,7 millóns de euros (–42,2%), fronte aos 8,9 millóns en Lugo (–38,8%). Por contra, o capital subscrito aumenta en Ourense en 15,5 millóns de euros e en Pontevedra, en 2,3 millóns (91,3% e 2,8%, respectivamente). Tras esta evolución, Pontevedra concentra o 45,6% do capital subscrito fronte ao 28,5% na Coruña; sendo estas porcentaxes do 18% e 7,9% en Ourense e Lugo, respectivamente.

No que respecta ás sociedades mercantís que ampliaron o seu capital, 2022 presenta un descenso tanto en Galicia como en España, ao contrario do acontecido no ano anterior, sendo esta caída máis acusada na Comunidade Autónoma. Tras un descenso do 5,1% en Galicia (1,7% no conxunto do Estado), no último ano rexistráronse en Galicia 1.119 ampliacións, reducíndose o seu peso relativo no total estatal ata o 4%. O capital desembolsado nestas ampliacións rexistrou en Galicia unha redución significativamente superior á acadada no conxunto do Estado, cunha taxa de variación interanual do 58,9% e 33,9%, respectivamente. Tras esta evolución, o capital desembolsado nas diferentes ampliacións das sociedades galegas descende ata os 399,9 millóns de euros, o 2,2% do total estatal (3,5% no ano precedente).


O número de sociedades que amplían capital redúcese en todas as provincias agás en Pontevedra, onde se mantén o número de ampliacións rexistrado en 2021 (un total de 400 sociedades). A provincia da Coruña rexistra o maior descenso interanual en termos absolutos, con 28 sociedades menos (5,3%), presentando Ourense o descenso máis acusado en termos relativos, cunha redución do 19,1% (26 menos), situándose esta porcentaxe no 5,4% en Lugo (6 menos).

No que respecta ao capital desembolsado por estas sociedades que amplían capital, a provincia de Lugo foi a única que, tras o descenso experimentado en 2021, rexistra no último ano unha medra interanual do capital desembolsado (14,1%; 3,8 millóns de euros máis). A provincia de Pontevedra é a que presenta o maior descenso de capital, cunha redución de 319,8 millóns de euros (74,7%), por diante da Coruña, con 247,3 millóns menos (52,9%) e Ourense, con só 9,3 millóns menos (18,5%).

O número de sociedades mercantís extinguidas en Galicia redúcese no último ano un 5,1% tras un acusado incremento experimentado en 2021 (40,3%). Tras esta evolución, en 2022 extinguíronse en Galicia un total de 1.644 sociedades, o que supón 88 menos que no ano anterior. Tendo en conta que no conxunto do Estado o número de empresas que se extinguen aumenta un 8,6%, o peso relativo de Galicia no total estatal descende ata o 4,4%, sete décimas menos que en 2021. O devandito descenso do número de sociedades disoltas prodúcese en todas as provincias galegas agás en Ourense, cunha medra interanual do 4% (seis empresas máis), presentando A Coruña o maior descenso, cun 9,3% menos (78 sociedades). Tras esta evolución, A Coruña mantense como a provincia con maior número de extincións, con 761, por diante de Pontevedra, que rexistra 541 extincións, once menos que no ano precedente (-2%), e Lugo, con 187, un 2,6% menos que no ano anterior (cinco sociedades menos). O número de sociedades disoltas ascende en Ourense a 155.

En termos relativos, o número de sociedades mercantís extinguidas por cada cen constituídas (índice de rotación) redúcese en Galicia no último ano para situarse nas 39,6 empresas extinguidas por cada cen sociedades constituídas (41,6 no ano precedente), rachando a tendencia crecente iniciada en 2017 segundo os datos publicados no INE. A diferenza do que acontece en Galicia, no conxunto de España o índice de rotación aumenta ata o 26,5, o que supón unha medra de case tres sociedades extinguidas por cada cen constituídas. Tal e como se reflicte no devandito **cadro 3.2.8.**, este indicador mantense por riba da media española ao longo de toda a serie analizada, ascendendo o diferencial ata os 13,2 puntos no ano 2022, a cifra máis reducida dende o ano 2019.

Debedores concursados 2008-22. Empresas concursadas e persoas físicas con actividade empresarial



Fonte: INE, *Estadística del Procedimiento Concursal* e Colegio de Registradores de España, *Estadísticas Concursales*

3.2.9.

A nivel provincial, todas as provincias galegas presentan un índice de rotación superior á media estatal. A diferenza do acontecido no ano anterior, Ourense rexistra o valor máis elevado do índice de rotación, cun total de 43,9 sociedades extinguidas por cada cen constituídas; seguido de Lugo con 42,2 sociedades. Pontevedra mantense como a provincia que presenta o valor máis reducido, con 37 sociedades extinguidas por cada cen constituídas, situándose na Coruña en 40,5.

- **Empresas concursadas**

A Estatística do Procedemento Concursal proporciona información sobre o número de debedores concursados, tipo de concurso e procedemento. A dita información obtense a partir dos boletíns oficiais dos xulgados do mercantil, entre outros, e permite dispor dun indicador fundamental da dinámica empresarial. O número de debedores concursados en Galicia no conxunto do ano 2022 aumenta un 16,9% respecto ao ano anterior, ascendendo a 540 debedores (78 máis que no ano anterior), dos que 371 son persoas físicas con ou sen actividade empresarial e as restantes 169 son empresas.

O devandito incremento interanual ven explicado pola evolución das persoas físicas, con 94 debedores concursados máis (33,9%), reducíndose no caso das empresas concursadas un 8,6%, o que supón 16 menos que no ano anterior.

Centrándonos nas empresas concursadas propiamente ditas, sen contar as persoas físicas con actividade empresarial, o **cadro 3.2.10.** amosa que o perfil maioritario de empresas concursadas, no que ao sector de actividade principal se refire, son aquelas que desenvolven a súa actividade no ámbito do sector servizos, que concentra o 59,2% do total (100 das 169 empresas concursadas), máis de dez puntos por baixo da media estatal, que ascende ata o 69,5%. A continuación sitúase a construción, con 36 empresas concursadas, o que representa o 21,3% fronte ao 16% en España, e a industria, con 30 empresas, o 17,8% do total (12,5% en España). Finalmente, dúas empresas englóbanse no sector enerxético e unha no primario. Atendendo ao seu peso no total estatal, cómpre salientar a importancia relativa do sector enerxético, que supón o 7,1% das empresas concursadas no sec-

Empresas concursadas en Galicia e España 2021-22: distribución segundo actividade económica principal (1)

	Galicia		España		Galicia / España
	2021	2022	2021	2022	(%)
Total	**185**	**169**	**4.743**	**4.755**	**3,6**
Agricultura, gandeiría, silvicutura e pesca	7	1	53	66	1,5
Industria	48	30	592	596	5,0
Industria extractiva	-	-	9	7	-
Industria manufactureira	48	30	583	589	5,1
Enerxía	-	2	29	28	7,1
Construción	30	36	701	759	4,7
Servizos	100	100	3.368	3.306	3,0
Comercio maiorista e minorista, reparación de vehículos a motor e motocicletas	28	50	975	1.101	4,5
Transporte e almacenamento	12	5	184	228	2,2
Hostelería	20	15	731	543	2,8
Información e comunicacións	6	4	174	205	2,0
Inmobiliarias, financeiras e seguros	6	-	257	228	-
Actividades profesionais e técnicas	9	13	343	580	2,2
Actividades administrativas e servizos auxiliares	8	9	247	301	3,0
Resto de servizos	11	4	457	120	3,3

(1)Ano 2021 e posteriores datos do Colegio de Registradores de España

Fonte: Colegio de Registradores de España, *Estadística del Procedimiento Concursal* (EPC)

3.2.10.

tor, seguido polo sector industrial, co 5%, e a construción, cun 4,7%.

Atendendo á súa distribución segundo rama de actividade, no último ano o maior número de empresas concursadas corresponde ao subsector do comercio, tanto por xunto como polo miúdo, con 50 empresas concursadas (29,6%). A continuación estaría a construción, coas devanditas 36 empresas, e a industria manufactureira, con 30 empresas concursadas no último ano (o 17,8% do total).

Xunto á devandita distribución sectorial, cómpre resaltar que a meirande parte das empresas son sociedades de responsabilidade limitada (162 empresas), destacando ademais que das 169 empresas concursadas en Galicia no último ano máis da metade teñen un volume de negocio inferior aos 250.000 euros (55%; 93 empresas), fronte a un 10,7% tanto no caso de empresas cun de volume de negocio comprendido tanto entre 250.000 e 500.000 euros como entre 500.000 e 1.000.000 de euros (18 empresas).

Finalmente, destacar que case a quinta parte das empresas concursadas en 2022 son empresas sen persoas asalariadas (19,5%; 33 empresas), en tanto que aquelas con 1-2 representan o 17,2% e as que teñen entre 3 e 5 persoas asalariadas o 13,6% (29 e 23 empresas, respectivamente).

• Tecido empresarial. Directorio de empresas e unidades locais (Dirce)

Dentro dos indicadores da demografía empresarial destaca a información agregada relativa ás empresas con actividade económica en Galicia que proporciona a explotación do Directorio de empresas e unidades locais (Dirce) elaborado polo INE a partir de fontes tributarias, xurídicas ou da Seguridade Social, entre outras, xa que permite completar a análise aportando información sobre o tecido empresarial galego incluíndose todas as empresas que exerzan unha actividade económica que contribúa ao produto interior bruto. O Dirce cubre todas as actividades económicas excepto a produción agraria e pesqueira, os servizos administrativos da Administración Central, Autonómica e Local (incluída Seguridade Social), as actividades dos fogares como empregadores de persoal doméstico e os organismos extraterritoriais.

A un de xaneiro de 2022 Galicia contaba con 196.530 empresas, 1.873 empresas máis que no ano anterior, o

Empresas en Galicia e España 2008-22 (1) (2): distribución segundo grandes ramas de actividade

	2008	2019	2020	2021	2022	22/08	22/21	Índice de especialización (3)
Total	**203.374**	**200.972**	**197.813**	**194.657**	**196.530**	**-6.844**	**1.873**	**1,00**
Industria e enerxía	**15.350**	**12.570**	**12.100**	**11.851**	**11.724**	**-3.626**	**-127**	**1,06**
Industria extractiva	407	234	218	195	184	-223	-11	1,77
Industria manufactureira	14.308	11.726	11.279	11.010	10.956	-3.352	-54	1,11
Fornecemento de enerxía eléctrica, gas, vapor e aire acondicionado	374	387	387	423	364	-10	-59	0,54
Fornecemento de auga, activ. saneamento, xestión de residuos e descontaminación	261	223	216	223	220	-41	-3	0,54
Construción	**37.707**	**29.686**	**28.030**	**27.427**	**27.631**	**-10.076**	**204**	**1,13**
Servizos	**150.317**	**158.716**	**157.683**	**155.379**	**157.175**	**6.858**	**1.796**	**0,98**
Comercio por xunto e ao retallo; reparación de vehículos de motor e motocicletas	53.990	47.484	45.249	44.091	43.697	-10.293	-394	1,07
Transporte e almacenamento	14.127	11.439	11.742	11.919	11.908	-2.219	-11	0,99
Hostalería	21.437	19.052	18.647	17.924	18.080	-3.357	156	1,13
Información e comunicacións	1.730	2.640	2.626	2.665	2.821	1.091	156	0,67
Actividades financeiras e de seguros	4.506	4.998	4.935	4.842	4.949	443	107	1,06
Actividades inmobiliarias	3.505	7.285	7.660	7.921	8.309	4.804	388	0,73
Actividades profesionais, científicas e técnicas	20.311	21.100	20.769	20.475	20.699	388	224	0,86
Actividades administrativas e servizos auxiliares	6.636	10.811	10.909	10.753	11.010	4.374	257	0,89
Educación	4.083	6.791	7.165	7.054	7.326	3.243	272	1,12
Actividades sanitarias e de servizos sociais	6.336	8.084	8.326	8.230	8.511	2.175	281	0,85
Actividades artísticas, recreativas e de entretenemento	3.898	6.329	6.580	6.498	6.588	2.690	90	1,05
Outros servizos	9.758	12.703	13.075	13.007	13.277	3.519	270	1,04

(1) datos a 1 de xaneiro

(2) Esta estatística considera como empresas as organizacións sometidas a unha autoridade rectora, que pode ser, segundo os casos, unha persoa física, unha persoa xurídica ou unha combinación de ambas, e constituída para exercer, en un ou varios lugares, unha ou varias actividades de produción de bens e servizos, así como tamén están incluídas no concepto empresas as unidades locais que se corresponden cunha empresa, ou parte da mesma, situada nunha localización xeográfica concreta, dende a que exerce actividades económicas por conta da mesma empresa.

(3) o índice de especialización calcúlase dividindo o peso de cada sector no conxunto da economía rexional entre o peso do mesmo sector nunha economía ou espazo de referencia (neste caso, España); se é maior que 1 indica que a rexión está (relativamente) especializada nese sector concreto e se é menor que 1 estaría "desespecializada".

Fonte: INE, *DIRCE*

3.2.11.

que representa o 5,7% do total estatal (**cadro 3.2.11.**), o segundo valor máis reducido dende o inicio da crise económica e financeira de 2008, tan só por diante do rexistrado no ano anterior. O 80% das empresas galegas incluídas no devandito Directorio pertencen ao sector servizos (157.175 empresas), onde salientan as actividades de "Comercio por xunto e ao retallo; reparación de vehículos de motor e motocicletas", con 43.697 empresas (22,2%); seguidas das "Actividades profesionais, científicas e técnicas", con 20.699 (10,5%); e a "Hostalería", con 18.080 empresas (9,2%). O sector da construción acolle ao 14,1% das empresas (27.631 empresas) e a industria e enerxía, ao restante 6% (11.724 empresas).

No último ano ráchase a tendencia descendente iniciada polo impacto da crise económica orixinada pola pandemia, rexistrándose unha medra do 1% respecto ao ano anterior, o que supón 1.873 empresas máis. Con todo, o número de empresas a 1 de xaneiro de 2022 aínda é un 2,2% inferior ao existente na mesma data de 2019. O devandito incremento interanual ven motivado polo crecemento no sector servizos e, en menor medida, na construción, o que contrasta co descenso no ámbito industrial. Dunha banda, o sector servizos rexistra unha medra do 1,2% (1.796 empresas máis), entre cuxas ramas salienta o comportamento das empresas de información e comunicación (5,9%; 156 empresas máis), actividades inmobiliarias (4,9%; 388 empresas) e a educación (3,9%; 272 empresas), o que contrasta coa redución do número de empresas no sector do comercio nun 0,9% (394 empresas menos). Doutra banda, o número de empresas medra un 0,7% no ámbito da construción, o que supón 204 empresas máis. No extremo oposto, Galicia conta con 127 empresas industriais menos que en xaneiro de 2021 (un 1,1% menos), entre as que destaca o descenso do 13,9% (59 empresas menos) no subsector de fornece-

Empresas en Galicia e España 2008-22 (1): distribución segundo número de asalariados

	Galicia					España
	2008	2013	2019	2021	2022	2022
Total empresas	**203.374**	**192.998**	**200.972**	**194.657**	**196.530**	**3.430.663**
Sen asalariados	100.126	98.762	109.506	103.784	106.312	1.942.319
de 1 a 2 asalariados	61.904	61.301	58.651	58.306	56.938	905.804
de 3 a 5 asalariados	21.512	18.080	18.445	18.489	18.835	308.888
de 6 a 9 asalariados	9.213	7.431	6.925	6.962	7.193	126.100
de 10 a 19 asalariados	5.886	4.132	4.077	3.936	4.001	78.909
de 20 a 49 asalariados	3.317	2.197	2.213	2.086	2.166	43.929
de 50 a 99 asalariados	821	602	646	596	585	12.337
de 100 a 199 asalariados	340	278	293	281	289	6.371
de 200 a 449 asalariados	183	148	138	50	44	1.286
de 500 a 999 asalariados	34	28	35	124	121	3.643
de 1000 a 4999 asalariados	33	34	33	33	33	898
de 5000 ou máis asalariados	5	5	10	10	13	179

	2022			
	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra
Total empresas	**81.161**	**24.109**	**22.373**	**68.887**
Sen asalariados	44.741	12.862	12.064	36.645
de 1 a 2 asalariados	22.940	7.273	6.808	19.917
de 3 a 5 asalariados	7.600	2.323	2.077	6.835
de 6 a 9 asalariados	2.825	908	753	2.707
de 10 a 19 asalariados	1.626	445	376	1.554
de 20 a 49 asalariados	938	214	207	807
de 50 a 99 asalariados	246	47	42	250
de 100 a 199 asalariados	135	21	31	102
de 200 a 449 asalariados	24	3	1	16
de 500 a 999 asalariados	61	10	8	42
de 1000 a 4999 asalariados	18	2	5	8
de 5000 ou máis asalariados	7	1	1	4

(1) datos a 1 de xaneiro
Fonte: INE, *DIRCE*

3.2.12.

mento de enerxía eléctrica, gas, vapor de auga e aire acondicionado; e no da industria manufactureira (54 empresas menos; 0,5%).

Dende o 1 de xaneiro de 2019 o número de empresas analizadas redúcese nos tres grandes sectores considerados, sendo a construción o máis afectado, cunha caída do 6,9% (2.055 empresas menos), fronte ao 6,7% no ámbito industrial (846 empresas menos) e un 1% nos servizos (1.541 empresas). Entre as distintas ramas de actividade, o comercio e reparación de vehículos de motor foi a actividade máis afectada, cunha desaparición de 3.787 empresas (-8%), seguida da hostalería (-5,1%; 972 empresas) e a industria manufactureira (-6,6%; 770 empresas).

Se o horizonte temporal se amplía a xaneiro de 2008, o número de empresas redúcese un 3,4%, o que supón 6.844 empresas menos. Fronte á caída superior ao 23% experimentado pola construción e a industria e enerxía (10.076 e 3.626 empresas menos, respectivamente); o sector servizos presenta unha medra do 4,6% (6.858 empresas máis). O comercio é a rama de actividade que presenta a maior caída, con case 10.300 empresas menos (-19,1%), por diante da hostalería e a industria manufactureira, cun descenso superior ás 3.300 empresas (-15,7% e -23,4%); o que contrasta cun incremento superior ás 4.300 empresas nas actividades inmobiliarias e as actividades administrativas e servizos auxiliares (137,1% e 63,1%, respectivamente), e a educación, con case 3.250 empresas máis (79,4%).

O **cadro 3.2.12.** mostra o reducido tamaño do tecido empresarial, de xeito que o 54,1% das empresas gale-

gas rexistradas polo Dirce non teñen asalariados, fronte ao 56,6% de media no conxunto do Estado. Asemade, o 38,6% das empresas galegas teñen entre un e cinco asalariados, fronte ao 35,4% do total rexistrado en España. Tan só o 3,7% das empresas galegas teñen dez ou máis asalariados, sendo esta porcentaxe do 4,3% no Estado. Comparado co rexistrado ao comezo da crise económica de 2008, aumenta o peso relativo das empresas sen asalariados, pasando do 49,2% ao devandito 54,1%, mentres que se reduce no caso das empresas de un a cinco persoas asalariadas e nos de dez ou máis (41% e 5,2% en 2008, respectivamente).

A especialización das empresas galegas en relación á media estatal permite caracterizar a estrutura produtiva de Galicia. Neste senso, o índice de especialización relativa (IER) mostra a participación dun determinado sector ou actividade en Galicia con relación á participación desta actividade no total estatal. Atendendo ao número de empresas reflectido no Dirce, o conxunto do sector industrial e a construción presentan unha lixeira especialización relativa (valores superiores á unidade), cun índice de 1,06 e 1,13 fronte ao 0,98 no caso dos servizos. Entre as distintas ramas de actividade, a de "fabricación doutro material de transporte" segue a presentar a especialización relativa máis elevada (2,76); presentando igualmente un índice de especialización superior a dous a "extracción de minerais metálicos" (2,64). ❑

3.3. Sector exterior

Tras a forte caída do comercio mundial e o posterior rebote en 2021, o volume de comercio internacional presenta en 2022 unha medra interanual do 2,7% segundo as estimacións da Organización Mundial de Comercio (OMC) publicadas en abril de 2023. Neste último ano o conxunto de países de Oriente Medio lideran o crecemento tanto das exportacións como das importacións, cun incremento interanual superior ao 9%. A continuación situaríase América do Norte (4,2% e 6%, respectivamente), salientando por contra a contracción das importacións en Asia nun 0,4%.

O cadro macroeconómico de Galicia indica que en 2022 o crecemento da economía galega ven explicado fundamentalmente pola demanda externa, ao presentar unha achega positiva de 3,7 puntos ao crecemento agregado do PIB (3,8%), case o dobre do estimado no ano anterior (1,9 puntos porcentuais). En termos monetarios, o valor total das vendas galegas de bens e servizos ao conxunto do Estado e a terceiros países ascendeu a 45.093,6 millóns de euros e as importacións acadaron os 41.383,4 millóns, aumentando o saldo positivo da balanza comercial ata os 3.710,2 millóns. A taxa de cobertura, definida como o cociente entre o importe total das exportacións e importacións, ascendeu ata o 109%, case dous puntos e medio máis que no ano anterior (106,6%), en tanto que a taxa de apertura da economía galega (calculada como o cociente entre a suma do valor das importacións e exportacións totais de bens e servizos e o PIB galego) sitúase no 125,7%, case doce puntos porcentuais superior á do ano anterior.

No que ás relacións comerciais con terceiros países se refire (suma de exportacións e importacións), tanto Galicia como o conxunto de España presentan por segundo ano consecutivo unha medra interanual superior ao 20%, situándose en 2022 no 25,5% e 28,4%, respectivamente. Dunha banda, o importe das vendas galegas ao exterior ascende a 29.886,1 millóns de euros, o que supón un incremento do 18,3%, porcentaxe tan só superada pola rexistrada en 2021 e 2006 (en torno ao 20,5%); doutra banda, as importacións medran un 34,6%, o incremento máis acusado dende o ano 2000, para situarse en 27.083,8 millóns de euros. Tras esta evolución, a balanza comercial galega reduce o seu saldo positivo ata os 2.802,3 millóns de euros, un 45,6% inferior ao do ano anterior, o que con-

Importacións e exportacións de Galicia e España 2021-22

	Importacións			Exportacións			Saldo comercial		
	2021	2022	22/21	2021	2022	22/21	2021	2022	22/21
	(en millóns de euros)		*(%)*	*(en millóns de euros)*		*(%)*	*(en millóns de euros)*		
Galicia	**20.115,6**	**27.083,8**	**34,6**	**25.269,6**	**29.886,1**	**18,3**	**5.154,0**	**2.802,3**	**-2.351,7**
A Coruña	7.858,3	13.549,3	72,4	11.457,4	14.830,5	29,4	3.599,1	1.281,2	-2.317,9
Lugo	597,7	782,6	31,0	723,2	755,0	4,4	125,5	-27,7	-153,2
Ourense	663,9	866,3	30,5	1.016,4	1.226,7	20,7	352,5	360,4	7,9
Pontevedra	10.995,7	11.885,5	8,1	12.072,6	13.073,9	8,3	1.076,9	1.188,4	111,4
España	**342.787,1**	**457.321,2**	**33,4**	**316.609,2**	**389.208,9**	**22,9**	**-26.177,9**	**-68.112,2**	**-41.934,3**
Galicia/España *(%)*	5,9	5,9		8,0	7,7				

(consulta: 1-03-2023)
Fonte: Ministerio de Industria, Comercio y Turismo. *ICEX Estacom*

3.3.1.

trasta coa medra do déficit comercial en España (68.112,2 millóns, 2,6 veces superior ao rexistrado en 2021). En relación ao conxunto do Estado, Galicia concentra o 7,7% das exportacións e o 5,9% das compras exteriores.

A Coruña e Pontevedra seguen a estar entre as provincias con maior volume de exportacións, acadando os 14.830,6 e 13.073,9 millóns de euros, respectivamente; o que as sitúa como a cuarta e oitava provincia española máis exportadoras en termos de valor. En termos relativos concentran o 3,8% e 3,4% do total das vendas españolas, respectivamente.

A diferenza do acontecido no ano anterior, en 2022 redúcese a base exportadora da economía galega, de xeito que o número de empresas exportadoras se sitúa en 8.496 empresas, un 9,2% inferior á do ano anterior (864 empresas menos). Este descenso contrasta coa medra nun 3,5% do número de empresas exportadoras regulares -aquelas que venden produtos fóra de España nos últimos catro anos de xeito consecutivo. En 2022 hai en Galicia un total de 2.653 compañías que exportan regularmente (89 empresas máis), o que supón o 31,2% do total de empresas exportadores.

Segundo os datos recollidos no Rexistro de Investimentos Exteriores, o investimento bruto estranxeiro en Galicia descendeu en 2022 ata os 172 millóns de euros, un 22,9% inferior ao acadado no ano precedente, dos que máis do 70% diríxese a actividades de fabricación de produtos minerais non metálicos. Por contra, o investimento bruto galego no exterior experimentou un acusado incremento pasando dos 197,3 millóns de euros de 2021 ata os 2.354,7 millóns correspondentes ao ano 2022. Este investimento concéntrase fundamentalmente na construción de edificios e nas actividades inmobiliarias.

Comercio exterior con terceiros países

O valor total das relacións comerciais a nivel mundial presenta en 2022 unha medra interanual do 2,7% segundo as estimacións da OMC presentadas en abril de 2023, oito décimas menos que as presentadas no mes de outubro. Esta ralentización ven motivada, entre outros factores, polos elevados prezos dos produtos básicos, o endurecemento da política monetaria en resposta á alta inflación e os brotes da covid-19 en China que perturbaron a súa produción e ao comercio. Como sinala o devandito organismo internacional, tódalas áreas económicas presentan, agás a Comunidade de Estados Independentes, unha medra das súas exportacións, liderando este crecemento Oriente Medio, cun incremento interanual do 9,9%. A continuación situouse América do Norte, cun 4,2%. No caso das importacións, a área que presenta as taxas de crecemento máis elevada é Oriente Medio, cun 9,4%, salientando no último ano a contracción do 0,4% no continente asiático.

Importacións e exportacións 2022: distribución segundo sectores de actividade

	Importacións				Exportacións			
	Importe	22/21	peso relativo	Galicia/ España	Importe	22/21	peso relativo	Galicia/ España
	(en millóns de euros)		*(%)*		*(en millóns de euros)*		*(%)*	
Total	**27.083,8**	**34,6**	**100**	**5,9**	**29.886,1**	**18,3**	**100**	**7,7**
Alimentos	5.288,2	34,7	19,5	10,2	3.857,0	16,2	12,9	6,0
Enerxéticos	5.540,9	109,7	20,5	6,1	3.047,0	114,8	10,2	8,0
Materias primas	758,5	29,7	2,8	5,5	995,3	19,1	3,3	10,3
Semimanufacturas	3.557,0	25,5	13,1	3,2	4.414,9	19,7	14,8	3,8
Bens de equipamento	2.971,6	25,9	11,0	3,3	3.261,1	3,2	10,9	4,8
Sector Automóbil	4.809,9	-7,0	17,8	12,4	5.719,9	-2,0	19,1	12,8
Bens de consumo duradeiro	259,3	-9,5	1,0	2,4	324,0	28,2	1,1	5,2
Manufacturas de consumo	3.876,3	69,2	14,3	8,0	7.829,5	21,6	26,2	22,8
Outras mercadorías	22,1	16,8	0,1	0,8	437,4	37,0	1,5	5,0

(consulta: 1-03-2023)
Fonte: Ministerio de Industria, Comercio y Turismo. *ICEX Estacom*

3.3.2.

No que atinxe ao comportamento do comercio internacional en Galicia e España, a información recollida na base de datos ESTACOM reflicte o positivo comportamento do sector exterior galego, que presenta unha medra do 25,5% do valor total das súas relacións comerciais con terceiros países, porcentaxe que se sitúa non obstante case tres puntos por baixo do estimado para o conxunto de España (28,4%). Este diferencial ven explicado polo maior dinamismo das exportacións en España, que medran un 22,9% fronte ao 18,3% en Galicia. No último ano as importacións medran en Galicia un 34,6%, máis dun punto porcentual por riba do rexistrado no conxunto do Estado (33,4%).

Tras esta evolución, o valor total das compras e vendas galegas no exterior ascendeu a 56.969,9 millóns de euros, 11.584,7 millóns máis que no ano anterior, o que representa o 6,7% do total estatal (6,9% no ano anterior). O grado de apertura da economía galega a terceiros países situouse no 82,8%, once puntos porcentuais máis que no ano anterior.

O conxunto de actividades de manufacturas de consumo sitúase como o sector máis importante en termos monetarios, con 11.705,9 millóns de euros, por diante do automóbil e os alimentos, con 10.529,8 e 9.145,2 millóns, respectivamente. En conxunto, estes tres sectores concentran o 55,1% da actividade comercial galega, máis de catro puntos inferior á do ano anterior (59,5%). Esta porcentaxe é moi superior ao peso dos mesmos sectores no conxunto do Estado que é do 33,4% (36,2% no ano anterior).

Ao igual que no ano anterior, a actividade comercial incrementouse en tódolos sectores de actividade, salientando o comportamento do sector enerxético, que influenciado polo forte incremento dos prezos enerxéticos, rexistra a medra interanual máis acusada tanto en termos relativos (111,5%) como absolutos (4.527,5 millóns de euros máis). Asemade, tal como se desprende do **cadro 3.3.2.**, cómpre mencionar o incremento do 34,1% experimentado polo sector de manufacturas de consumo (2.975 millóns máis) e do 26,2% no caso dos alimentos (1.900,2 millóns). Por contra, as dificultades polas que atravesa a industria da automoción reflíctense nunha caída da súa actividade comercial do 4,3% respecto ao ano anterior, o que supón un descenso de 477,9 millóns de euros.

No que respecta ao peso relativo das distintas actividades no conxunto do Estado, salienta o sector de manufacturas de consumo, que representan o 14,1% da actividade comercial exterior deste sector en España (12,6% no ano precedente), porcentaxe similar ao do

ano anterior; seguido pola automoción, co 12,6% (15,1% en 2021); ou das actividades relacionadas coa alimentación, cuxo peso relativo sitúase no 7,9%, catro décimas máis que no ano anterior.

A favorable evolución do sector de produtos enerxéticos e do téxtil-confección explica en boa medida que A Coruña sexa a provincia cun mellor comportamento, aumentando a súa actividade comercial con terceiros países ata os 28.379,9 millóns de euros, 9.064,1 millóns máis que no ano anterior (46,9%). Ourense presenta unha medra do 24,6% (412,7 millóns) fronte ao 16,4% de Lugo (216,8 millóns). A provincia de Pontevedra, influenciada pola evolución da automoción, presenta a taxa de variación interanual da actividade comercial máis reducida, cun 8,2% (1.891,1 millóns de euros máis). Tras esta evolución, A Coruña sitúase como a primeira provincia galega en canto a valor da súa actividade comercial con terceiros países, co 49,8% do total galego en 2022, superando a Pontevedra, que concentra o 43,8% (no ano anterior estas porcentaxes ascendían a 42,6% e 50,8%, respectivamente).

A devandita maior intensidade na medra das importacións favorece o descenso do saldo positivo da balanza comercial galega, así como un importante incremento do déficit comercial no conxunto do Estado, que se multiplica por 2,6. No conxunto do ano 2022 o superávit comercial acada en Galicia os 2.802,3 millóns de euros, 2.351,7 millóns menos que en 2021 (-45,6%). Tras esta evolución, o saldo comercial representa o 4,1% do PIB, a metade do que significaba no ano anterior.

Como reflicte o devandito **cadro 3.3.1.**, o saldo comercial é positivo en tres da catro provincias galegas, presentando tan só Lugo un déficit comercial, se ben a evolución é dispar. Dunha banda, a pesar da forte redución experimentada no ano 2022, A Coruña mantense como a provincia co saldo comercial máis elevado, con 1.281,2 millóns de euros, un 64,4% inferior ao rexistrado no ano anterior. Doutra banda, tanto a provincia de Pontevedra como, en menor medida, Ourense experimentan un incremento do saldo positivo das súas balanzas comerciais, ascendendo ata os 1.188,4 e 360,4 millóns de euros (10,3% e 2,2% superior ao do ano anterior, respectivamente). No extremo oposto, Lugo presenta un saldo negativo da súa balanza comercial por valor de 27,7 millóns de euros, o que contrasta co superávit de 125,5 millóns rexistrado no ano anterior.

O mencionado descenso do superávit na Coruña ven motivado fundamentalmente polo incremento do déficit no caso dos produtos enerxéticos e no sector da produción de alimentos, que se sitúa en 2.924,6 e 1.155,6 millóns de euros, respectivamente, o que supón unha medra interanual do 104,4% e 98,6%. Asemade, o superávit comercial do sector téxtil descende lixeiramente para sitúase en 4.136,8 millóns de euros (–5,1%). Doutra banda, o superávit de 1.188,4 millóns experimentado na provincia de Pontevedra explícase fundamentalmente polo comportamento do subsector da automoción, que presenta un superávit de 884,8 millóns de euros (32,6% superior á do ano anterior), consecuencia dunha redución das importacións superior á rexistrada no caso das exportacións (-7% e -2,4%, respectivamente).

Entre as provincias españolas con maior volume de exportacións no ano 2022, A Coruña e Pontevedra están situadas no cuarto e oitavo posto, respectivamente (sexto e sétimo en 2021). Do mesmo xeito, no eido das importacións A Coruña adianta a Pontevedra como a provincia galega con maior volume de compras a terceiros países, situándose como a novena e a undécima provincia española en termos de valor de importacións (undécima e sétima posición no ano anterior, respectivamente).

- **Importacións do exterior**

O valor total das importacións galegas no último ano ascende a 27.083,8 millóns de euros (6.968,2 millóns superior ao rexistrado en 2021), mantendo o seu peso sobre o valor total das importacións españolas no 5,9%. Esta medra no valor das importacións esténdese ás catro provincias galegas, sendo especialmente pronunciada, tanto en termos absolutos como relativos, na provincia da Coruña, cunha medra do 72,4% (5.691 mi-

Importacións 2021-22: distribución segundo principais capítulos TARIC e orixe

Nº	Cap.	Denominación	2021		2022		22/21	2022		
								Unión Europea	Francia	Portugal
			(en millóns de euros)	*(% / total)*	*(en millóns de euros)*	*(% / total)*	*(%)*	*(en millóns de euros)*		
1	27	Combustibeis, aceites minerais	2.642,0	13,1	5.540,9	20,5	109,7	1.041,2	61,1	56,7
2	87	Vehículos automóbiles, tractores	5.474,2	27,2	5.131,0	18,9	-6,3	4.801,5	4.011,6	331,8
3	03	Peixes e crustáceos, moluscos	2.274,7	11,3	2.664,9	9,8	17,2	468,5	119,6	218,3
4	62	Roupa e complementos de vestir, agás punto	649,4	3,2	1.420,5	5,2	118,7	461,6	43,2	180,3
5	85	Aparellos e material eléctricos	861,6	4,3	1.190,4	4,4	38,2	157,6	19,6	15,6
6	61	Roupa e complementos de vestir, de punto	689,2	3,4	1.179,5	4,4	71,1	330,1	23,0	207,7
7	72	Fundición, ferro e aceiro	975,4	4,8	1.163,1	4,3	19,2	878,3	259,8	425,6
8	84	Máquinas e aparatos mecánicos	792,3	3,9	916,9	3,4	15,7	566,0	37,9	50,5
9	16	Conservas de carne e peixe	566,2	2,8	801,3	3,0	41,5	100,7	1,8	58,2
10	76	Aluminio e manufacturas de aluminio	525,8	2,6	682,8	2,5	29,9	245,0	76,2	85,1
Total dos principais capítulos			15.450,7	76,8	20.691,1	76,4	33,9	9.050,4	4.653,8	1.629,7
Resto			4.664,9	23,2	6.392,7	23,6	37,0	3.388,1	447,1	1.070,4
Total			20.115,6	100	27.083,8	100	34,6	12.438,5	5.100,9	2.700,1

(consulta: 1-03-2023)
Fonte: Ministerio de Industria, Comercio y Turismo. *ICEX Estacom*

3.3.3.

llóns de euros máis). Asemade, cómpre resaltar o incremento superior ao 30% tanto en Lugo como en Ourense, o que supón 185 e 202,4 millóns de euros máis, respectivamente. A provincia de Pontevedra é quen rexistra unha tendencia máis moderada, cun incremento do 8,1% (889,8 millóns de euros).

Tras esta evolución, a provincia da Coruña sitúase como a máis importante en termos de valor nominal das compras exteriores, acollendo o 50% das importacións galegas (13.549,3 millóns de euros), case once puntos máis que no ano anterior (39,1%). En 2022 Pontevedra retrocede ao segundo posto, ao acoller o 43,7% das importacións galegas (11.885,5 millóns), sendo esta porcentaxe do 54,7% no ano precedente.

Analizando o valor das importacións en función dos principais sectores de actividade, o **cadro 3.3.2.** reflicte que tódolos sectores económicos presentan crecementos interanuais positivos agás o automóbil e os bens de consumo duradeiro, situándose o subsector enerxético e o dos alimentos como os máis importantes en termos de valor.

Dunha banda, e tras unha medra interanual do 109,7%, as importacións de produtos enerxéticos ascenden a 5.540,9 millóns de euros, o que equivale ao 20,5% do total das importacións galegas, máis de dez puntos por riba do rexistrado no ano anterior. Ao mesmo tempo, descende o peso relativo do sector no total estatal, pasando do 8% de 2021 ata o 6,1% do último ano. O sector da alimentación mantense como o segundo en importancia en canto ao seu valor. Tras unha medra interanual do 34,7%, as compras exteriores ascenderon a 5.288,2 millóns de euros, o que representa o 19,5% do valor total das importacións galegas e o 10,2% das importacións españolas deste sector.

Doutra banda, tras unha redución das importacións do 7%, o sector do automóbil sitúase como terceiro sector en importancia, cun valor de 4.809,9 millóns de euros, o que representa o 17,8% do total de importacións galegas e o 12,4% das importacións españolas deste sector de actividade. A sinalada caída no sector do automóbil explícase tanto pola redución do 5,2% das compras exteriores de compoñentes de automóbiles (medrara un 17,3% no ano precedente) como do 12,8% das compras de automóbiles e motos (-14,5% en 2021).

Atendendo á distribución segundo capítulo importador, **cadro 3.3.3.**, o forte incremento dos prezos provoca que o capítulo máis importante en termos de valor sexa

Importacións e exportacións 2021-22: distribución segundo áreas xeográficas

	Importacións		Exportacións		Saldo comercial		Taxa de cobertura	
	2021	2022	2021	2022	2021	2022	2021	2022
			(en millóns de euros)				*(%)*	
Total	**20.115,6**	**27.083,8**	**25.269,6**	**29.886,1**	**5.154,0**	**2.802,3**	**125,6**	**110,3**
Europa	**11.929,4**	**14.413,4**	**20.515,5**	**24.634,2**	**8.586,1**	**10.220,9**	**172,0**	**170,9**
Unión Europea	10.474,0	12.438,5	17.987,1	21.857,3	7.513	9.419	171,7	175,7
EFTA	112,2	194,0	304,1	268,2	192	74	271,1	138,3
Europa oriental	472,8	637,8	248,6	204,8	-224	-433	52,6	32,1
Resto Europa	870,4	1.143,1	1.975,6	2.304,0	1.105	1.161	227,0	201,6
África	**2.218,1**	**3.066,7**	**1.486,6**	**1.596,4**	**-731,4**	**-1.470,3**	**67,0**	**52,1**
Africa do norte	1.451,4	1.938,7	1.254,8	1.384,8	-197	-554	86,5	71,4
África central	24,1	77,1	16,1	16,8	-8	-60	67,0	21,8
África occidental	295,8	482,7	61,7	71,8	-234	-411	20,9	14,9
África oriental	9,2	12,0	6,6	5,3	-3	-7	71,3	44,1
África austral	437,6	556,2	147,3	117,8	-290	-438	33,7	21,2
América	**3.279,0**	**5.045,3**	**1.764,5**	**2.059,7**	**-1.514,5**	**-2.985,6**	**53,8**	**40,8**
América do norte	1.349,7	2.071,9	752,3	937,7	-597	-1.134	55,7	45,3
Illas do Caribe	22,1	31,8	88,2	85,8	66	54	399,0	269,7
América central	531,7	1.002,3	287,4	415,6	-244	-587	54,1	41,5
América do sur	1.375,6	1.939,3	636,6	620,5	-739	-1.319	46,3	32,0
Asia	**2.581,8**	**4.404,9**	**1.077,2**	**1.436,3**	**-1.504,6**	**-2.968,6**	**41,7**	**32,6**
Próximo Oriente	25,4	279,7	161,8	245,9	136	-34	636,2	87,9
Península Arábiga	193,5	278,2	233,9	356,7	40	78	120,9	128,2
Asia central	0,1	2,4	7,0	11,1	7	9	5.154,7	456,7
Asia do sur	534,1	826,9	33,3	45,1	-501	-782	6,2	5,4
Lonxano oriente	1.524,6	2.390,5	523,3	569,9	-1.001	-1.821	34,3	23,8
Sudeste asiático	304,1	627,1	118,0	207,7	-186	-419	38,8	33,1
Oceanía	**97,4**	**153,5**	**330,5**	**43,8**	**233,1**	**-109,7**	**339,3**	**28,6**
BRICs	**2.023,7**	**3.290,9**	**452,8**	**482,4**	**-1.570,8**	**-2.808,5**	**22,4**	**14,7**

(consulta: 1-03-2023)
Fonte: Ministerio de Industria, Comercio y Turismo. *ICEX Estacom*

3.3.4.

o correspondente a "combustíbeis, aceites minerais" (27). Tras unha medra interanual do 109,7% (medra un 89,5% no ano precedente), as compras a terceiros países ascenden a 5.540,9 millóns de euros, o que supón o 20,5% das importacións galegas, máis de sete puntos por riba do experimentado no ano anterior (13,1%).

A continuación, por mor dunha caída superior ao 6% respecto ao ano anterior, sitúase o capítulo de "vehículos automóbiles, tractores, ciclos e demais vehículos terrestres, as súas partes e accesorios" (87), con 5.131 millóns de euros, o que representa o 18,9% do valor total das importacións galegas (27,2% no ano precedente). En terceiro lugar sitúase o capítulo correspondente a "peixes e crustáceos, moluscos" (03), con 2.664,9 millóns, un 17,2% máis que no ano anterior, o que representa o 9,8% das importacións de Galicia, punto e medio menos que en 2021. Os devanditos tres capítulos importadores acollen no seu conxunto o 49,2% do valor total das importacións galegas, dous puntos e medio menos que no ano anterior, o que reflicte a elevada concentración sectorial.

Segundo a área xeográfica e o país de orixe, as importacións galegas concéntranse principalmente nos 27 países da Unión Europea. Os datos recollidos no **cadro 3.3.4.** amosan que o 45,9% do valor total das compras exteriores procede da UE-27 (12.438,5 millóns de euros), porcentaxe máis de seis puntos inferior á do ano anterior (52,1%). O sector do automóbil determina que Francia continúe sendo o principal subministrador de Galicia, con 5.100,9 millóns de euros, seguida de Portugal, con 2.700,1 millóns. Estes dous países concentran o 28,8% das importacións galegas

cando no ano anterior esta porcentaxe ascendía a 36,2%.

O 78,6% das importacións de Francia e o 12,3% de Portugal corresponden ao sector de vehículos automóbiles, constituíndo o principal capítulo importador no caso de Francia e o segundo en Portugal tralo de fundición, ferro e aceiro (72), cun 15,8%.

Fóra da Unión Europea, o incremento máis importante corresponde ás compras no conxunto dos países do lonxano oriente, cunha medra de 866 millóns de euros (56,8%), América do Norte, cunha medra de 722,2 millóns de euros (53,9%), América do Sur, con 563,7 millóns (41%) e África do Norte, con 487,3 millóns de euros (33,6%). Entre os principais países non comunitarios cómpre mencionar que as importacións procedentes de China, o terceiro país en importancia, presentan unha medra interanual do 59,7%, superando este incremento tamén o 50% no caso dos Estados Unidos, que se mantén como cuarto país de orixe das mercadorías (medran un 11,2% e 175,5% no ano anterior). Como quinto país en importancia en termos de valor mantense Marrocos, que presenta unha medra do 3,2% respecto ao ano anterior, situándose esta porcentaxe no 32,2% en 2021.

• Exportacións ao exterior

O valor das exportacións de Galicia a terceiros países aumenta un 18,3% en relación ao ano anterior, acadando os 29.88,1 millóns de euros. Tendo en conta esta evolución, case cinco puntos inferior á rexistrada no conxunto do Estado, o peso das exportacións galegas sobre o total estatal descende ata o 7,7% (en 2021 situábase no 8%).

As catro provincias galegas rexistran incrementos na contía das súas exportacións, liderando novamente A Coruña o crecemento tanto en termos relativos como absolutos. Tras unha medra interanual do 29,4%, as vendas a terceiros países das empresas coruñesas ascenden a 14.830,5 millóns de euros, 3.373,1 millóns máis que no ano anterior, o que representa o 49,8% do valor total das exportacións galegas, case sete puntos superior ao rexistrado no ano anterior. Na provincia de Pontevedra as exportacións ascenden a 13.073,9 millóns de euros, o 43,8% do total galego (50,8% no ano anterior), o que supón unha medra interanual do 8,3% (1.001,3 millóns máis).


A provincia de Ourense presenta un incremento superior ao 20% respecto ao ano anterior (20,7%) impulsado polo comportamento do sector de alimentos (nomeadamente graxas e aceites e carne), acadando as exportacións un importe de 1.226,7 millóns de euros. Por contra, o menor dinamismo experiméntase en Lugo, cunha medra interanual do 4,4%, ascendendo o valor total das exportacións a 755 millóns de euros. Estas dúas provincias concentran o 3,7% e 2,7% do valor total das exportacións galegas, respectivamente (3,7% e 2,9% no ano anterior).

O sector de manufacturas de consumo, tras unha medra do 21,6%, vende ao exterior produtos por un valor de 7.829,5 millóns de euros, manténdose como o sector máis importante en termos de valor; superando ao sector do automóbil, que tras unha caída do 2% acada os 5.719,9 millóns de euros. Tras esta evolución o sector de manufacturas de consumo concentra o 26,2% das exportacións totais galegas en 2022, **cadro 3.3.2.**, situándose no 19,1% no caso do automóbil.

No que respecta á importancia relativa das exportacións no conxunto do Estado, o sector de manufacturas de consumo segue sendo o de maior peso en Galicia, co 22,8% do total de exportacións do sector no Estado, seguido do sector do automóbil, co 12,8% do total estatal, e de materias primas, cun 10,3%.

No **gráfico 3.3.5.** obsérvase a evolución das exportacións da industria do automóbil e do subsector téxtil-confección, situándose este como o principal sector en 2022, co 23,3% do valor total das exportacións galegas, porcentaxe superior á que supón o automóbil, co 19%. En relación ao rexistrado no ano anterior, cómpre mencionar o importante descenso do peso relativo no caso da automóbil, que concentraba o 23,1% das exportacións en 2021, aumentando por contra no caso do téxtil, que supuña o 22,8%.

Evolución do peso relativo das exportacións galegas do sector do automóbil e do téxtil-confección 2008-2022



(consulta: 1-03-2023)
Fonte: Ministerio de Industria, Comercio y Turismo. *ICEX Estacom*

3.3.5.

O capítulo de "Vehículos automóbiles, tractores, ciclos e demais vehículos terrestres, as súas partes e accesorios" (87) segue sendo o máis importante se tomamos como referencia a desagregación por capítulo arancelario (TARIC) (**cadro 3.3.6.**), que concentra o 23,1% das exportacións galegas (27,9% no ano anterior), seguido pola actividade téxtil de "Prendas de vestir, non de punto" (62), que acolle o 12% das vendas (11,4% en 2021), e o de "combustibles, aceites minerais" (27), que representa o 9,9%, catro puntos e medio máis que no ano anterior. Cómpre resaltar o significativo incremento experimentado polo sector enerxético, cunha medra interanual do 116,5% (1.590,3 millóns de euros máis), o que contrasta coa redución do valor das exportacións do sector do automóbil, cunha caída do 1,8% (129,8 millóns de euros menos).

En relación ao destino das exportacións galegas, cómpre resaltar o incremento da concentración xeográfica no último ano. Dunha banda, a Unión Europea concentra o 73,1% das exportacións galegas (21.857,3 millóns de euros), case dous puntos máis que no ano anterior. Xunto a este destino, o 6,9% das vendas a terceiros países diríxense ao continente americano (2.059,7 millóns), un 5,3% a África (1.596,4 millóns) ou un 4,8% a Asia (1.436,3 millóns de euros). Doutra banda, os cinco primeiros destinos das exportacións concentran en 2022 o 53,7% das exportacións galegas, máis dun punto por riba do rexistrado no ano precedente (52,6%), e os dez primeiros países case as tres cuartas partes (73,3% en 2021).

Por países, Francia segue sendo o principal destino das vendas de Galicia, con 5.389,1 millóns de euros (18% do total do valor das exportacións galegas a terceiros países, fronte ao 20,6% do ano anterior), seguido por Portugal, con 4.140,6 millóns, o 13,9% do total de exportacións de Galicia, un punto porcentual máis que en 2021. Comprado co ano anterior cómpre destacar o dinamismo das vendas aos Países Baixos, que rexistra o maior incremento tanto en termos absolutos (899,9 millóns de euros máis) como relativos (86%). Tras esta evolución, as exportacións aos Países Baixos ascende no último ano a 1.946,7 millóns, o que o sitúa como o cuarto destino dos produtos galegos (**cadro 3.3.7.**).

A pesar dos problemas experimentados no sector do automóbil, o principal capítulo exportador a Francia segue a ser o 87, Vehículos automóbiles, tractores, que concentra o 44% do total do valor das exportacións cara ese país e o 34,3% das exportacións galegas de vehículos. No ano anterior estas porcentaxes ascendían ata o 54,7% e 40,5%, respectivamente. No caso de Portugal, o principal capítulo exportador é o 27, Combustibles, aceites minerais, co 16,5% do total de exportacións a

Exportacións 2021-22: distribución segundo principais capítulos TARIC e destino

Nº	Cap.	Denominación	2008	2021		2022		22/21	22/08	2022		
										Unión Europea	Francia	Portugal
			(% / total)	*(en millóns de euros)*	*(% / total)*	*(en millóns de euros)*	*(% / total)*	*(%)*	*(%)*	*(en millóns de euros)*		
1	87	Vehículos automóbiles, tractores	37,1	7.041,6	27,9	6.911,7	23,1	-1,8	18,4	4.602,6	2.373,3	303,5
2	62	Prendas de vestir, non de punto	8,7	2.869,3	11,4	3.582,2	12,0	24,8	162,6	3.286,3	551,6	329,2
3	27	Combustibles, aceites minerais	3,6	1.365,0	5,4	2.955,3	9,9	116,5	428,2	2.452,7	366,5	684,2
4	61	Prendas de vestir, de punto	5,6	2.173,4	8,6	2.546,9	8,5	17,2	189,3	2.179,7	358,5	235,9
5	3	Peixes, crustáceos, moluscos	5,6	1.603,4	6,3	1.839,4	6,2	14,7	108,4	1.452,2	163,5	363,7
6	76	Aluminio e manufacturas de aluminio	2,0	787,6	3,1	956,1	3,2	21,4	201,2	792,3	213,9	227,0
7	16	Conservas de carne ou peixe	2,7	824,8	3,3	891,6	3,0	8,1	110,9	784,2	192,2	116,7
8	84	Máquinas e aparellos mecánicos	2,1	597,4	2,4	868,8	2,9	45,4	164,0	558,4	70,1	110,3
9	44	Madeira e as súas manufacturas	2,5	592,7	2,3	797,0	2,7	34,5	106,3	469,7	85,0	251,6
10	72	Fundición, ferro e aceiro	3,3	696,0	2,8	556,2	1,9	-20,1	7,5	485,1	51,3	221,7
Total dos principais capítulos			73,1	18.551,1	73,4	21.905,3	73,3	18,1	90,5	17.063,2	4.426,0	2.843,9
Resto			26,9	6.718,5	26,6	7.980,8	26,7	18,8	88,2	4.794,1	963,1	1.296,7
Total			100	25.269,6	100	29.886,1	100	18,3	89,9	21.857,3	5.389,1	4.140,6

(consulta: 1-03-2023)

Fonte: Ministerio Industria, Comercio y Turismo. *ICEX Estacom*

3.3.6.

Exportacións galegas 2021-22: ránkings segundo países de destino


		2021		2022		22/21	22/08
		(en miles de euros)	*(%)*	*(en miles de euros)*	*(%)*	*(%)*	*(%)*
1	Francia	5.206.035	20,6	5.389.086	18,0	3,5	-2,0
2	Portugal	3.249.591	12,9	4.140.580	13,9	27,4	66,0
3	Italia	2.437.695	9,6	2.807.504	9,4	15,2	197,3
4	Países Baixos	1.046.824	4,1	1.946.742	6,5	86,0	308,7
5	Alemaña	1.341.419	5,3	1.755.744	5,9	30,9	240,7
6	Reino Unido	1.307.967	5,2	1.518.711	5,1	16,1	188,4
7	Polonia	1.220.152	4,8	1.475.391	4,9	20,9	650,4
8	Bélxica	988.283	3,9	1.242.403	4,2	25,7	326,6
9	Marrocos	1.033.513	4,1	1.217.744	4,1	17,8	127,5
10	Estados Unidos	680.016	2,7	824.130	2,8	21,2	27,2
11	Grecia	438.332	1,7	673.067	2,3	53,6	146,5
12	Turquía	543.674	2,2	590.610	2,0	8,6	209,8
13	Irlanda	251.975	1,0	332.301	1,1	31,9	204,7
14	México	219.584	0,9	325.856	1,1	48,4	102,8
15	Rumanía	250.415	1,0	295.222	1,0	17,9	298,0
16	Suecia	210.872	0,8	239.971	0,8	13,8	129,5
17	Chile	248.122	1,0	228.437	0,8	-7,9	368,9
18	China	209.071	0,8	223.038	0,7	6,7	227,9
19	Israel	119.764	0,5	184.160	0,6	53,8	190,9
20	Xapón	165.921	0,7	180.327	0,6	8,7	93,6
5 primeiros países		13.281.563	52,6	16.039.656	53,7	20,8	61,6
10 primeiros países		18.511.493	73,3	22.318.036	74,7	20,6	84,1
20 primeiros países		21.169.222	83,8	25.591.027	85,6	20,9	92,3
Total		25.269.598	100,0	29.886.085	100,0	18,3	89,9

(consulta: 1-03-2023)

Fonte: Ministerio de Industria, Comercio y Turismo. *ICEX Estacom*

3.3.7.

Número de empresas exportadoras e exportadoras regulares en Galicia 2008-2022



Fonte: Ministerio de Industria, Comercio y Turismo. *ICEX, Perfil de los exportadores españoles*

3.3.8.

ese país (10,9% en 2021), e o 23,2% das exportacións galegas deses produtos (25,8% no ano precedente).

• Base exportadora

O número de empresas galegas que venderon parte dos seus produtos fóra de España redúcese en 2022 ata as 8.496, o que significa un descenso de 864 empresas respecto ao ano anterior (9,2% menos). Non obstante, fronte ao devandito descenso cómpre resaltar o incremento das denominadas empresas exportadoras regulares, aquelas que venden produtos fóra de España nos últimos catro anos de xeito consecutivo. O número de empresas exportadoras regulares no ano 2022 ascende a 2.655, un 3,4% máis que no ano anterior (87 empresas máis), o que supón o 31,3% do total de empresas exportadores. Este incremento contrasta coa caída do 3,5% experimentada no conxunto do Estado, sendo a caída do número total de empresas exportadoras significativamente superior á experimentada en Galicia: 19,4%. Tras esta evolución, Galicia concentra o 4,6% das empresas exportadoras regulares españolas e o 4,5% do total.

Centrándonos na análise das empresas exportadoras regulares, o que permite coñecer con maior realismo a evolución do tecido empresarial internacionalizado ao concentrar máis do 94% do valor total exportado (media do período 2008-2022), o **cadro 3.3.8.** amosa a tendencia positiva da evolución do número de empresas exportadoras. Dunha banda, dende o comezo da crise orixinada pola pandemia do coronavirus, o número de empresas medra un 4,1% (104 empresas máis), sendo esta porcentaxe do 30,4% (619 empresas) se o horizonte temporal se amplía a 2008. Con todo, este dinamismo é moito máis intenso no conxunto do Estado, onde o número de empresas medra nos dous períodos de tempo considerado un 8,2% e 44,6%, respectivamente.

Xunto ao devandito dinamismo, cómpre resaltar o feito do menor peso relativo das empresas exportadoras re-

Concentración de importadores regulares (por volume de exportación). Número de empresas e valor das exportacións

	2019		2020		2021		2022	
	Empresas	Importe	Empresas	Importe	Empresas	Importe	Empresas	Importe
		(en miles de euros)		*(en miles de euros)*		*(en miles de euros)*		*(en miles de euros)*
Menos de 5.000 €	273	0,5	300	0,5	301	0,6	308	0,5
% / total empresas regulares	10,9%	0,0%	11,9%	0,0%	11,7%	0,0%	11,6%	0,0%
Entre 5.000€ e 24.999€	338	4,2	370	4,6	351	4,5	346	4,4
% / total empresas regulares	13,5%	0,0%	14,7%	0,0%	13,7%	0,0%	13,0%	0,0%
Entre 25.000€ e 44.900€	188	6,7	185	6,7	188	6,7	193	7,1
% / total empresas regulares	7,5%	0,0%	7,3%	0,0%	7,3%	0,0%	7,3%	0,0%
Entre 50.000€ e 499.999€	649	128,4	658	131,7	635	122,4	643	131,4
% / total empresas regulares	26,0%	0,6%	26,1%	0,6%	24,8%	0,5%	24,2%	0,5%
Entre 500.000€ e menos de 5 millóns	716	1.301,4	694	1.230,4	730	1.294,5	786	1.488,6
% / total empresas regulares	28,7%	6,1%	27,5%	6,1%	28,5%	5,3%	29,6%	5,3%
Entre 5 e menos de 50 millóns	282	3.907,4	263	3.778,5	297	4.127,8	306	4.498,5
% / total empresas regulares	11,3%	18,4%	10,4%	18,6%	11,6%	17,0%	11,5%	16,0%
Entre 50 e menos de 250 millóns	42	4.502,7	43	4.445,4	51	5.214,7	57	6.275,7
% / total empresas regulares	1,7%	21,2%	1,7%	21,9%	2,0%	21,5%	2,1%	22,4%
250 millóns ou máis	9	11.396,8	7	10.667,0	11	13.467,6	14	15.653,5
% / total empresas regulares	0,4%	53,6%	0,3%	52,6%	0,4%	55,6%	0,5%	55,8%

Fonte: Ministerio de Industria, Comercio y Turismo. *ICEX, Perfil de los exportadores españoles*

3.3.9.


gulares no total de empresas exportadoras. En concreto, en 2022 as empresas que levan catro ou máis anos vendendo os seus produtos fóra de España de xeito consecutivo representan o 31,3%, porcentaxe que se sitúa no 35,6% en 2019 e no 41,5% ao comezo da crise económica e financeira de 2008. Por contra, no conxunto do Estado o peso relativo aumenta entre os anos 2019 e 2022, pasando 25,3% a 30,2% en 2022, en tanto que no ano 2008 a súa importancia relativa era do 39,1%.

A provincia de Pontevedra é a que conta cun maior número de empresas que exportan con regularidade, acollendo en 2022 o 58,7% das empresas exportadoras regulares en Galicia (1.558 compañías) fronte ao 30,8% da Coruña (817 empresas), situándose estas porcentaxes no 58,1% e 27,4% no ano 2019, respectivamente. Por contra, as empresas con sede na Coruña concentran o 50% do valor das exportacións galegas regulares fronte ao 43,1% en Pontevedra (49,7% e 43,5% en 2019). Ourense e Lugo concentraría no último ano case o 10% e 7% das empresas exportadoras regulares galegas e o 4% e 2,4% da contía das exportacións.

No concernente á análise segundo tramos de exportacións, no ano 2022 o 11,6% das empresas galegas exportadoras regulares fíxoo por un importe inferior a 5.000 euros; rexistrándose a maior proporción de sociedades que venden os seus produtos en terceiros países naquelas que facturan entre medio millón e menos de cinco millóns, cun 29,6%; seguido das que facturan entre 50.000 euros e menos de 500.000 euros, que concentran o 24,2%. En conxunto, as empresas galegas que exportan regularmente e facturan entre 50.000 euros e medio millón (53,9%) concentran no último ano tan só o 5,8% do importe das vendas ao exterior. En contraposición, as 14 empresas que en 2022 facturan más de 250 millóns de euros representan tan só o 0,5% das empresas exportadoras regulares e concentran o 55,8% do valor total das exportacións deste tipo de compañías.

A devandita concentración apréciase máis claramente no **cadro 3.3.10.**. As cinco primeiras empresas exportadoras concentran no último ano o 39,6% da exportación galega ascendendo esta porcentaxe ata o 48,5% se se consideran as dez primeiras empresas, valores que se sitúan tan só no 10,8% e 15,6% no conxunto do Estado. A pesar desta elevada importancia relativa, estes valores son os máis reducidos de toda a serie considerada,

Porcentaxe acumulado de exportación en Galicia segundo número de exportadores (ordenados por volume de exportación) 2008-22



Fonte: Ministerio de Industria, Comercio y Turismo. *ICEX, Perfil de los exportadores españoles*

3.3.10.

Empresas galegas exportadoras a terceiros países 2021-22: distribución segundo grandes sectores

	2008		2019		2021		2022 (1)		22/21		22/08		G/E
		(%)								(%)		(%)	(%)
Sectores económicos (2)	2.036	100	2.551	100	2.568	100	2.655	100	87	3,4	619	30,4	4,6
Agroalimentarios	446	21,9	510	20,0	506	19,7	515	19,4	9	1,8	69	15,5	6,0
Bebidas	105	5,2	216	8,5	217	8,5	235	8,9	18	8,3	130	123,8	8,5
Bnes de consumo	394	19,4	465	18,2	490	19,1	496	18,7	6	1,2	102	25,9	3,1
Produtos industriais e tecnoloxía	1.386	68,1	1.793	70,3	1.930	75,2	1.986	74,8	56	2,9	600	43,3	4,5

(1) datos 2022 son provisionais
(2) O número total de empresas é inferior á suma de empresas desagregadas porque unha mesma empresa pode exportar en varios sectores
(3) Sectores con maior número de empresas, o resto está sumado en outros.
Fonte: Ministerio de Industria, Comercio y Turismo. *ICEX, Perfil de los exportadores españoles*

3.3.11.

de xeito que en 2008 as cinco primeiras empresas exportadoras concentraban o 47,9% das exportacións fronte ao 43,5% en 2019, e no caso das dez primeiras empresas, o 53,9% e 52,2%, respectivamente.

Atendendo á distribución segundo grandes sectores, os datos do ICEX sobre empresas regulares sinalan que o 74,8% das empresas que venden os seus produtos fóra de España de xeito regular pertencen ao sector de produtos industriais e tecnoloxía (1.986 empresas) fronte ao 19,4% do sector agroalimentario (515 empresas). En relación ao ano anterior cómpre salientar o incremento do 8,3% das expresas de bebidas (18 empresas máis), así como o de produtos industriais, con 56 empresas máis (2,9%). Comparado coa situación no ano 2008, os catro grandes sectores recollidos no **cadro 3.3.11.** presentan unha medra do número de empresas, destacando o sector de bebidas, con 130 empresas máis

Actuacións do Plan FOEXGA 2021-22 (1)

Área xeográfica

	2021		2022	
		(% /total)		*(% /total)*
Europa	28	41,18	28	41,18
Asia	15	22,06	15	22,06
África	7	10,29	7	10,29
América do Sur	5	7,35	5	7,35
América do Norte	3	4,41	3	4,41
Centroamérica	6	8,82	6	8,82
Illas do Caribe	2	2,94	2	2,94
Oceanía (Pacífico)	2	2,94	2	2,94
Total países	**68**	**100**	**68**	**100**

Actividades por cámara de comercio

	2021		2022	
	Accións	**Participantes**	**Accións**	**Participantes**
A Coruña	10	58	28	207
Pontevedra,Vigo e Vilagarcía	19	65	44	218
Santiago de Compostela	9	36	15	45
Total	**38**	**159**	**87**	**470**

Accións por tipo

	2021		2022	
	Misións comerciais	**Particip. en feiras**	**Misións comerciais**	**Particip. en feiras**
A Coruña	8	2	18	10
Pontevedra,Vigo e Vilagarcía	15	4	37	7
Santiago de Compostela	5	4	8	7
Total	**28**	**10**	**63**	**24**

(1) A liña está en proceso de liquidación. Os nomes, número de empresas participantes finais así como distribucion sectorial e contribución Xunta exacta non se coñece ata finalizar este proceso.
Fonte: IGAPE

3.3.12.

(123,8%) e o dos bens de consumo, con 102 empresas máis 825,9%).

No que respecta ás medidas públicas de fomento da internacionalización das empresas galegas, o **Plan Foexga** ten entre os seus obxectivos acadar a internacionalización real das empresas galegas, propiciar a comercialización dos seus produtos no exterior así como difundir a cultura da internacionalización como ferramenta de progreso e competitividade (**cadro 3.3.12.**).

No marco do Plan Foexga, as distintas Cámaras de comercio de Galicia levaron a cabo ao longo do ano 2022 un total de 125 accións (91 misións comerciais e 34 participacións en feiras) desenvolvidas en 69 países e que se corresponden a máis de 300 empresas. A contribución da Xunta de Galicia ascenderá a un máximo de 2.211.677,08€ (liña subvencionada ao 90%).

Segundo os datos facilitados polo IGAPE, o principal destino das accións desenvolvidas segue a ser Europa, con 29 países, seguida de Asia (13), Centro América (9), África (7) e América do Sur (5).

Por Cámaras de comercio, a actividade no 2022 foi a seguinte:

- A Coruña:858 accións organizadas, das que 18 corresponden a misións comerciais (1 virtual) e as 10 restantes a participacións en feiras; catro vinculadas ao sector da moda, tres ao sector agroalimentario, dúas á construción e outra ao sector de enerxías renovables.
- Vigo: organizáronse un total de 44 accións das que 37 corresponden a misións comerciais (unha virutal) e 5 a participacións en feiras internacionais. Do total de exposicións e feiras, dúas están relacionadas coa innovación, e unha co ámbito da pedra

Investimento estranxeiro bruto (1) en Galicia e España 2022: distribución segundo actividade

	Galicia		España		Galicia / España
	(en miles de euros)	*(% / total)*	*(en miles de euros)*	*(% / total)*	*(%)*
Total subsectores	**172.002,8**	**100**	**36.543.177,9**	**100**	**0,5**
23 Fabricación doutros productos minerais non metálicos	123.795,2	72,0	950.980,3	2,6	13,0
90 Actividades de creación, artísticas e espetáculos	14.028,6	8,2	67.422,8	0,2	20,8
65 Seguros, reaseguros, fondos pensión agás Seg. Social	10.499,9	6,1	593.261,1	1,6	1,8
62 Programación, consultoría, outras actividades relacionadas	9.595,0	5,6	1.877.355,9	5,1	0,5
35 Subministro de enerxía eléctrica, gas, vapor e aire	3.800,0	2,2	3.360.450,3	9,2	0,1
68 Actividades inmobiliarias	2.382,5	1,4	2.235.754,4	6,1	0,1
46 Comercio maiorista e interm. Comercio, agás vehículos motor	1.072,2	0,6	1.356.155,8	3,7	0,1
17 Industria do papel	1.000,0	0,6	1.586,3	0,0	63,0
72 Investiación e desenvolvemento	963,2	0,6	823.153,4	2,3	0,1
41 Construción de edificios	875,9	0,5	618.737,0	1,7	0,1
77 Activiades de aluguer	663,6	0,4	300.142,8	0,8	0,2
15 Industria do coiro e do calzado	605,0	0,4	608,0	0,0	99,5
43 Actividades de construción especializada	490,0	0,3	206.223,1	0,6	0,2
49 Transporte terrestre e por tubería	450,0	0,3	675.062,3	1,8	0,1
55 Servizos de aloxamento	415,3	0,2	987.696,1	2,7	0,0
14 Confección de prendas de vestir	335,0	0,2	18.259,4	0,0	1,8
64 Servizos financeiros, agás seguros e fondos de pensión	278,0	0,2	582.457,0	1,6	0,0
56 Servizos de comida e bebida	271,4	0,2	82.765,2	0,2	0,3
66 Actividades auxiliares ós servizos financeiros	138,0	0,1	587.225,7	1,6	0,0
Outros	344,1	0,2	21.217.881,0	58,1	0,0

(consulta: 22-3-2023)
(1) Operacións ETVE e non ETVE
Fonte: Ministerio de Industria, Comercio y Turismo. *Datainvex*

3.3.13.

natural, maquinaria industria peixe; maquinaria sector agroalimentario; industria e o sector agroalimentario.

• Santiago de Compostela: 16 accións organizadas (8 misións comerciais e 7 participacións en feiras). Destas feiras, tres relaciónanse co ámbito biotecnolóxico e co sector agroalimentario, e unha coa pesca.

Investimento galego no exterior e estranxeiro en Galicia

Os datos dos que dispoñemos para analizar o investimento galego no exterior e estranxeiro en Galicia son os que proporciona o Rexistro de Investimentos Exteriores desagregados territorialmente, e son datos que fan referencia exclusivamente ao investimento bruto estranxeiro en Galicia que recolle as operacións de non residentes que supoñan:

– Participación en sociedades galegas non cotizadas.
– Participación superior ao 10% en sociedades galegas cotizadas.
– Constitución ou ampliación de dotación de sucursais de empresas estranxeiras.
– Outras formas de investimento en entidades ou contratos rexistrados en Galicia (fundacións, cooperativas, agrupacións de interese económico) nas que o capital investido sexa superior a 3.005.060,25 €.

Segundo os datos recollidos no Rexistro de Investimentos Exteriores, o investimento bruto estranxeiro en Galicia descendeu en 2022 ata os 172 millóns de euros, o que supón un 22,9% menos que no ano anterior (51 millóns). Esta caída contrasta co incremento do 12,9% rexistrado no conxunto de España, de xeito que descende o seu peso relativo no total estatal ata o 0,5%, dúas décimas inferior ao do ano precedente. A Comunidade de Madrid concentra o 52,6% do investimento fronte ao 15,2% do País Vasco e o 11,3% de Cataluña.

Investimento bruto (1) de Galicia e España no exterior 2022: distribución segundo actividade económica

	Galicia		España		Galicia / España
	(en miles de euros)	*(% / total)*	*(en miles de euros)*	*(% / total)*	*(%)*
Total	**2.354.729,5**	**100**	**31.155.360,2**	**100**	**7,6**
41 Construción de edificios	1.318.780,2	56,0	2.249.947,2	7,2	58,6
68 Actividades inmobiliarias	856.650,4	36,4	1.068.475,0	3,4	80,2
46 Comercio maior e interm. comercio, agás vehículos motor	57.421,2	2,4	702.640,6	2,3	8,2
03 Pesca e acuicultura	36.399,0	1,5	39.339,6	0,1	92,5
23 Fabricación doutros productos minerais non metálicos	25.000,0	1,1	7.141.384,4	22,9	0,4
42 Enxeñería civil	22.692,6	1,0	309.553,5	1,0	7,3
55 Servizos de aloxamento	18.238,7	0,8	134.505,2	0,4	13,6
70 Act. Sedes centrais; Activ. Consultoría e xestión	13.451,7	0,6	111.629,9	0,4	12,1
47 Comercio polo miudo, agás vehículos motor	2.863,2	0,1	70.455,5	0,2	4,1
35 Subministro de enerxía eléctrica, gas, vapor e aire	1.492,5	0,1	3.506.456,9	11,3	0,0
64 Servizos financeiros, agás seguros e fondos de pensión	727,7	0,0	5.478.309,6	17,6	0,0
43 Actividades de construción especializada	654,0	0,0	62.150,5	0,2	1,1
56 Servizos de comidas e bebidas	351,3	0,0	22.895,3	0,1	1,5
Outros	7,1	0,0	10.257.617,2	32,9	0,0

(consulta: 22-3-2023)
(1) Operacións ETVE e non ETVE
Fonte:Ministerio de Industria, Comercio y Turismo. *Datainvex*

3.3.14.

O principal país investidor en Galicia no último ano foi Canadá, con 123,8 millóns de euros, o que supón o 72% do total investido na Comunidade Autónoma, seguido polo Reino Unido, con 15,6 millóns de euros (9,1%), e Francia, con 10,8 millóns de euros (6,3%).

Tal como se observa no **cadro 3.3.13.**, dende un punto de vista sectorial, destaca o subsector de fabricación doutros produtos minerais non metálicos (CNAE 23), que concentra o 72% do total de investimento en Galicia, por diante das actividades de creación artística e espectáculos (CNAE 90), co 8,2%. Atendendo ao seu peso relativo no total estatal destacan as actividades industriais de coiro e calzado (CNAE 15), que acollen o 99,5% do total estatal, a industria de papel (CNAE 17), co 63%, e as devanditas actividades de creación artística e espectáculos (CNAE 90), cun 20,8% do total.

No que respecta ao investimento bruto de Galicia no estranxeiro, **cadro 3.3.14.**, no último ano ascende a 2.354,7 millóns de euros (197,3 millóns no ano precedente), o que sitúa a Galicia como a segunda Comunidade Autónoma que máis inviste no estranxeiro, tras Madrid. Tras este incremento, o seu peso relativo no total estatal situouse no 7,6%, o que supón o peso máis elevado dende o comezo da crise económica e financeira de 2008 (0,3% no ano precedente).

Estados Unidos concentra o 53,5% do investimento galego no estranxeiro no último ano, con 1.259,9 millóns de euros, seguidos por Canadá, co 22,3% (526,1 millóns) e o Reino Unido, que supón o 11,3% (266,9 millóns de euros).

O sector máis importante en termos de investimento no exterior é novamente o de construción de edificios (CNAE 41), con 1.318,8 millóns de euros, que representa o 56% do investimento no estranxeiro de Galicia, así como case o 60% do total investido por esta actividade no estranxeiro no conxunto do Estado (58,6%). A continuación situaríase o subsector de actividades inmobiliarias (CNAE 68), con 856,7 millóns de euros, o 36,4% do investimento total galego (o 80,2% do investido por España neste sector). ❑